20 abril
maio
xunio 1968

GRIAL



MICAELA MISIEGO: Ormr i auga.

PILAR VÁZQUEZ CUESTA: Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez.

XOSÉ MANUEL BEIRAS: Vicente Risco e nós. Notas pra *unha leria*.

X. A. PORTO DAPENA: Poesía coreán en galego.

PAUL CLAUDEL: Vía Crucis.

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA: Dialéctica e Poesía.

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ: Valle-Inclán y la Pardo Bazán.

VIGO

GRIAL REVISTA GALEGA DE CULTURA
N.º 20 — ABRIL, MAIO, XUNIO 1968

SUMARIO

ENSAIOS — Páxinas

Ormr i auga, por MICAELA MISIEGO 129

Sobre la lira lusitana de Curros Enríquez: Poesías perdidas y nuevamente halladas, por PILAR VÁZQUEZ CUESTA . 149

Vicente Risco e nós. Notas pra unha leria, por XOSÉ MANUEL BEIRAS 162

ESCOLMA

Poesía coreán en galego, por XOSÉ-ÁLVARO PORTO DAPENA 184

"Vía Crucis", de Paul Claudel, trad. de XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE 194

PENEIRA DOS DÍAS

Dialéctica e Poesía: Sobre un libro de X. L. Franco Grande, por X. M. LÓPEZ NOGUEIRA 200

Valle-Inclán y la Pardo Bazán: "Divinas palabras" y "El tetrarca en la aldea", por EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ ... 212

Carta a un mozo galego de hoxe, por X. L. FRANCO GRANDE 217

Encol dun arte social, por COSME BARREIROS 223

Epistolario de Valle-Inclán: Dez cartas dirixidas a Pérez Galdós 225

Dous Contos, por MARÍA CAMINO NOYA CAMPOS 230

LIBROS, por R. PIÑEIRO, SALVADOR LORENZANA, BASILIO LOSADA, X. M. B., X. L. F. G., L. S., PATRICIO MOR 232

O REGO DA CULTURA 248

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN
Editorial Galaxia — Reconquista, 1 — Vigo

Director periodista: Anxel Sevillano. — Codirectores: Ramón Piñeiro López e Francisco Fernández del Riego. — Consello de Redacción: R. Carballo Calero - D. García Sabell - C. Fernández de la Vega S. M. López Nogueira - M. Dónega Rozas - Camilo G. Suárez Llanos Basilio Losada Castro - Ricardo García Suárez.

ORMR I AUGA *

> ..."E, cando se leve a un bruxo á súa execución, compre taparlle os ollos, porque ó morrer as súas olladas poden estar carregadas de meigallo"...

Esa era a creencia popular noruega nunha moi avanzada Edade Media, cando o cristianismo entrara xa nas misteriosas terras do norde, unha creencia que tiña as súas raíces nunha tradición tan vella como os mesmos pobos que a compartían.

Nefeito, xa nas primeiras noticias que se teñen dos xigantes do norde César, Quintiliano e Tácito describen a súa enorme talla, realmente xigantesca ós ollos dun román; describen o seu carís salvaxe, que atemorizaba mesmo ós seus veciños xermanos da outra banda do Rhin, i o seu pelo loiro ou arrubiado que levaban longo e flotante como siño esterno de libertade. En todas estas descripcións hai, nembargantes, un punto no que o historiador insiste sempre ó falar do temor que os homes do norde inspiraban ós demáis xermanos: todos iles coinciden en afirmar que o seu carís salvaxe residía, sobre todo, nos ollos, azules e metálicos. Tácito na súa "Germania" di que teñen "truces et caeruli oculi" e, inda que algús comentaristas modernos, como Víctor Hehn, coidan que esta ferocidade haina nos ollos de todolos nómadas, o certo é que foi unha caraiterística escandinava deica tempos recentes e foi conocida entre iles, dende os tempos máis antergos, como *ormr i auga,* a serpe nos ollos.

Deica o cabo do século derradeiro, a denominación "homes do norde" ou a máis corrente de vikingos, evocaba somentes imaxes de

---

* Un dos temas interesantes da historia medieval galega é o das incursións vikingas na nosa terra. Pra actualizar o conocemento do problema, situando os episodios galaico-vikingos dentro dos resultados a que ten chegado a moderna investigación sobre os normandos, solicitamos da profesora Micaela Misiego, especializada no estudo da literatura saxona, un traballo de conxunto que nos informe sobre a verdadeira persoalidade histórica dos normandos e que, ó mesmo tempo, nos dea a conocer as referencias galegas nas fontes literarias escandinavas. Publicamos eiquí a primeira parte do traballo. Próisimamente publicaremos a segunda parte, na que además da información xeneral sobre o contido, o valor i o sifiificado das *sagas* fai un estudo especial da "Olafs Saga Ins Helga", de Snorri, con inclusión dos fragmentos que conteñen as referencias a Galicia.

roubos, invasiós e incendios, de piratas en barcos alongados e curvos, armados con un machado e unha espada, atacando unha beiramar ou os pobos das ribeiras dos ríos navegables. Esto, ó cabo, é o que os seus poetas celebran, inda que non seña máis que un só aspecto da súa actividade. O certo é que, deica unha data relativamente recente, as únicas noticias que se tiñan do movemento vikingo procedían case esclusivamente dos cronistas medieváis latinos, que escribían en mosteiros i outros centros de estudo semellantes, i hai que lembrar que eran istes centros os que, por razón da súa situación, sofriron máis continuamente os ataques vikingos; por eso se lles consideróu somentes como piratas, nas crónicas fálase esclusivamente da súa crueldade e da súa violencia, e se lles describe coma homes brutás e xotos que mataban e destruían con bárbara ferocidade á percura de botín i aventuras.

Os fragmentos que conteñen as descripciós distes ataques amosan eisaxeraciós evidentes, cousa que non é sorprendente; os escritores eran xeneralmente eclesiásticos e, sendo tamén as principáis víctimas dos vikingos, é improbable que poideran presentar unha visión equilibrada e imparcial dos seus atormentadores. Non hai razón pra dudar da veracidade, en xeneral, das súas esplicaciós sobre os movementos de grupos vikingos, inda que hai moita base prá duda e pra sospeitar eisaxeraciós na súa descripción do tamaño e destructividade das bandas atacantes. Aparte da tendencia natural e humana de escusar derrotas i engrandecer victorias aumentando a forza e violencia do enemigo, istes eclesiásticos tiñan aínda outro motivo pra representar os ataques como un desastre asoballante i é que, ós seus ollos, eran a materialización do furor de Deus sobre unha xeneración que semellaba tender a esquecer as súas obrigas pra coa eirexa.

Como veremos, non hai desgraciadamente fontes contemporáneas escandinavas con que comparar os escritos cristiás, i este é o maior atranco pra poder facer un xuicio equilibrado do período vikingo, dos motivos e consecuencias da súa actividade. As fontes árabes son de pouca axuda niste aspecto i os escritos rusos i escandinavos non empezan hastra o século XI. O valor histórico das sagas islandesas, como se verá máis adiante, é leve, pro é o reconto con máis colorido e detalle que poseemos. Os únicos escritos escandinavos que quedan da mesma época son inscripciós rúnicas e mesmo estas escasean antes do século XI. As tradiciós vikingas escribíronse por primeira vez moito despóis da conversión de Escandinavia ó cristianismo i é por eso que se conservan en textos tales como as sagas islandesas.

Aparte destas, a maior variedade de noticias do período vikingo procede do imperio carolinxio i os reinos que o sucederon. Houbo alí, como en Irlanda, varios conxuntos de anáis compilados naquela época, que poden completarse con cartas e capítulos de concilios, vidas de santos, poemas e coleiciós de milagros nas cales o poder da relixión pra prevenir un ataque vikingo é, de vez en cando, anotado. Os escritores son, polo tanto, eclesiásticos na súa maioría e nos seus in-

tereses restrínxense non simplementes á súa eirexa, senón, a menudo, á rexión onde viven.

O efecto acumulativo de queixas e léndas tardías, mala interpretación de probas lingüísticas e arqueolóxicas i aceptación indudable das consecuencias dos ataques, deu como resultado a afirmación terminante da abrumadora destructividade dos vikingos, que é agora aceptada ampliamente e tratada por algús como virtualmente axiomática. Esta convicción fondamente arraigada de que os vikingos chegaban en grandes exércitos i esparexían só desolación con un salvaxismo sin paralelo, dificulta seriamente todo intento de determinar a verdadeira natureza i estensión da amenaza vikinga. En primeiro lugar temos o problema da entidade cuantitativa das bandas atacantes que é, básicamente, un problema de tradución. Por exemplo, abonda con tomar unha das primeiras narracións escritas, a Crónica Anglosaxona.

A Crónica usa o termo *here* pra nomear as bandas atacantes i o termo *fyrd* prás forzas armadas inglesas. Ó traducir *here* soe darse normalmente como exército ou hoste, i ambas palabras son equívocas. Os exércitos modernos son instrumentos de guerra que poden constar de dúceas ou centenas de mílleiros de homes, i é difícil evitar esta imaxe cando se usa aquela palabra. Hoste, da mesma maneira, implica unha moitedume. O pouco apropiado desta tradución pódese ver nun pasaxe das leis do rei anglosaxón. Ine, de comenzos de século VII, preservadas nun manuscrito copiado durante o reinado de Alfredo o Grande. Di así: "Hastra sete homes, chamamos un *thieve;* de sete a trinta e cinco, un *band;* máis de ésto, é un *here*".

Dende logo, esta definición é cáseque douscentos anos anterior ós ataques, pro dá unha idea máis clara do que no século IX podía siñificar un *here* que as palabras modernas exército ou hoste. Si tres dúceas de homes podían formar un *here,* é moito mellor non chamar a iste grupo un exército. Ás veces, en traduciós, áchase "o exército danés", e cando a Crónica menciona un *micel here* tradúcese como o gran exército danés, i este uso, como si fora o título daquil *here* en particular, é infortunado. A Crónica describe certamente ós atacantes de 865 como *micel here;* e, nembargantes, en anos posteriores, o mesmo grupo é descrito, simplemente, como *here.* O cal mostra que, en lugar de ser realmente un exército danés, o grupo que chegóu aquil ano foi unha banda numerosa pra o escritor da Crónica.

A pesar das eisaxeracións contemporáneas, é indudable que os vikingos fixeron moito dano, inda que é difícil xuzgar o que realmente se fixo. As Eirexas foron, sin duda, saqueadas, danadas i a menudo destruídas, as cidades foron roubadas e houbo gran cantidade de mortos. E, con todo, en ocasiós é imposible non pensar que quizáis os contemporáneos falan de destrución e ruína cando o dano foi menor e posiblemente axiña reparado. Un exemplo axudará a comprender mellor esta opinión. É indudable que os vikingos sentíanse atraídos por cidades tanto como por eirexas, porque ambas eran fontes de botín e, en xeneral, ambas se achaban mal protexidas. Pro

esta atraición semella telos levado ó pillaxe máis que á destrución por si mesma. O exemplo mellor pode ser o de Dorestad, un centro comercial de Frisia. Os anáis de St. Bertin describen toda a serie de ataques: en 834 foi roubada; en 835, destruída; en 836, despoboada; en 837 eisixíuse tributo dos seus escasos e arruinados habitantes e, según os mesmos anáis, a cidade sofríu aínda outros ataques antes do 863, en que foi finalmente destruída, non polos vikingos, senón polo Rhin, que se desvíou do seu curso e alagouna. Pode ser que os vikingos impediran a súa completa recuperación, pro esto non é o mesmo que decir que a destruíron totalmente. Dorestad sobrevivíu i o feito de que as cecas francas continuaran acuñando moeda aparentemente durante todo o século IX, suxire que non foi aquela a única cidade que o fixo.

E, nembargantes, iste hábito de culpar ós vikingos ten raíces de fonda tradición que, unida á creencia eclesiástica de que os atacantes eran o azoute da cristiandade, fixo que se vira niles a esplicación clara da desaparición da disciplina monástica e de edificios e riquezas. É de moita importanza, si se quere medir a amenaza vikinga polas súas consecuencias, tomar en consideración somentes aquelo que se poida probar e non aceptar argumentos basados únicamente en hipótesis. No que a Inglaterra se refire, nin a decadencia na erudición nin o colapso das órdes monásticas semellan ter moito que ver cos vikingos. No continente europeo, é probable que a desaparición de mosteiros da parte que máis tarde se chamóu Normandía fora un resultado máis directo da aparición dos nórdicos, inda que, mesmo alí, non debe asumirse que a desaparición de un mosteiro siñificara a súa destrucción física, xa que a simple amenaza do ataque foi ás veces abondo pra persuadir a algunhas comunidades á fuxida.

Adoita citarse como proba de que os vikingos destruíron o orden eclesiástico a interrupción de algunhas sucesiós de bispos en Inglaterra e Normandía, inda que estas interrupciós non siñifican simplementes que os bispos foran mortos; ás veces fórono, a menudo en batalla, pro outros fuxiron. Non todos. Os arcebispos de York, por exemplo, non abandonaron a súa xente; ficaron i entablaron negociaciós cos vikingos que gobernaban a súa cidade.

Tocante ó caráiter sanguinario dos homes do norde, compre lembrar que nin os escandinavos nin os pobos da Europa ocidental eran alleos á guerra i ó derramamento de sangue, e guerras e campañas enchen as crónicas do mundo cristián antes de que os vikingos penetraran nil. Entre familias ou entre reinos, a loita foi unha esperiencia común fundada en innumerables motivos, cantados a menudo polos poetas que louban, como virtude máis apreciada, a lealtade do guerreiro ó seu señor i a súa habelencia no uso das armas. E, nas probas escritas que nos quedan, non hai nada que diferencie á sociedade escandinava do mundo cristián no tocante a guerras e violencias. A diferencia está no modo de contalo, porque as crónicas i anáis do mundo cristián soen dar noticias das batallas propias anotando a victoria ou derrota de algún rei e moi raras veces, como no caso de Gregorio de Tours ou do Venerable Beda, deixan ver algo da destrución,

o sofremento i a miseria que tales conflictos levan consigo. Ó describir os ataques vikingos danse abundantes noticias da destrución que producían e debe verse que esto non foi porque iles fixeran máis dano, senón porque eran pagáns e atacaban as eirexas que, en xenera!, os seus contrarios cristiáns respeitaban. Estas atopáronse daquela por primeira vez espostas ó pillaxe xeneral a mans de bandas armadas, contra as cales a única cousa efeitiva era unha defensa ben preparada i un exército preparado a loitar. Si esto non existía, pedían un tributo, e si iste non era pagado, a eirexa era saqueada. E podía que, además, non toda a poboación lles fora hostil, poisque pra algús deberon ser só unha complicación máis no seu conxunto de retesías e loitas, outros pasáronse ás súas fías e algús reis francos empregáronos pra loitar contra outros, como último recurso. I é importante lembrar, tamén, que moitos ataques foron motivados pola cobiza de terra máis que de botín.

Os vikingos eran pagáns i estranxeiros. E, inda que non variaron a súa actuación nin as súas tendencias, deixaron de ser considerados como amenaza terrible no intre en que deixaron de ser ambas cousas, inda que como normandos e cristiáns seguiran a mesma política de loita á percura de terras, riquezas e gloria.

Dende finái̇s do século pasado, abríronse novos camiños pra o estudo e comprensión da súa civilización. O primeiro factor decisivo pra elo foi o conocemento a fondo da literatura escandinava, que pode reunirse en tres grupos de fontes nativas: 1) as sagas en prosa i a "Historia Dánica" de Saxo Grammaticus; 2) os Eddas, e 3) os poemas dos escaldas. As sagas en prosa e Saxo pertenecen a unha época considerablemente posterior á vikinga, pro transmítennos un valioso conxunto de datos daquil período. Os poemas máis antergos dos Eddas pertenecen ó propio momento vikingo e conteñen unha información de valor incalculable sobre a relixión i a mitoloxía dos pobos escandinavos da época, sobre as narracións heroicas que poseían e sobre a súa visión xeneral da vida. Os poemas dos escaldas son, en certo modo, quizáis a fonte histórica máis valiosa pra o período. Os *skalds* ou poetas da corte formaban parte do acompañamento dos reis e nobles ou *jarls*, compartían as súas aventuras, ensalzaban as súas victorias e compoñían cantos de lamento á morte do seu señor en escritos que son, xeneralmente, contemporáneos dos sucedos.

Un segundo factor, de conclusións aínda quizáis máis decisivas, é o rápido avance que a arqueoloxía ten feito nistes derradeiros tempos. Os achádegos dos arqueólogos dende mediados do século pasado deica hoxe teñen proporcionado a cantidade necesaria de feitos concretos pra reconstruir a civilización material do período vikingo de maneira moito máis segura que o que podía facerse a partir dos detalles fragmentarios esparexidos nas sagas i outros poemas. Naturalmente, o que máis se presta á investigación son as tumbas. Atopáronse milleiros delas en Escandinavia, o mesmo que en países nos que os escandinavos eran entón habituáis visitantes. Hainas de varias clases, pra cremación ou inhumación, marcada por mámoas, ás

veces; outras, en terreo chan. Algunhas áchanse ricamente adoviadas no seu interior, outras son moi pobres. Nalgunhas, o morto era enterrado, o seu corpo ou as súas cinzas, nun barco que era despóis colocado no sartego.

Istes sartegos, que contitúen en si mesmos a fonte máis importante de estudo de todo o material da época vikinga, áchanse a menudo agrupados en cementerios situados en lugares que se relacionan con colonias ou establecementos dos homes do norde. En realidade, moi poucos grupos diles teñen sido investigados, sobre todo pola simple razón de que moitos distes lugares áchanse aínda habitados.

É asombroso, niste punto, o contraste entre Escandinavia e Rusia por unha parte i a Europa ocidental pola outra. A pesar da estensa colonización escandinava e das prolongadas campañas dos vikingos, no ocidente europeo o número de sepulcros nórdicos é estraordinariamente pequeno, mentras son numerosísimos no leste e, naturalmente, na península escandinava. Un grupo de arqueólogos noruegos publicóu, en 1925, unha relación de todalas antigüedades vikingas conocidas entón na Europa ocidental, e nomearon os lugares onde tiñan atopado sartegos i o número diles. E inda que agora, dende logo, serían necesarias algunhas adicións, o seu traballo amostra claramente que eran ben poucos os sartegos nórdicos descobertos en Irlanda, Inglaterra, Escocia e mailo continente europeo. Foron 16 entre Inglaterra e Gales; 11 na Illa de Man; en Irlanda, agás Dublín, onde hai un amplio cementerio, 4; en Escocia, 13, i entre todalas illas ocidentáis e septentrionáis escocesas uns 60. No continente europeo, só 3.

Unha posible esplicación desta escasez pode ser a de que ou ben adoitaron axiña a forma de enterramento cristián ou cando menos enterraron os seus mortos en cementerios cristiáns. En realidade, en varias partes das illas atopáronse espadas, machados i outros ouxetos claramente nórdicos e de tradición pagá en tombas de cementerios que forman parte do territorio de algunha Eirexa, e na Illa de Man algunhas mámoas ou medorras de enterramentos vikingos áchanse dentro do camposanto eclesiástico. E como, además, foi costume que de vez en cando se limparan istes cementerios vaciándoos, a maioría das tombas do período vikingo deberon desaparecer hai xa longo tempo.

Nestas tombas soe acharse, además das armas e adovíos do guerreiro, si iste era de calidade ou si a tomba era dunha dama ou unha dama i o seu marido, gran cantidade de ornamentos e xoias en que abunda a plata. Ás veces ácharonse simplementes moedas de plata, enterradas, sin indicio de tomba, i a frecuencia distes achados no norde demostra que se trataba dun costume común pra preservar o tesouro, quizáis unha especie de banco segredo primitivo. O que é máis evidente é que a plata foi moi cobizada na Escandinavia vikinga. O valor do precioso metal reconocíase en todolos países onde daneses, noruegos ou suecos acudían, dende os ríos de Rusia ás granxas de Irlanda, e un dos principáis propósitos como piratas, mer-

caderes ou mercenarios foi adequirilo. A menudo querían outras cousas tamén, porque moitos necesitaban terra onde se estableceren i outros percuraban aventuras i a posibilidade de ganar un nome famoso, pro todos apreciaban a oportunidade de adequirir, ou roubar, plata. Á percura da plata musulmana os mercaderes escandinavos aventuráronse no Volga, e pra seren pagados en plata os mercenarios do norde serviron ós reis ingleses i ós emperadores bizantinos. Pra algús, a adquisición de plata pra ser gardada ou usada como adovío debéu ser un fin abondo, pro outros considerábana como o medio de adequirir outras cousas degarables, comida, viño ou a lealtade dos homes. Non había entón fontes nativas de plata esplotadas en Escandinavia, e, a parte de que de vez en cando acharan xa entón cantidades do metal acomorado en épocas anteriores i enterrado polos seus devanceiros, toda a plata vikinga tuvo que ser importada.

O período vikingo é, en realidade, unha época enormemente importante da historia do norde e comprende toda unha serie de esperiencias de maior envergadura que as de outro período calquera de épocas posteriores; a súa caraiterística esterna máis distintiva é o recuado da súa orixe. Os primeiros atacantes foron noruegos, non daneses. Pro, inda que a distinción é importante, ós contemporáneos non lles preocupaba a súa orixe: prás súas víctimas eran simplementes pagáns, piratas ou bárbaros, e aínda que lles chamaban 'northmen' ás veces i outras daneses, os termos non indican nunca distinción de orixe. A confusión non é sorprendente. Os atacantes falaban unha língoa común, levaban nomes que procedían de raíces tamén comús, todos chegaron por mar e todos mostraron pouco respeito pola Eirexa. Además ós mesmos vikingos debeulles importar ben pouco a distinción; pra iles a súa rexión, a súa familia ou o seu xefe eran probablemente máis importantes que o feito de procederen do que hoxe chamamos Noruega, Dinamarca ou Suecia.

Prá meirande parte da Europa ocidental, o período vikingo propiamente dito finóu arredor do 1070. A orixe diste nome Viking, ten sido moi discutida e, xa que non se ten chegado a ningunha conclusión definitiva, os resultados teñen pouco valor pra o historiador. Nembargantes, o que é máis importante e máis certo que a orixe do nome é que no mesmo período siñificaba pirata, ladrón que chega polo mar. Non todolos escandinavos da época, polo tanto, eran vikingos, porque algús eran comerciantes i outros colonizadores que só querían paz, pro son aquiles os que atraeron a atención dende entón, foi o seu nome o que pasóu a ser sinónimo de nórdico e por iles se lle chamóu ó período das súas correrías, e todo o que Escandinavia logróu en arte, construción de barcos ou comercio, todo se calificóu como vikingo. A dominación de todo o período por istes homes violentos non é sorprendente; hai unha certa fascinación na estensión i audacia de moitas das súas empresas i o interés é mantido polos escritos dos contemporáneos que contan, ás veces con unha especie de horrorizada ademiración, as fazañas dos atacantes.

Dende unha época moi primitiva houbo bandas guerreiras xermánicas que andiveron errantes por mar ou terra e, no período das

grandes migraciós, as flotas de piratas mariños acadaron prácticamente as proporciós dun movemento nacional. Cando os anglos e saxós se estableceron de modo permanente en Inglaterra, i as costas da Galia acháronse defendidas polos francos, as espediciós vikingas estendéronse por certas rexiós no norde: a través de toda a época lexendaria áchanse noticias e restos das campañas suecas no mar Báltico e nas costas ocidentás de Noruega e, de alí, os homes do norde sulcaron o mar á percura das illas do oeste, as Orcadas e as Shetland, e no ano 617 chegaron a Irlanda. Hai entón un breve período de paz durante o cal as illas escocesas foron permanentemente colonizadas polos nórdicos e, cando empeza a época propiamente kinga, as enerxías dos atacantes dirixíronse sobre todo cara Irlanda.

É imposible descubrir hoxe as causas reáis que produciron o movemento vikingo. No caso de Dinamarca, por exemplo, existe o choque co imperio de Carlomagno, que acosaba as fronteiras escandinavas: houbo tamén, posiblemente, a ambición de establecer un estado nacional permanente e quizáis xefes de liñaxe real percuraron un campo máis propicio prá súa ambición que o que podían achar no seu propio país. Quizáis houbo tamén, como foi frecuente na historia dos pobos xermánicos, unha necesidade ineludible de espansión producida por un aumento constante da poboación. Seña cal for a causa primeira, o certo é que súpetamente os mares do noroeste europeo enchéronse de barcos vikingos i en 793 atacaron a illa de Lindisfarne. Dende iste momento, cada ano pode nomearse co incendio de algún mosteiro ou o ataque a algunha das costas europeas deica chegar ó intre de máxima gloria prás armas nórdicas, o momento en que a figura máis notable e máis brillante da derradeira época vikinga, o xoven rei Knut, ou Canuto o Grande, completa a obra que tiña comenzado o seu pai e reúne a escandinavos i anglosaxós baixo unha soia coróa i unha soia nacionalidade.

Na súa orixe e no seu empuxe, iste movemento foi unha tremenda espansión da forza vital da raza, espansión que presupón non só un profundo conocemento marítimo senón o valor necesario prá aventura, a habilidade de planear a longo alcance i o don dunha aguda ouservación pra atopar o punto débil do adversario. Todas estas cualidades, que semellaban medrar con cada empresa e con cada nova ampliación do horizonte físico que aparecía dediante diles, déronlles un claro sentimento de superioridade i a sensación de que eran invencibles. O home do norde tiña vivido nos seus pechos vales, créndo que o mundo de fora áchabase dominando polos xigantes e monstruos. Agora iste mundo achábase ó alcance da súa man i o vello terror, que seguramente permanecía latente no seu esprito, proporciónáballe a tensión nerviosa necesaria prá súa audaz aventura; nembargantes, a súa instintiva confianza en si mesmo i o seu sentido práctico convertíronse ó mesmo tempo nunha consciente apreciación do tanxible i o razonable, naquela "fe no seu propio poder e forza" que, a pesar de todolos podentes deuses e xigantes, os vikingos sentiron sempre.

É aínda máis dino de atención o poder de orgaización que amos-

tran as súas espediciós. Flotas compostas ás veces por centenares de barcos, axuntábanse sin teren nomeado un xefe único; ás veces noméase nelas como xefes escandinavos dende sete a quince ou máis "reis", e non hai dúbida de que, cada un a cárrego do seu propio barco, deberon de figurar numerosos fillos de "jarls" e campesiños poderosos. A lénda normanda pon en boca de un dos vikingos a célebre i orgullosa frase "Todos somos iguales" como resposta ó mensaxeiro franco que pedía entrevistarse co xefe supremo. E, nembargantes, estas vontades individuáis subordinábanse voluntariamente a unha decisión común e, obedentes ás leis que se tiñan dictado a si mesmos, atacaban e vencían ós grandes reis ocidentás i ós seus rebeldes vasalos.

A época vikinga proiexeu e inicióu o desenrolo de todas aquelas cualidades que requerían intelixencia e valor, como a estratexia militar, o comercio, a navegación i o conocemento do mundo esterior e dos feitos naturáis. Non hai dúbida de que tamén moitas cualidades menos recomendables desenroláronse á vez, xa que a crueldade i a sede de sangue foron características da época e, inda que istes rasgos existiron tamén anteriormente, o modo de vida vikingo aumentóunos. Con todo, é inxusto e pouco diño de mentes modernas xuzgar a época vikinga aplicando os mesmos valores moráis que se poseen hoxe. Compre ter en conta, además, que se trataba dunha civilización pagá, rexida e formada por unha serie de leis e normas de conducta que non eran, de ningún modo, esclusivas de Escandinavia e que, si se eisamina a cuestión a fondo, a pesar do Cristianismo quizáis non desapareceron aínda por completo.

Pra comprender a época vikinga hai que lembrar que entre iles, como en casi todo o resto da Europa medieval, a estranxeiros i a esclavos apenas se lles concedían os direitos que outros homes poseían e que só os nados no mesmo país eran tidos como 'semellantes', no senso completo da palabra. Nembargantes, a época vikinga renonocéu outra forma de xusticia a parte da violencia física i existía o respeito ó individuo, un respeito que se fixo cada vez máis forte cando un grupo tan numeroso foi arredándose do clan. Avanzóu tamén entre iles a consideración á muller, a pesar de que a actividade vikinga propiamente debéu tender na direición oposta. Con todo, na nova colonia de Islandia, as mulleres conqueriron o divorcio máis doadamente que en calquera das restantes sociedades antigas. En Dinamarca, que niste aspecto foi sempre algo máis avanzada que os outros países escandinavos, as mulleres acadaron o direito á herdanza antes de acabar a época vikinga. Foi posiblemente o contaito coas civilizaciós meridionáis o que trouxo iste cambio, pro a figura da muller capaz e imperiosa é caraiterística da época; un claro exemplo é o que presenta Aud, en Islandia, a viuda dun rei das illas ocidentáis que, ó desembarcar en Islandia, organizóu a distribución de terras e traballo a todolos seus descendentes. En Dinamarca áchase a figura de Thyra Danebod i o gran número de mulleres nomeadas nas pedras rúnicas do século X indican a súa importanza na comunidade.

Existe un gran número de teorías con respeito ó feito do establecemento dos homes do norde en Irlanda, teorías cuias raíces áchanse máis ben en prexuicios que en verdadeiro conocemento histórico. Toda posible maldade e crueldade foi atribuída ó invasor "danés": a perda de manuscritos irlandeses, a destrucción de eirexas e mosteiros, as matanzas ó por maior, a degradación de homes, mulleres e nenos, a esclavización de todo o país i o esmorecemento do Cristianismo. Supónse además que os daneses foron a causa da decadencia da literatura irlandesa e da desaparición dos poetas que, díse, foi debida ó ataque nórdico durante o cal foron asesinados. Ou seña, man a man, en alianza non sancta, supónse que o nórdico e mailo danés uníronse pra levaren a cabo a destrución de Irlanda, da súa civilización, erudición, relixión e progreso. Mesmo deica hoxe, a frase "fixérono os daneses" é a esplicación natural de todo desastre acaecido á eirexa ou a un edificio relixioso e, con todo, ún comenza a sospeitar que quizáis non todo sucedéu precisamente así cando se bota de ver que a Irlanda primitiva do século VII cos seus pobos espallados, os seus simples establecementos monásticos, as súas guerras dunha familia contra outra e dun mosteiro contra outro, chegóu a ser no século XI, a fins do período nórdico, un país con varias cidades ben establecidas, con un comercio estenso i unha flota considerable, con plazas fortes e pontes de pedra, con eirexas i escolas cristiás e con unha longa liña de bispos daneses en Dublín. Además, con respeito á literatura, non só os poetas cantores irlandeses foron ben recibidos nas cortes dos reis daneses de Dublín, senón que foi durante o período que precedéu á batalla de Clontarf cando os Fili ou poetas e xenealoxistas oficiáis, acháronse na súa máis empoleirada posición social e diles procede gran parte da mellor poesía que Irlanda ten producido.

Cando os vikingos apareceron nas costas irlandesas por primeira vez, o país achábase reducido a un estado de debilidade e miseria, estraordinario mesmo na súa tráxica historia. Unha sucesión de pestes i epidemias, a mediados i a fináis do século VII, que atacaron tanto á poboación como ó gando, tiñan devastado a terra. A esto sucedéu un período de fame e carestía xeneral do que lle levóu moitos anos recobrarse; non hai ningún gobernante de forte carácter entre fináis do século VII e fináis do século VIII e non se achan nin grandes nomes nin grandes feitos. Nas costas do leste da illa abundaban daquela os ataques dos saxós, que sin dúbida agardaban estenderse por Irlanda unha vez conquistada Inglaterra. I é por esta época que comenzan os sacrílegos incendios de mosteiros que logo foron imitados polos nórdicos, pro que foron iniciados polos mesmos irlandeses. Os fundadores das ordes relixiosas tiñan morto moito antes e, con iles, semellóu morrer gran parte da reverencia que se tiña prás súas fundacións. É niste intre que xurde a loita de xefes contra xefes, de mosteiro contra mosteiro; os monxes eran todos guerreiros, i aparecían ás veces completamente armados mesmo nos concilios relixiosos. Todo esto tiña reducido ó desgraciado país a un estado de anarquía xeneral que o deixara aberto e indefenso ante un novo invasor, sin un poder central nin unha man forte pra o salvar.

Despóis das primeiras apariciós desorganizadas dos homes do norde na costa, hai un segundo período que chega hastra o ano 850 aproximadamente, no que a penetración inténtase moito máis sistemáticamente pra se establecer firmemente no país i é agora cando os edificios monásticos que se achan ó seu paso son destrozados ó mesmo tempo que unha estensa rede de fortificaciós vai aparecendo no país. Dublín convertíuse no mesmo corazón das conquistas ocidentáis dos nórdicos e do seu poder, o establecemento militar de onde saían moitos dos seus máis fortes exércitos. I en 847 dase o impresionante suceso da chegada dunha flota danesa alí que, por vez primeira, non se dirixe contra os irlandeses, senón contra os seus predecesores noruegos.

É doado ver, xa que logo, que posteriormente atribuíronselles ós vikingos non só as súas propias crueldades, senón outras moitas nas que non tuveron a menor parte. É doado ver tamén que esta crueldade en castigos non era, nin moito menos, prerrogativa vikinga. Pra esto, abondará lembrar brevemente a tráxica tradición existente en varias partes de Inglaterra, especialmente nas rexiós do leste, según a cal os daneses sorprendidos no acto de roubar unha eirexa eran esfolados e, como advertencia a todo aquil que se achegara con malas intenciós, como terrible memento dos malvados que se estreveron a erguer as súas mans sacrílegas cara a casa de Deus, as súas peles foron clavadas nas portas da Eirexa.

Alberty Way inicióu unha detallada investigación sobre esta tradición e obtuvo, entre 1840 e 1850, anacos de pel semellante a coiro pra eisaminala microscópicamente, procedentes de tres localidades onde esta tradición existía, ou seña, da Catedral de Worcester, e das eirexas de Hadstock e Copford en Essex. John T. Quekett, profesor de histoloxía do Real Colexio de Ciruxanos, declaróu que indudablemente eran de pel humá i engadíu que ó eisaminar un anaco detalladamente tiña chegado á conclusión de que pertenecéu a un home de pelo claro. Unha amosa da pel de Worcester pódese ollar no Museo do Real Colexio de Ciruxanos, que posée tamén parte da de Hadstock e da de Copford, pro nada máis se engadíu despóis da morte do profesor Quekett. O anaco enteiro que se achóu na Catedral de Worcester pertenecéu primeiramente á coleición privada do Doctor Prattinton e hoxe áchase na Sociedade de Anticuarios de Londres, en Burlington House.

É tamén erróneo considerar ó vikingo como dotado dunha persoalidade fixa e invariable, porque entre un nórdico do século IX e un escandinavo anterior á época vikinga hai unha enorme diferencia. Mentras os homes do norde permaneceron no seu propio país, a civilización romá e céltiga quedóu escura e distante i o conocemento que o norde tiña dela era vago e a través do comercio. A guerra i o pillaxe, cousas ambas que indudablemente lles atraían, puxéronos en contacto con unha civilización diferente e aprenderon de ésta con unha rapidez desconocida na historia. Sabemos que no sitio de París usaron catapultas, arietes hidráulicos e mandrones pra guindar pedras e bolas de chumbo, pendellos de carballo sobre rodas, cuios tei-

tos estaban cubertos de coiros, e minas nas que colocaban vigas de madeira ardendo. Non hai dúbida de que melloraron os artefactos que os francos tiñan recibido dos románs, porque o monxe que relata o asedio dí que varias destas máquinas eran desconocidas en París. E, con todo, o 885 non está moi alonxado do ano en que comenzaron os seus ataques a Francia. Ou seña, que tiñan adiantado ós seus mestres.

En calquera intento de estudo, parcial ou total, da época vikinga, hai que repetir que só se poseen os escritos dos seus enemigos prá historia das súas conquistas; só cando as mentiras son demasiado evidentes e palpables pode ún estar seguro de que son realmente falsedades, cousa que non fai, precisamente, máis doado o seu estudo. É evidentemente falso, por exemplo, o que nos di unha das crónicas de Irlanda de que os daneses asaron e comeron alí os corpos dos seus enemigos noruegos. É case sempre posible, por outra banda, esplicar o feito do cal os vikingos son acusados tan frecuentemente, ou seña, o seu rompemento de tratados e paces; ás veces, o diñeiro que se lles debía non se lles pagaba no intre indicado, ou non se lles daba a suma completa; ás veces chegaban novos vikingos que non se achaban suxeitos ós tratos firmados por unha hoste anterior. De todalas maneiras, é ben sabido tamén que a sotil mente escandinava gozaba atopando fallos na lei, sobre todo si eran en beneficio propio.

Hai moitos detalles que amostran a alta orgaización i a rexa disciplina que dominaba no seu exército. O seu pillaxe i os seus incendios eran sempre feitos con un propósito determinado e non ó chou, e hai o exemplo de St. Omer, en Francia, onde uns vikingos arrapañaron a plata dun altar, depositada alí como ofrenda ó santo patrón e foron pendurados polos seus xefes cando se lles comprobóu a culpa. Unha curiosa noción que se repite nas crónicas unha i outra vez é a de que algús bebían o viño consagrado e virábanse tolos. Si elo é certo, i a repetición semella probalo, é posible que, máis que un milagro repetido, teñamos que sospeitar na posibilidade de que os piadosos monxes misturaran o viño con algo menos inocente.

Da mesma maneira, non é certo tampouco que fora unha lei constante dos vikingos queimar os libros. Hai polo menos un maravilloso manuscrito dos Evanxellos, na Biblioteca Real de Estocolmo, que leva na primeira páxina unha inscripción que di que o libro foi mercado por un 'alderman' ó exército pagán no século X. E hai tamén o relato de varios prisioneiros, no Loira, que fuxiron con Biblias que o exército pagán se levara. En moitos aspectos i en moitos casos estaban destruindo unha civilización decadente, sin que eso queira servir como escusa nin xustificación; o mesmo rei Alfredo o Grande de Inglaterra fala do analfabetismo do clero inglés, i en Francia sábese polas crónicas que moitos abandonaron o cristianismo e axuntáronse a iles. O notable dos vikingos é como escolmaron e adaptaron todo o que lles parecía de proveito, i a súa transformación en tan pouco tempo en constructores de catedráis e cruzados é unha das maravillas da historia.

Outro dos feitos fascinantes no seu proceso de desenrolo é o seu conocemento práctico da construcción de naves, que deu barcos de perfecta realización e de fasquía esbelta i elegante. A actividade vikinga, tanto no ataque como no comercio, dependía de ter navíos nos que poder confiar, porque, sin iles, os longos viaxes marítimos non terían sido posibles. Istes barcos daban ás bandas de atacantes a súa meirande ventaxa na sorpresa, i un medio de rápida retirada. Unha das principáis razós pola que os ataques vikingos empezaron cando empezaron foi a necesidade de acadar antes iste desenrolo técnico. Os viaxes que chegaron a ser algo corrente no século IX non eran concebibles no VII.

Hai bastante incerteza no tamaño dos seus barcos de guerra. Nas sagas menciónanse diferentes tipos, ou polo menos dánselles diferentes nomes, e algús distes termos deberon ser correntes nos séculos IX e X. A palabra 'skeith', por exemplo, é tomada entre os anglosaxós como 'scegth', e 'snekkja' aparece en francés como 'esnèque' pra os barcos atacantes. Nada se sabe de diferencias, si as houbo, entre estas clases de barcos no tocante ó tamaño; en calquera caso, é evidente que existíu un límite prás medidas que podían ter i é moi improbable que foran moito meirandes, si o foron en absoluto, que o barco de Gokstad, que consta de 32 remos. A Crónica anglo-saxona de 896 apoia esta conclusión: cando Alfredo o Grande manda a construcción de grandes barcos prá defensa naval de Inglaterra, dise que os construídos eran case dúas veces o tamaño dos barcos atacantes, e "algús tiñan 60 remos, outros máis". O que suxire que o número de remeiros nos barcos atacantes non era moito maior que trinta, e algús deberon ser máis pequenos.

Os barcos usados polos vikingos son fascinantes en si mesmos e pra os historiadores do período, o estudo do seu deseño e construcción e da maneira como os manexaban é particularmente interesante. Os escandinavos do período foron mestres en todo elo e foi a posesión destas naves inxeniosamente construídas o que lles deu as súas máis importantes ventaxas técnicas, tanto na paz como na guerra, facendo que as súas actividades foran ó mesmo tempo posibles e proveitosas. Hoxe considérase prácticamente fora de dúbida que a tripulación de cada barco era de 40 homes nos meirandes, e menos na maioría. En realidade, as fazañas escandinavas son xa abondo violentas por si mesmas e non hai necesidade de forzar a credulidade do home moderno máis alá dos límites razonables.

Fose cal for a causa —o seu esprito aventureiro, a necesidade de atopar novas terras ou a cobiza de riquezas e botín—, o feito é que as flotas vikingas estendéronse polos mares do norde, baixaron polos ríos de Francia, polos mares do oeste europeo i entraron nas augas do sul. No intre en que chegan ás terras meridionáis, entran en contacto non só con civilizaciós máis antergas, senón coa nova e frorecente orgaización dos estados árabes.

En España, baixo a dinastía Omeya de Córdoba os mouros acadaron un esplendor cultural e artístico que non era igualado por nin-

gunha outra nación de Europa. En ciencia i en erudición, en arte i en literatura, eran indicutiblemente os soberáns, os máis avanzados en paz i en guerra, i os vikingos preparáronse a medir as súas forzas coas invencibles lexiós árabes, trunfantes das súas conquistas no Mediterráneo. Noutras partes, é corrente atribuir as victorias vikingas á orgaización defectuosa dos atacados. Eiquí, nembargantes, a forza militar mellor orgaizada entón existente foi a menudo derrotada por iles. Pra estudar estas campañas, no que únicamente atingue a musulmás e vikingos, só temos a historia dende o punto de vista árabe, e non hai proba máis segura nin máis poderosa da habelencia dos vikingos pra superar dificultades aparentemente imposibles, pra non flaquear nun intre de perigro, que iste sobrio relato árabe. Cando entran ó mesmo tempo en contacto coa España do norde, áchanse as crónicas cristiás tamén. En certo modo, os relatos árabes semellan ás veces superiores ás crónicas cristiás, porque estas están ateigadas de crédulas eisaxeraciós e as máis das veces dan poucos feitos.

As principáis fontes españolas pra o conocemento dos vikingos son o cronicón Sebastiani Salmanticensis, 763-866; o cronicón Albeldense, 763-883; a Crónica Pelagii, 982-1109; a Crónica Sampiri, 866-982 e maila Crónica General de Alfonso o Sabio. Todas elas tratan, sobre todo, dos ataques vikingos a Galicia.

As principáis fontes árabes son Ibn-al-Kutia, de Córdoba, m. 977; Ibn-Hayan, un gran historiador de Córdoba, 987-1076; Al Bekri, xeógrafo, m. 1094; Ibn-Khaldun, 1332-1406; Ibn-Adhari, que escribíu arredor do 1299 copiando escritores do século X; Nowairi, 1284-1332; Ibn-Dihya, m. 1235, que fala da embaixada de Al Ghazal.

As fontes españolas dan moitos nomes ós vikiugos, como: homes do norde, Nortmanni, nordomanni, Lordomanni, Lormanes, Lodormani, Lotimani, Lothomani, fillos de Belial, lobos, bárbaros, e Alfonso o Sabio chámalles Almojuces, Almozudes e Almonides como corrupción do nome árabe Madjus, ou seña, meigos ou adoradores de moitos deuses, pagáns. Iste é o único nome que os árabes lles dan ós vikingos.

Tradicionalmente, e máis adiante se verá a razón do adxetivo, aceptouse que a primeira espedición vikinga i o seu ataque a España i ós mouros tivo lugar durante o reinado de Ramiro I (842-50). As crónicas españolas din que durante aquela época "o cruel pobo nunca visto antes na nosa terra" atacóu Asturias. As fontes árabes dan a data do vran do 844. Doutros anáis do período semella deducirse que os invasores eran compañeiros de Hasting e Björn Ironside, que tiñan previamente costeado Francia, navegando polo Sena, o Loira i o Garona, e baixaron logo pola costa norde de España. Adicáronse abundantemente ó pillaxe, pro perderon duramente cando atacaron A Coruña; Ramiro, cos seus guerreiros montañeses, derrotounos na Torre de Hércules, iles fuxiron cara os seus barcos e recuperouse moita parte do botín. A crónica di que 70 dos seus barcos foron incendiados. Iste número, con todo, semella bastante eisaxerado, sobre todo cando nas fontes árabes se especifica que mesmo

despóis desta derrota, que Ramiro celebróu con costosas dádivas de ouro, plata e seda en Santiago, os vikingos foron aínda abondo fortes pra atacaren ó mesmo califa de Sevilla.

A segunda espedición semella que tivo lugar en 850-861. Wace, Benoit, More e William de Jumièges din que esta espedición foi dirixida por Björn Ironside e Hasting que, despóis de tomar as illas Baleares, (Sebastián, Alfonso X), e Pamplona (Nowairi), saquearon e incendiaron un mosteiro na fronteira francesa, subiron navegando polo Ródano, saquearon Nimes e Arles e acamparon na illa de Camargues, perto da desembocadura do Ródano, (Prudentius, Chron. Gest. Norman.). Durante esta espedición Hasting tomóu Pisa e Luna, en Italia. Ibn-al-Kutia, Sebastián e Alfonso X din que desembarcaron en Grecia. Á súa volta, en 861, perderon corenta buques nunha tormenta no estreito (Ibn-Adhari). William de Jumièges tamén menciona a perda dos barcos i a historia contada nos "Three Fragments" irlandeses, (edición O'Donovan) da guerra dos tres fillos de Ragnar Lodbrok en Africa, coincide perfectamente coa espedición a Nekor contada na crónica de Bekri. Nekor achábase no Marrocos español, perto do cabo Tres Forcas, nun río un pouco terra adentro. A tradición irlandesa semella tamén certa en canto di que moitos afogaron no estreito, a causa dunha tormenta, cando viñan de volta e que moitos mouros, chamados polos irlandeses homes azules, foron levados como prisioneiros a Irlanda.

Ibn-Adhari e Ibn-Khaldun contan que, durante o reinado de Hakem II, os madjus en 964-966 atacaron as costas ocidentáis e saqueáronas deica Lisboa, onde a flota musulmá salíulles ó encontro e deuse unha gran batalla. Aquil mesmo ano Hakem II mandóu que o seu almirante Ibn-Fotais voltara ó Guadalquivir e construira en Córdoba barcos a imitación dos vikingos, agardando que istes coidaran que eran seus e se achegasen confiados, o que lembra vivamente a construcción de barcos imitando os nórdicos que ordenóu Alfredo o Grande. Istes vikingos, según Jumièges, foron probablemente os que saquearon Galicia en 964.

Sampiro di que a terceira espedición tivo lugar en 968, cando no segundo ano do reinado de Ramiro III unha flota nórdica de cen barcos baixo o mando do rei Guthröth (ou Gundered) desembarcóu en Galicia, esparexeuse como un oleaxe por todo o país, saqueando vilas e pobos e "ninguén os podía parar". Recorreron toda Galicia e voltaron ós seus barcos con moito botín e numerosos prisioneiros e decidiron atacar o santuario de Santiago de Compostela, que sabían estaba ateigado de tesouros e donativos. Pra elo deixaron a súa flota na Arousa e marcharon terra adentro. Cando chegóu a ouvidos do bispo Sisenando que esclavizaban a cantos homes e mulleres atopaban ó seu paso i os arrastraban consigo, entróu en gran cólera e atacounos en Fornellos o 29 de marzo de 970, e alí tivo lugar unha rexa batalla na que o bispo perdéu a vida. O santuario do Apóstolo foi tomado i os vikingos foron donos do país durante tres anos. Con todo, sigue decindo a crónica, o Señor vingouse diles i antes de que abandonaran Galicia sofriron tanto dano como tiñan causado ós cris-

tiáns. Cando volvían ós seus barcos carregados con botín, unha moitedume de homes sedentos de vinganza atacounos, e un conde de Galicia, Gonzalo Sánchez, sorprendeunos con un gran exército perto dos seus barcos, acarón do Ferrol, cando se dispuñan a embarcar cos seus prisioneiros i o seu botín. A batalla foi dura, pro coa axuda de Santiago a maioría dos enemigos caeron xunto ó seu rei Guthröth i o resto foron apreixados e "non quedóu nin un pra se erguer en armas contra os cristiáns". Os cautivos foron liberados i os barcos vikingos afundidos. Con todo, algús deberon fuxir, porque Ibn-Adhari di que "a comenzos do mes de Ramadán do ano 360 (pouco máis ou menos o 1.º de xullo do 971), chegóu a Córdoba a noticia de que se tiña visto na mar a flota dos madjus que intentaban, según o seu costume, atacar a costa oeste do Andalus. O sultán mandóu que o seu almirante se dirixira apresuradamente cara Almería, levase a flota a Sevilla e arrecadara alí todolos outros continxentes de tropas do oeste". Non parece que houbera ataque, de todos modos. Quizáis a mariña moura pareceulles demasiado poderosa pra atacárena, pro por esa razón ou por outra iles fóronse. Así, o intento de se establecer e fundar unha colonia en Galicia fracasóu, aínda despóis de poseer o país durante tres anos. España non iba ter, como Francia, a súa Normandía.

A narración árabe é esplícita como exemplo da influencia na historia do poder marítimo; a táctica dos vikingos en España foi a mesma que usaron en Inglaterra e que se sabe xa pola crónica anglo-saxona; axuntábanse nos ríos e facían das illas o seu punto de apoio; pro esto só foi posible mentras o enemigo non estivo á par con iles como poder marítimo i os árabes adicáronse con tanta eficacia a logralo que durante os cen anos seguintes á segunda espedición nórdidica a España, os vikingos adicáronse a países que non estiveran tan ben defendidos, hastra chegar ó 964.

Nowairi di que "os buques dos madjus estaban ben construídos e ben abastados con homes e con todo o que necesitaban", i os mouros debéronos de ademirar sinceiramente cuando o califa mandóu facer réplicas exactas dos seus barcos. O exército nórdico, dende logo, percuróu os tesouros gardados nas mezquitas o mesmo que nas eirexas e mosteiros, porque era alí onde podía acharse maior botín, non por xenreira especial a unha relixión determinada.

Semella probable que San Olaf, en 1014, acadara a costa española e semella que algunha das batallas de que se fala na "Olaf Saga Helga", foron libradas alí; non poden identificarse con seguridade os lugares, pro conta a saga que Olaf tivo un sono que o obligóu a volver atrás mentres agardaba un vento favorable que o levara a Niörvasund, ou seña, ó estreito de Gibraltar. Próisimamente veremos con máis detalle todo o tocante a iste punto.

Dise que Sigurd Jórsalafari, (ou o Cruzado), levóu consigo 60 barcos e dez mil guerreiros na súa espedición, que duróu desde 1107 hastra 1111. Loitóu con unha armada moura en 1109, tomóu Cintra, deu unha batalla en Lisboa e capturóu Alcasse, que Eiríkr Magnús-

son identifica con Alcazer do Sal na banda sul de Portugal, e logo atacóu as Baleares..

O "jarl" Rögnvald, das Orcadas, con dous mil homes, capturóu en 1153-1155 un castelo en Galicia e atacóu a terra moura de España.

E, según a "Knytlinga Saga" o danés Ulf, no século XI, "atacóu e conquistóu Galizuland, e fixo alí moita guerra. Por eso foi chamado Galizu Ulf". Saxo Grammaticus chámalle Ulvo Gallicianus.

Tratei de dar en poucas liñas un resume, quizáis sobexamente reducido, dos ataques vikingos a Galicia. O estudoso ou simplementes o que se interese por todo o tocante ós homes do norde, achará unha bibliografía escolmada, despóis do referente ás Sagas, que aparecerá, quizáis, no próisimo número. Eu non poido estenderme nun campo que só constitúe, pra min, unha especie de "ampliación afectiva e cordial" do meu verdadeiro campo de estudo, ampliación á que me levóu non só un profundo sentimento de ademiración cara a civilización nórdica, senón tamén a convicción de que pouco ou nada se sabe dela entre nós.

Hai de todos modos, algo que coido preciso mencionar eiquí. I é que a data tradicionalmente aceptada da chegada dos homes do norde ás terras occidentáis españolas púxose en dúbida recentemente. Pra min, esto ten valor por dúas razós: por iste profundo interés meu na antiga civilización xermano-nórdica, e polo meu amor, non menos profundo, a Galicia. Con todo, ningunha destas dúas razós me dá suficiente base pra decidir cal é a opinión máis atinada entre dúas que teñen aparecido recentemente, mellor dito, unha i o intento de destrucción da mesma. A opinión é a do erudito sueco Arne Melvinger; o que chamo intento de destrucción corre a cárrego de Sánchez Albornoz. A razón de lle chamar intento é necesario esplicala. A primeira vista, xa semella asombroso que unha tese magníficamente razonada e presentada ó longo de 172 páxinas, seña refugada decisivamente nun artigo que consta somentes de 12. A cantidade, dende logo, non equivale a calidade a maioría das veces. Pero non creo que ninguén poida poñer en dúbida nin a calidade nin a profundidade do traballo de Melvinger. En realidade, nin o mesmo Sánchez Albornoz o fai.

A tese de Melvinger pode resumirse, esencialmente, dicindo que trata de demostrar que Alfonso II o Casto recibíu axuda dos vikingos na súa campaña contra os árabes no ano 795. É, dende logo, unha afirmación asombrosa e sorprendente e que incita inmediatamente ó eisamen. O sorprendente, nembargantes, é somentes a data, non a mención dunha axuda que, como mercenarios, os vikingos levaron a cabo moitas veces a soldo doutros reis, nas loitas internas distes ou nas súas guerras contra un sobexo número de enemigos esternos. Melvinger espón todas as probas i o seu propio razonamento pra chegar a esta conclusión; a súa disertación é profunda, erudita e magnífica. Usa directamente as fontes árabes, que presenta no orixinal i en tradución, estuda detalladamente a personalidade dos escrito-

res árabes e valora a súa credibilidade, i engade un detallado estudo da palabra que aparece nestas fontes como única apelación dos homes do norde, os madjus. Todo iste detallado estudo, con todo, non asegura a súa veracidade. Ó cabo, é a opinión de Melvinger i é posible que seña unha opinión equivocada. Esto é humán e aceptable.

O que a min persoalmente non me parece aceptable é que toda esta esposición poida considerarse refugada polos argumentos de Sánchez Albornoz.

Non está dende logo na miña man, nin siquera tratar de xuzgar a verosimilitude de ningunha das dúas opiniós, porque non conozo a língoa árabe, i é nela onde se achan as razós de Melvinger. Non sei, tampouco, si Sánchez Albornoz a conoce. En principio semella dubidoso porque no seu artigo cita as crónicas a base de traduciós alleas, i o feito de que, coma min, dependa destas interpretaciós fai supoñer que non lle é posible consultalas directamente. Esto, nembargantes, só é importante porque reafirma a miña opinión de que Melvinger merece, polo menos, plena atención. É imposible, e sería demasiado longo, presentar ambos traballos detalladamente; coido que o mellor é escoller algús dos puntos que me parecen censurables na refutación de Sánchez Albornoz. Por outra banda, ambas obras están ó alcance de quen se interese por elas. A de Melvinger, titulada "Les premières incursions des Vikings en occident d'après les sources arabes", foi publicada en Upsala en 1955. O artigo de Sánchez Albornoz aparece nos "Cuadernos de Historia de España", número XXV-XXVI, no ano 1957, publicados en Buenos Aires.

A obra de Melvinger presenta a súa tese inmediatamente na introducción e pasa logo ó estudo detallado. Esta primeira parte leva o seguinte título: "Textes arabes concernant les expeditións musulmanes de 795 contre les galiciens", espediciós contra as cales il supón a axuda dos vikingos ó rei.

A primeira sorpresa xurde ó principio do segundo párrafo do artigo, onde di Sánchez Albornoz que "Melvinger intentóu demostrar que dende mediados do século VIII os normandos tiñan aparecido nas costas españolas e africanas". I engade que con esto avanzarían todas as espediciós vikingas en cen anos con respeito ó que hoxe se acepta. Non creo que ninguén poida admitir que 795 seña a *mediados de século*, e, ademáis de que 50 anos nestas cuestiós teñen unha importanza respeitable, 795 *é* a data que Melvinger defende. A confusión entre cen ou cincuenta anos de adianto, ou seña, a causa da confusión, aparece decontado. No terceiro párrafo di o Sr. Albornoz que, "En apoio da súa tese, Melvinger estuda a fondo a Crónica Mozárabe do 754, en que o cronista fala dos danos producidos polos *angeli*. Melvinger coida que alude ós anglos ou ingleses e imaxina que lles chama así por error, pro que quixo referirse ós normandos". I a súa refutación é a seguinte: "Melvinger errou ó traducir e interpretar iste pasaxe. Non se alude nil a ningún ataque dos anglos, senón ó castigo da España musulmana polos ángeles con unha fame

feroz". Dudo que, en ningún terreo, estas palabras poidan considerarse unha refutación válida. Unha negación non é dabondo no campo da erudición, moito menos cando se fai tan equívocadamente. En primeiro lugar, non é certo que Melvinger apoie a súa tese nesa interpretación da Crónica Mozárabe, poisque o que quere probar é a chegada dos nórdicos a España en 795. En segundo lugar, dudo de que Sánchez Albornoz teña, como dí, "examinado con detalle" toda a obra. Na páxina 88 di Melvinger: "A palabra angeli pode de certo traducirse por anxos e por anglos", unhas liñas despóis engade que o arcebispo Rodrigo de Toledo di no texto da súa tradución "angli devastantes" e que "por todalas razós dadas anteriormente, pode verse que non é posible fixar con certeza o sentido diste pasaxe e que é merecente de discutirse. É certamente posible que a palabra angeli, a pesar da interpretación de Rodrigo, siñifique anxos e, niste caso, o fragmento non pode usarse pra apoiar a data que eu propoño, a cal, por outra parte, *non depende da interpretación diste fragmento*".

Iñórase a admisión de Melvinger sobre a doble interpretación da palabra i a súa esplícita frase final e dase, como única esplicación, iste "Melvinger errou", co cal se considera o argumento destruído. Repito que non é a miña intención xuzgar críticamente, pro coido que esta simple afirmación de erro, afirmación que é respeitable como opinión persoal e máis nada, é moi pouco pra rebatir todo o punto, máxime cando de leer atentamente o libro, a refutación é inútil.

Os argumentos que aparecen no artigo son, quizáis, ben fundados. Esto debe xuzgalo un medievalista español. Pro todos iles teñen as mesmas caraiterísticas: indiñación erudita, prexuicio e pouca atención ás razós do oponente. Sánchez Albornoz é unha persoalidade diña de respeito, pro no mundo de hoxe pasouse xa do punto de aceptar opiniós somentes pola persoalidade de quen as pronuncia.

É posible que o Sr. S. Albornoz teña lido demasiado rápidamente o libro de Melvinger. A non ser así, teríase decatado de que o mesmo autor comenta i esplica a frase sobre o "harén" de Alfonso II, que, tomada literalmente, acha tan pouco apropiada como il. Ou tería visto que non é exactamente certo que "Melvinger incurríu en erro por *non se ter detido a considerar* a posibilidade de que a principios do século IX fosen aínda idólatras, ou seña, madjus, boa parte dos vasconizados várdulos e caristios e mesmo algús outros montañeses do Pirineo". Nas páxinas 112 e 113 do seu libro, Melvinger presenta. discute e refuga a idea. É posible que o seu razonamento seña equivocado, pro existe. Está, polo mesmo, fora de lugar o de que "*non se detén a considerar*".

Como dixen, non vou facer unha esposición detallada de ambas obras; non teño a menor autoridade pra elo. O meu interés nos vikingos nacéu de seren iles i a súa civilización unha parte magnífica da cultura nórdica moi pouco estudada entre nós e, por elo, moi pouco comprendida. Pro coido que calquera que se interese simplementes

polo traballo intelectual do hoxe estará dacordo comigo en que a un argumento perfectamente presentado e documentado compre contestarlle da mesma maneira ou nono facer en absoluto, en que debe de se ler a tese do oponente co coidado i o respeito que a súa erudición merece i en que hai que deixar a unha beira unha actitude que, por desgracia, existíu entre nós hai xa demasiados anos.

MICAELA MISIEGO
New Jersey

SOBRE LA LIRA LUSITANA DE CURROS ENRÍQUEZ: POESÍAS PERDIDAS Y NUEVAMENTE HALLADAS

En la recopilación de las *Obras Completas* [1] de Curros Enríquez hecha por su hijo Adelardo después de la muerte del poeta, parte del volumen V está dedicada a la denominada "Lira Lusitana", es decir reune las traduciones al español de poesías portuguesas que el insigne escritor gallego había dado a la prensa periódica madrileña. Está integrada esta "Lira Lusitana" por seis poemas largos: tres del vate de Freixo-da-Espada-à-Cinta —"Tragedia infantil", "Lealtad" y "El Mirlo"— y otros tres de Teófilo Braga —"La sombra del Profeta: Samiaza o el amor de los ángeles", "Fin de Satanás" y "La infancia de Homero"—. Agregando a ellos *La Condesita*, arreglo dramático de la pieza de Pinheiro Chagas *A Morgadinha de Valflor*, que figura en el tomo III, y la versión libre de "Circular" de Guerra Junqueiro publicada en el mismo volumen, habremos completado la lista de traducciones del portugués de Curros recogidas en sus *Obras Completas*.

Sin embargo, en un artículo de Blasco Ibáñez sobre el poeta de Celanova que sirve de prólogo a la versión al castellano de *Aires da miña terra* de Constantino Llombart, artículo reproducido por Adelardo en esa especie de "In Memoriam" con que cierra la edición de las *Obras Completas* de su padre, se hace alusión a otras traducciones del portugués que no aparecen en ninguno de los seis volúmenes. Son éstas las palabras del autor de *La Barraca*: "Ha sido el poeta español que más y mejor ha traducido a los vates portugueses y entre sus mejores versos castellanos figuran notabilísimas traducciones de Teófilo Braga, Guerra Junqueiro, Antonio Feijóo y Antero de Quental que se han publicado en "El Porvenir" y en "Las Dominicales del Libre Pensamiento" y que tal vez algún día reproduzca el autor en un tomo que se titulará "Lira Lusitana" [2].

Aunque la nota a dicho artículo que transcribimos ("Dice el Sr. Blasco Ibáñez que Curros Enríquez publicó, además de los versos de Guerra Junqueiro y Teófilo Braga, otros de Antero de Quental, Oliveira Martins (II) y Antonio Feijóo. Las que a nuestro poder han llegado coleccionadas y publicadas en "El Porvenir" son sólo las que ven la luz en este libro") [3] no era demasiado esperanzadora pues,

---

[1] *Obras completas* de Curros Enríquez. Madrid, 1908-12, 6 vols.
[2] *Obras completas*, t. V, pág. 264.
[3] *Obras completas*, t. V, pág. 436.

prescindiendo del enorme *lapsus* que supone hablar de versos de Oliveira Martins, parecía dar a entender que el hijo de Curros no confiaba gran cosa en la existencia de tales traducciones, me lancé a seguir las pistas indicadas por Blasco Ibáñez y puedo asegurar que con fruto si bien —como ocurre siempre casi siempre— los mejores hallazgos me los proporcionaría el azar.

En efecto, pude comprobar que los poemas de Braga y de Junqueiro que en las *Obras Completas* forman la "Lira Lusitana" aparecieron con este título general en folletines de "El Porvenir", el periódico progresista en el que trabajaba Curros, de 28 de mayo a 12 de junio de 1883 [4]. Según Alberto Vilanova en su *Vida y obra de Curros Enríquez* [5], de ellos "Lealtad" y "El Mirlo" habían sido ya con anterioridad dados a conocer al público gallego: el primero en el n.º 44 del "Heraldo" el 15 de febrero de 1880 y el segundo en el n.º 31 de la "Ilustración gallega y asturiana" —la hermosa revista semanal de Labra y de Murguía que trataba de mostrar a los naturales de otras provincias que visitasen las dos hasta entonces menospreciadas regiones norteñas, al quedar éstas unidas a Castilla por el ferrocarril, no sólo las bellezas naturales de las mismas sino su fertilidad en hombres ilustres— el 8 de noviembre de 1881. En cuanto a "Tragedia infantil" he descubierto que, poco antes de salir en "El Porvenir", el 19 de marzo de 1883 vió la luz en el "Semanario de las Familias" [6], especie de suplemento literario con que aquel periódico obsequiaba a sus suscriptores los domingos.

Pero en donde hallé un filón no por reducido menos interesante de traducciones al español de versos de Junqueiro firmadas por Curros Enríquez fue en "Las Dominicales del Libre Pensamiento". Es éste un curioso semanario de ideología republicana federal en el que se profetiza la victoria final del "Cuarto estado" y se anuncian gratis (pues no existen anuncios pagados, según advierte el propio periódico) bastantes libros y diarios lusitanos. Así la propaganda de la *Historia de Portugal* de Alexandre Herculano, de su *Eurico, História da Inquisição* y *O Monge do Císter* y de la *Historia de la Civilización Ibérica* de Oliveira Martins —ésta en versión española— o el *Portugal Contemporâneo* alternan en casi todos los números con la de las obras de Joaquín Costa, Giner de los Ríos, Labra y Gumersindo Azcárate, las "Nacionalidades" de Pi y Margall, la Institución Libre de Enseñanza, la Asociación para la Enseñanza de la Mujer, la Sociedad Protectora de Niños o un "Colegio Ibérico" de la calle de Leganitos que se recomienda fervorosamente a las familias por ser su director —el Sr. Langa— "persona de la mayor inteligencia y rectitud". Hay también cuatro periódicos portugueses —todos ellos republicanos— difundidos en las páginas de "Las Dominicales": dos de Lisboa —*O Século* que por aquel entonces dirigía

[4] N.º 457 a 465 y 468; 470, 471 y 474.
[5] Ed. Galicia. Buenos Aires, 1953, pág. 346, nota 110.
[6] Año II, n.º 12,1 semestre.

Magalhães Lima, el autor de *La Federation Ibérique* de quien sabemos por cierto que era un gran admirador de Curros Enriquez [7], y *Democracia Portuguesa*— y otros dos de Oporto —*A Justiça* y *Folha Nova*—. Pues bien, en el otoño y principios del invierno de 1885 aparecen en este Semanario que afirmaba "Tenemos en perspectiva un Estado Federal de Treinta y tantos a cuarenta millones de habitantes con la Península y las Colonias. Hay que hacer eso pronto" [8] y por eso favorecía todo lo que fuesen relaciones culturales hispano-portuguesas, cuatro traducciones de Guerra Junqueiro obra de nuestro ilustre paisano: "El agua de Lourdes" el 24 de octubre, "El dinero de S. Pedro" el 31 del mismo mes, "Circular" (la única incluida, como antes dijimos, en las *Obras Completas*) el 21 de noviembre y "Letanía" el 6 de diciembre.

Estas cuatro traducciones corresponden a poemas del libro *A Velhice do Padre Eterno* publicado en Portugal en julio de aquel mismo año, lo que demuestra que nuestro compatriota se hallaba muy al tanto de las novedades literarias lusitanas. Pero más asombroso aún resulta el hecho de que "El Mirlo" —que pertenece también a *A Velhice*— hubiese sido traducido ya por él en noviembre de 1881, es decir casi con cuatro años de anticipación. ¿Indica esto que conocía la poesía cuando se encontraba aún inédita? Aunque hay indicios de que Curros tuvo contactos directos con Guerra Junqueiro puesto que poseía un retrato suyo con dedicatoria cuyo deterioro, siendo niño, le costó un buen disgusto a Adelardo, nos inclinamos más bien a pensar que "O Mirlo" habría sido publicado en Portugal en alguna revista, de donde lo tomaría el poeta gallego. Nos confirma en esta idea el hecho de que en la "Nota final" que pone Junqueiro a la 1.ª edición de *A Velhice* se diga que este libro estaba casi totalmente acabado en 1879 pero que su impresión se vió retrasada por una larga enfermedad del autor.

En cuanto a las traducciones de Antero de Quental y Antonio Feijóo que menciona Blasco Ibáñez y no aparecen en "El Porvenir" ni en "Las Dominicales del Libre Pensamiento", ¿en qué periódicos o revistas españolas aparecerían? Confieso que por el momento lo ignoro, aunque estoy plenamente convencida de la realidad de su existencia por haber encontrado ya, en fuentes portuguesas, nada menos que siete versiones de poesías de Antero de pluma de Curros.

La primera edición de *Os Sonetos Completos de Antero de Quental publicados por Oliveira Martins* data de 1886 y está hecha en Oporto por la "Livraria Portuense de Lopes e C.ª". En 1890, esta misma Casa publica una "Segunda edição aumentada com um apêndice contendo traduções em alemão, francês, italiano e espanhol". Pues bien, de las traducciones al español, dos sonetos

[7] En el citado libro de Vilanova se reproduce el testimonio del escritor y diplomático cubano Hector Saavedra sobre la admiración que Magalhães Lima sentía por Curros. Veáse pág. 147.

[8] N.º 42.

—"Quia aeternus" e "Ignotus"— y un poema largo —"Los Vencidos"— son de un escritor hoy casi desconocido Baldomero Escobar, y seis sonetos que forman una unidad superior que lleva como título "Elogio de la muerte" de Curros Enríquez. Que nuestro coterráneo era por aquel entonces también famoso en Portugal y muy apreciado por Antero nos lo prueban las siguientes palabras de una titulada "Advertência dos Editores" en realidad escrita por el poeta, como sabemos por Joaquim de Araujo que poseía el autógrafo: [9] "Em espanhol publicamos seis sonetos traduzidos pelo snr. Manoel Curros Henriquez, cujo nome dispensa qualquer comentário, conhecido e estimado como é em Portugal pelo seu admirável volume de versos em dialeto galego *Aires d'a miña terra* que o tornou quási um dos nossos" [10].

La última traducción de Curros a que vamos a referirnos ofrece la particularidad de no estar en español sino en gallego. Se trata de la versión de "Zara" de Antero de Quental que, entre otras cuarenta y ocho a todas las lenguas y bastantes dialectos peninsulares (castellano, gallego, catalán, vasco, mallorquín, asturiano y mirandés) y a los principales idiomas hablados en Europa (francés, inglés, italiano, ruso, polaco, alemán, sueco, noruego, neerlandés, finés, húngaro, griego, bretón, hebreo, danés, etc.) aparece en la curiosa edición políglota que en 1894, muerto ya el autor de las *Odes Modernas*, hace Joaquim de Araujo del pequeño poema que, en enero de 1880, le había escrito para la tumba de su hermana.

Joaquim de Araujo, Cónsul durante mucho tiempo de Portugal en Génova, es un escritor de segunda fila pero que desempeña un papel de gran importancia en la vida literaria portuguesa de la época. Maravillosamente dotado para lo que hoy llamaríamos relaciones públicas, constituye un extraordinario divulgador en el Extranjero de los valores culturales de su patria, hasta el punto de haber hecho exclamar en una carta a Teófilo Braga: "Se tivéssemos quatro homens como Araujo em Paris, Berlim, Londres e São Petersburgo as memórias portuguesas seriam incorporadas entre as grandes individualidades de Europa" [11].

Su correspondencia, conservada en la Biblioteca Marciana de Venecia, nos lo muestra no ya como un magnífico intermediario entre los escritores lusitanos y sus admiradores de otros países sino hasta como lazo de unión de éstos, a los que en muchas ocasiones puso en relación (pensamos por ejemplo, en nuestro Menéndez Pidal joven al que hace entrar en duradero contacto con el portugués Teófilo Braga, el francés Puymaigre y el italiano Emilio Teza) [12]. No es ex-

[9] V. José Bruno Carreiro — *Antero de Quental. Subsidios para a sua biografia*. Lisboa, 1948, pág. 196, nota 13.
[10] Pág. V.
[11] V. Angela Mariutti de Sánchez Rivero — *Carteggio Ramón Menéndez Pidal — Joaquim de Araujo. Ramón Menéndez Pidal — Emilio Teza*. Estratto da "Studi di lingua e letteratura Spagnola". Torino, 1965, pág. 256.
[12] Idem.

traño, pues, que, en torno a cualquier empresa suya, Joaquim de Araujo lograse aglutinar a los nombres más representativos de diferentes especialidades y naciones, como ocurre en el caso de la edición políglota de "Zara" [13] que tiene por colectores a Rafael de Altamira y Jules Cornu, por revisores a Dª. Carolina Michaelis de Vasconcelos y Gonçalves Viana y por coordinadores a este último y Adolfo Coelho, entre otras figuras menos conocidas de la Lingüística y de la Historia.

Son cinco las traducciones castellanas de "Zara" que figuran en esta edición políglota: tres de españoles —Núñez de Arce, Luis Vidart y Nicolás de Goyri— y dos de hispanoamericanos —el peruano Ricardo Palma y el cubano Francisco Sellén—. Se explica así que a Curros se le encargase una versión gallega, tal vez la única que haya llegado a escribir, o al menos a publicar, en toda su vida, puesto que, mientras las traduciones del portugués al español del autor de *Aires d'a miña terra* se explican por el imperativo moral en que siempre se sintió el poeta de Celanova de dar a conocer a los hablantes castellanos una literatura como la lusitana que todo buen gallego no puede por menos de considerar algo propio y entrañable —tales son los lazos temperamentales e idiomáticos que unen a las tierras situadas al Norte y el Sur del río Miño—, traducir, en cambio, del portugués al gallego carece por completo de justificación social al ser precisamente nuestros paisanos los únicos españoles para los que no ofrece misterios la lengua de Camoens, y habría de constituir apenas mero "divertimento", placentero ejercicio literario, una especie de práctica de arte por el arte a la que Curros, por su carácter e ideología, era totalmente contrario.

Puesto, sin embargo, a la tarea (no podía faltar la representación de su tierra en el complejo mosaico de aquel prodigio de coleccionismo lingüístico que era la edición políglota de "Zara"), Curros recrea tan amorosamente en gallego el poemita anteriano que, en nuestra modesta opinión, consigue incluso superarlo, a diferencia de lo que les ocurre a otros traductores, poetas de fama como Núñez de Arce [14], que no logran mantener en sus versiones la leve, diáfana y casi inaprehensible belleza del original portugués.

En realidad tenía razón Blasco Ibáñez al afirmar que Curros Enríquez era un extraordinario traductor. Con su acertado concepto de

---

[13] Anthero de Quental — *Zara*. Edicão polyglota. Lisboa. Imprensa Nacional, 1894. 8.º, XVI-94 pág. Edición numerada de 280 ejemplares: 20 en papel Japón, 20 en Whatman, 60 en hilo azul, 80 en hilo blanco y 100 en hilo fina. El ejemplar n.º 218, con dedicatoria de Araujo a Menéndez Pelayo, se encuentra en la Biblioteca Menéndez Pelayo de Santander.

[14] En la traducción de Núñez de Arce hay además un error linguístico: la confusión del verbo portugués *acordar* con el español. "¡Cuán venturoso aquél que por la angustia/ Y las tormentas de la vida humana/ Inconsciente pasó como la rosa/ Y leve cual la sombra por el agua/ Era tu vida un sueño indefinido,/ Ténue, más suave que la luz del alba./ ¡Ay!, te acordaste... sonreiste... y luego
Tu dulce sueño continuó. ¡Descansa!".

lo que debe pretender el que vierte de un idioma a otro ("Una traducción es un cambio de moneda. Al traducir a una lengua como al penetrar en una nación no ha de exigírsenos la del país de donde procedemos sino una equivalente") [15] y sacrificando el rigor literal a la fidelidad al espíritu de la composición, logra siempre que sus traducciones parezcan originales y no, como sucede tantas veces, falsificaciones o remedos, a pesar de que con ejemplar modestia se lamenta de tener que ofrecer en cobre lo que a él le dan en oro.

Consideramos de interés para el lector la posibilidad de comparar versiones y originales, y por eso los publicamos juntos al final de este trabajo que nos ha hecho afirmarnos en nuestra idea de que siempre que se trate de descubrir la vía de entrada en la literatura española de cualquier movimiento de origen portugués habrá que volver los ojos a Galicia, puente entre dos Culturas, Jano bifronte con una cara que mira hacia el Este y otra que otea las tierras situadas al otro lado del Miño.

PILAR VÁZQUEZ CUESTA
Madrid

[15] *Obras completas*, pág. 21.



Autógrafo de Curros Enríquez que se encuentra en el Espólio Araujo de la Biblioteca Marciana de Venecia.

ELOGIO DA MORTE

"Morrer é ser iniciado"
(Antologia grega)

I

Altas horas da noite, o Inconsciente
Sacode-me com força, e acordo em susto.
Como se o esmagassem de repente,
Assim me para o coração robusto.

Não que de larvas me povoe a mente
Esse vácuo nocturno, mudo e augusto,
Ou forceje a razão porque afugente
Algum remorso, com que encara a custo...

Nem fantasmas nocturnos visionários,
Nem desfilar de espectros mortuários,
Nem dentro em mim terror de Deus ou Sorte...

Nada! o fundo dum poço, húmido e morno,
Um muro de silencio e treva em torno,
E ao longe os passos sepulcrais da Morte.

II

Na floresta dos sonhos, dia a dia,
Se interna meu dorido pensamento.
Nas regiões do vago esquecimento
Me conduz, passo a passo, a fantasia.

Atravesso, no escuro, a névoa fria
Dum mundo estranho, que povoa o vento,
E meu queixose e incerto sentimento
Só das visões da noite se confia.

Que místicos desejos me enlouquecem?
Do Nirvana os abismos aparecem
A meus olhos na muda inmesidade!

Nesta viagem pelo ermo espaço
Só busco o teu encontro e o teu abraço
Morte! irmã do Amor e da Verdade!

ELOGIO DE LA MUERTE

I

En la hora del reposo lo Inconsciente
Me sacude y despierto consternado;
Bajo el pie de un titán, como aplastado,
Mi corazón se para de repente.

No es que de larvas fúnebres la mente
Pueble el nocturno espacio dilatado,
Ni, de remordimientos asaltado,
En lucha el alma, el torcedor ahuyente.

No son vagos fantasmas ilusorios,
No es procesión de espectros mortuorios,
Terror de Dios, ni de la suerte miedo...

¡NO! Es el fondo de un pozo, húmedo y frío,
Un muro de tiniebla en torno mío
Y la Muerte que avanza a paso quedo.

II

Por florestas de sueños cada día
Se interna más mi triste pensamiento,
De olvido en pos, que apeteció sediento,
Llevado por la inquieta fantasía.

Atravieso entre sombra y niebla fría
Un mundo extraño, sin rumor ni acento,
Y mi amargo y errante sentimiento
Sólo en los genios de la noche fría.

¿Qué místicos anhelos me enloquecen?
Del espacio en lo inmenso se aparecen
A mis ojos los senos del Nirvana!

En este viaje por un mundo inerte
Tu brazo busco redentor, ¡oh muerte,
de la Verdad y del Amor hermana!

III

Eu não sei quem tu és-mas não procuro
(Tal é a minha confiança) devassá-lo.
Basta sentir-te ao pé de mim, no obscuro,
Entre as formas da noite com quem falo.

Através do silêncio frio e escuro
Teus passos vou seguindo e, sem abalo,
No cairel dos abismos do Futuro
Me inclino à tua voz para sondá-lo.

Por ti me engolfo no nocturno mundo
Das visões da região inominada
A ver se fixo o teu olhar profundo...

Fixá-la, compreendê-lo, basta uma hora,
Funérea Beatriz de mão gelada...
Mas única Beatriz consoladora!

IV

Longo tempo ignorei (mas que cegueira
Me trazia este espírito enublado!)
Quem fosses tu que andavas a meu lado,
Noite e día, impassível companheira...

Muitas vezes, é certo, na canseira
No tédio extremo dum viver magoado
Para ti levantei o olhar turbado,
Invocando-te, amiga verdadeira...

Mas não te amava então nem conhecia:
Meu pensamento inerte nada lia
Sobre essa muda fronte, austera e calma.

Luz íntima, afinal, alumiou-me...
Filha do mesmo pai, já sei teu nome,
Morte, irmã coeterna da minha alma!

V

Que nome te darei, austera imagem,
Que avisto já num ângulo da estrada
Quando me desmaiava a alma postrada
Do cansaço e do tédio da viagem?

III

Yo quien eres no sé; mas no procuro,
Tal es mi confianza, averiguarlo;
Para huir el temor, para esquivarlo,
Bástame verte junto a mí en lo oscuro.

Tu paso lento y a tu fín seguro
Persigo en el silencio, sin turbarlo,
E inclínome a tu voz, por sondearlo,
Al borde del abismo del futuro.

Por tí me engolfo en la región fecunda
De los nocturnos sueños ,tu mirada
Solicitando plácida y profunda;

Mirada a mi hondo afán reveladora,
Fúnebre Beatriz de mano helada,
Mas única Beatriz consoladora.

IV

Largo tiempo ignoré (mas ¿qué ceguera
Así tuvo mi espíritu nublado?)
Quien fueses tú que estabas a mi lado,
Día y noche, impasible compañera.

Mil veces, de la vida en la carrera,
De tedio lleno y de sufrir cansado,
alcé hasta tí mis ojos conturbado
y te invoqué, esperanza postrimera.

Entonces no te amaba todavía;
Sobre tu frente muda no sabía
Deletrear mi espíritu sin calma.

Hoy que una luz extraña llega al hombre
Ya te conozco al fín, ya sé tu nombre,
¡Muerte hermana coeterna de mi alma!

V

¿Qué nombre darte, austero personaje,
A quien hallé en la senda de la vida
Cuando cejaba el ánima tendida
Por el duro cansancio del viaje?

Em teus olhos vê a turba uma voragem
Cobre o rosto e recua apavorada...
Mas eu confio em ti sombra velada,
E cuido perceber tua linguagem...

Mais claros vejo, a cada passo, escritos,
Filha da noite, os lemas do Ideal,
Nos teus olhos profundos sempre fitos...

Dormirei no teu seio inalterável,
Na comunhão da paz universal,
Morte liberadora e inviolável!

VI

Só quem teme o Não-ser é que se assusta
Com teu vasto silencio mortuário,
Noite sem fim, espaço solitário,
Noite da Morte, tenebrosa e augusta...

Eu não: minh'alma humilde mas robusta
Entra crente em teu átrio funerário:
Para os máis és um vácuo cinerário
A mim sorri-me a tua face adusta.

A mim seduz-me a paz santa e inefável
E o silêncio sem par do inalterável
Que envolve o eterno amor no eterno luto.

Talvez seja pecado procurar-te,
Mas não sonhar contigo e adorar-te,
Não-ser, que és o Ser único absoluto.

ZARA

Feliz de quem passou por entre a mágoa
E as paixões da existencia tumultuosa
Inconsciente como passa a rosa
E leve como a sombra sobre a água.

Era-te a vida um sonho indefinido
E ténue, mas suave e transparente.
Acordaste... sorriste... e vagamente
Continuaste o sonho interrompido.

Siente la turba al verte horror salvaje
Y, cubierta la faz, huye aturdida;
Sólo yo te amo, sombra indefinida,
Tan sólo yo comprendo tu lenguaje.

En tus ojos profundos he leído
El tremendo misterio impenetrable
Del ideal, a tantos escondido;

Y en tu seno de paz inalterable
Sé que me espera el sueño apetecido,
Muerte libertadora e inviolable.

VI

Sólo el que tiembla ante el No-ser se asusta
De tu enorme silencio funerario,
Noche sin fin, vacío solitario,
sombría noche de la Muerte augusta.

Yo no: mi alma contrita, mas robusta,
Penetra reverente en tu sagrario;
Hosco a todos tu aspecto cinerario
Yo hallo sonrisas en tu faz adusta.

Me seduce la calma y el reposo
De tu silencio santo y tenebroso
Que envuelve todo amor en todo luto.

Crimen grande tal vez será llamarte,
Mas no soñar contigo y adorarte,
No-ser, que eres Ser único absoluto.

ZARA

Ditoso quen pasou por entr'a magoa
I-as pasións d'a existenza tormentosa
Deporcatado como pasa a rosa
E leve como a sombra sobre'a agoa.

Era tua vida un sono indefinido
E tenue pero doce e transparente.
Acordache... sorriche... e vagamente
O sono continuache interrumpido.

VICENTE RISCO E NÓS. NOTAS PRA UNHA LERIA.

Pra Antía, na lembranza ferida de Antón, sin máis palabras.

I. Risco, inadaptado

> "nós viñamos a clasificalos homes, virtualmente, en tres tipos, que veñen corresponder aos tres tipos en que os diferenciaban os gnósticos e os priscilianistas: *hylicos, psíquicos e pneumáticos*".

É un mal comenzo endereitáremos a nosa achega a Vicente Risco por lugares comúns. I é sin dúbida, oxe, un lugar común falar de Risco inadaptado. Mais compre situar ben a inadaptación de Risco, no tempo e máis no persoaxe. Compre, xa que logo, sin escusa, falar un anaco do Risco inadaptado.

A. Risco sitúase no cumio da crise da cultura europea. Millor, da historia moderna europea. Enténdese, pois, cultura no seu senso global, non no senso específico de cultura erudita, cultura da creación individual dos homes *pneumáticos*, como diría il. Enténdese, pois, abranguendo todalas formas de creación dun modo de vida, dun xeito de entender e interpretar o mundo, e máis a propia eisistencia do home nise mundo. En suma: *unha* fonda crise de Europa —non unha apocalipse— anguriante pra os homes que a viven, mais ó cabo, seguramente, fecunda.

1. Reparemos ben: dun século XIX de aduvío escintilante, pasamos ó limiar da Gran Guerra. O século XIX vira desenrolárese en Europa:

No orde económico, a eclosión do capitalismo industrial e financieiro, derradeira fase do capitalismo, a fase da "presa tola na esplotación dos recursos" caraiterística da "revolución industrial" —como sinala Josef Steindl nun recente ensaio de homaxe a Maurice Dobb.

No orde ideolóxico, o xurdir dos socialismos modernos —incubación, no plano doutrinal, da crise hexemónica do sistema capitalista. É decir, a elaboración sistemática dunha ideoloxía anovadora, apoiada nas derradeiras achegas da metodoloxía centífico-positiva: a economía ricardián, a socioloxía positivista comtián e o método das pescudas históricas— pois tudo iso conflúe na obra de Karl Marx.

No orde político, a plenitude do liberalismo parlamentarista: In-

glaterra como patrón político da Europa, no mesmo intre en que atravesa o longo relanzo da pándiga omnipotencia victorián.

No orde cultural, o romantismo, o retorno ó mundo preclásico. A gran paixón inteleitual de Risco. "Goethe, Schiller, Lessing, Herder, non son románticos. Os alemás téñenos por crásicos. Mais como nos países de fala latina dominaba o máis intolerante clasicismo, coas súas unidades, senequismo, *Epístola ad Pisones* e demáis parvadas, aquiles artistas pareceron románticos, e aínda llo parecen a algús" —escribiría Risco con boa agulla.

No orde hexemónico, o cumial do colonialismo. É decir —aínda que oxe sexa demasiado cómodo decilo— da gran espoliación.

2. Ben se bota de ver que é un panorama de elementos heteroxéneos e difícilmente conciliábeles: é, en argot de economista —sin dúbida emprestado dos físicos— un equilibrio inestábel.

1.º Liberalismo político de feito, versus socialismo nas ideas pra o futuro. Socialismo en xestación ó longo de vieiros moi dispares —Owen, o saint-simonismo, Proudhon, Fourier, Rodbertus. No cume, o marxismo, o "socialismo centífico". Abonda ollar o reconto de tendencias contemporáns calificadas de heterodoxas ou de seudosocialistas no *Manifesto comunista*. No mesmo *utilitarianism* se ensarillan ideas e principios de raigame certamente socialista —a evolución do pensamento de Stuart-Mill é un espoñente. E aínda había vir o "socialismo de cátedra", socialismo ben burgués sin dúbida, pro que enxertaría principios nada liberás na teoría financieira do Estado.

2.º Capitalismo industrial vencellado a imperios coloniás. Diferencia fonda co imperialismo colonial español doutro tempo. A atrasada economía e máis a "castiza" sociedade españolas do s. XVI non estaban en condiciós de erguer unha gran empresa económica que aproveitara á metrópoli: o eixo Flandes-Italia era polo entón a única Europa capás de o facer —e acabóu por facelo en boa medida. Mais o colonialismo do XIX é o que verdadeiramente leva a cabo unha esplotación sistemática dos recursos coloniás. O capitalismo industrial crea nas metrópolis os mercados de saída dos produtos zugados nas colonias —transformados ou non. E crea nas colonias quistes de burguesía industrial illados da coleitividade indíxena, fócos que non esparexerán o progreso nas comunidades primitivas. A semente do conflito colonial do s. XX está botada.

Doutra banda, as crises alternativas do liberalismo económico. Coas súas primeiras manifestaciós: no comercio internacional, na proxeición social. Proteicionismo-librecambismo: polémica doutrinal, loita política, liorta económica. A Inglaterra dos tempos de Ricardo, James Mill, Tooke, rexistra a polémica interna cos intereses agrícolas. En Alemania, con List, a polémica doutrinal cobra outro senso, e na práitica as teses non liberás poñeránse ó servicio de Bismark e a súa política da unificación, coa que fará por gañar o retraso que polo entón leva o desenrolo industrial alemán. Noutro orde de feitos, na proxeición social, os gromos orgaizativos das forzas obreiras converxerán na estrada central do sindicalismo, que acabará por se im-

poñer e conquerir a legalidade —é decir, a institucionalización do conflito cos principios da economía liberal.

3.º Romantismo como aititude espritoal que tingue os fenómenos máis aló do eido creacional: alianza co nacionalismo como revolta frente ao mundo cartesián. Lord Byron combate en Grecia pola independencia do vello país. Traduce ó inglés os cantos patrióticos gregos: "Sons of the Greeks! let us go/ In arms against de foe,/ Till their hated blood shall flow/ In a river past our feet". E morre en Missolonghi, a vila, xa daquela cercada, que se vai convirtir moi axiña no símbolo da revolta grega —a dor de Grecia no celebérrimo lenzo de Delacroix.

O romantismo inspira as novas tomas de concencia nacional: nacionalismo cultural, étnico, sociolóxico; non nacionalismo definido polas estroituras políticas dos estados renacentistas. Tomas de concencia ás veces desintegradoras de Estados prestabrecidos: os países danubiáns no imperio Austro-húngaro. Bohemia, co seu nacionalismo agromado primeiro no eido literario; as reivindicacións idiomáticas; Palacky e as asambleas de Praga do 1848. A ricaz Moravia, irmá de destino da Bohemia. A loita defensiva da comunidade slovaca ante a raposeira penetración magiar — a fundación da "Matica slovenska" no 1863, e a súa supresión poucos anos despóis.

Ás veces, pola contra, esas correntes formulan unha unión anovadora: Italia, onde romantismo e pulo liberal decimonónico se mesturan e confunden no "risorgimento", deica a unidade definitiva de 1870. Porén, liberalismo decimonónico e nacionalismo son unha alianza sin futuro. A mesma Italia non tardará en aportar probas delo.

3. Tudo fai crise a pouco de chegar o século XX.

No orde económico, a revolución soviética establece a primeira economía planificada coleitivista, cando nin vestixios hai de planificación racional —nin siquera "indicativa"— na economía das sociedades europeas, fora dos presupostos eminentemente consuntivos do Estado.

No orde político, a Gran Guerra pon en custión a hexemonía europea: o colonialismo ten os días contados. E o neocapitalismo comezará a levedar, á par mesmo dos primeiros movementos de revolta no terceiro mundo. O primeiro como resultado dunha saturación relativa dos mercados metropolitáns. O segundo como consecuencia dos primeiros brochos de élites indíxenas formadas no mundo oucidental, ou na convivencia con il.

Pon tamén en trance de morte ó liberalismo. O colapso económico de Europa fai rubir as masas ó sobrado pra recramaren o poder. Dun xeito ou doutro, vaise facer política *de masas*. Demagoxia de masas, por desdita, as máis das veces. En calquer caso, os sistemas autoritarios van vir seguidos. É o tempo das ditaduras, que analizará Cambó. Ditaduras de esquerda, revolucionarias: en 1917, a URSS, ditadura do proletariado e liderazgo bolchevique. Ditaduras de dereita: Primo de Rivera, en España. Ditaduras que pretenden chegar á civilización por carreiros salvaxes: Mustafá Kemal Ataturk, un "pai da patria" antre pintoresco e brutal —Risco tíñalle un noxo adoecido.

Ditaduras "corporativistas": Oliveira Salazar. Hai pra todolos gostos. Deseguida bruará o fascismo. A república de Weimar cairá coa chegada dos anos trinta —1933— e a república española nacerá cando a de Weimar está nas agonías. Non podía chegar nun intre pior, nunha sazón máis inoportuna. E o nazismo será decisivo prá morte da esperencia parlamentaria española, aínda impúber.

Tudo isto compón a escea na que se vai desenrolar a vida creadora de Vicente Martínez Risco Agüero. Tudo isto vai facer dil un inadaptado. Porque é, como dí o tíduo suxeridor de Ramón Lugrís, "o tempo dos inadaptados". Vicente Martínez Risco Agüero é un inteleitual, e ós inteleituás correspóndelles pasar polo trance da inadaptación, cando viven situaciós semellantes á peripecia do Risco.

B. Nefeito: Risco, persoaxe; Risco, home, axuńta en principio os caraiteres antropolóxicos precisos pra sere vítima da inadaptación. Como inteleitual, tiña de pasar polo trance. Como indivíduo Vicente Risco, tiña de se asolagar nil, de sere apreixado pola inadaptación.

1. Como inteleitual. Il mesmo o di. Díceo en *Nós os inadaptados*, especie de confesiós roussoniáns epigramáticas. E, cáseque tamén, verdadeiro epitafio: escrita en 1933, pouco denantes do que foi pra il coma unha primeira morte, a morte nos eidos máis sustanciás do seu esprito.

Lugrís describe moi ben a que chama "concencia da crise" e o paralelo cos esquemas spengleriáns. Risco aceptaba, na súa mocedade, as tres etapas spengleriáns, que il formulaba según o predominio de cada un dos tres tipos de homes que compuñan a súa escada valorativa: hylicos, psíquicos e pneumáticos. "Os homes vulgares, os homes do común, corresponden aos hylicos ou materiás; os homes de talento, os simpremente cerebrais, corresponden aos psíquicos; os homes de esprito corresponden aos pneumáticos". Daquela as culturas atravesan tres fases: na primeira imprímenlles caráiter os homes vulgares; na segunda, os homes de esprito, que dan forma e contido á cultura madurecida; na terceira, os homes de talento, que aprican as formas culturás á vida, materializana, e dan así o trunfo ós homes vulgares —mais convirtidos agora en "bárbaros armados das armas da cultura".

Agora ben, Risco opina que "os homes de esprito, no tempo do predomiño do talento, deveñen inadaptados". Desta maneira xustifica Risco a súa aititude de mocedade, e mesmo certas constantes da súa persoalidade. E faino en plural.

Cando se reeditou o texto de *Nós os inadaptados* no volume *Leria*, Risco púxolle un prólogo, e nil escribíu: "Recentemente díxose, lembrando este escrito, que eu non debera ter pluralizado nesta exposición (...) e que a confesión de sermos "inadaptados" non debía ser referida máis que a min". I engadíu: "Non teño incomenente en asumir eu soliño toda a responsabilidade por inteiro". Certamente non era xa tempo de asumir responsabilidade ningunha. Mais tampouco o ser inadaptado é unha eiva que poda ferir susceitibilidades. O que importa é a conduta ante a inadaptación. Velahí, pois, o home.

2. Como indivíduo. Agudo. Requintado. Curiosidade insaciábel. Sensibilidade de estrema finura. Rigor analítico. (=Aristocracia de esprito). Tímido. Orgulloso, non coa vaidade común senón co arruallo do home de valer. Distante, un chisco distante. O aquel egolátrico de que fala Piñeiro. Irónico decote; ás veces, moitas, sarcástico.

Risco, como inteleitual, está ó día, atento á derradeira novedade, á curiosidade máis abaladiza. O mesmo fala de Teixeira de Pascoaes, que de Le Corbusier, que do poeta armenio Hrand Nazariantz. O seu *Dedalus en Compostela,* escrito en 1929 e referido ó 1926, é unha peza ben ilustrativa dise estar ó día cultural, e ben reveladora dalgúns dos eidos máis íntemos do Risco. ¿Acórdasevos aquil comento de Mac Hugh no *Ulysses*? "No deserto e no cimo da montaña os xudeos decían: *Qué ben se está eiquí. Ergamos un altar a Xehovah.* O román, coma o inglés que marchóu sobor das súas pegadas, levaba onde queira que puxera o pe (no noso lar nono puxo nunca) esa única ousesión do sumideiro. Envolveito na súa toga, ollaba arredor dil e decía: *Qué ben se está eiquí. Fagamos un water-closet*". Craro é que Joyce, con bo criterio e millor sensibilidade, non embazaba co seu noxo pola civilización román a súa paixón pola cultura grega. —"Ah, Dedalus, os Gregos. Compre que os leas no texto". Risco, na súa tan peculiar visión do romantismo, semella non facer distinciós no mundo crásico. Mais hainas, e son compridas.

Risco, unha podente cabeza nunha persoalidade humán complexa e aristada, capás de acobillar unha teimosa e apaixoada enerxía baixo a códea dunha frialdade mol. Unha persoalidade capás de suscitar as máis afervoadas lealtades e as máis estremas antipatías.

Coido que hai dúas notas desconcertantes, pra o leitor pouco avisado, na persoalidade de Risco que traslocen as súas obras. Unha é a rotundidade dos seus xuicios e das súas tomas de posición. Outra é o seu permanente senso da ironía. As dúas teñen sido, coido eu, fontes farturentas de aititudes trabucadas e reaiciós pouco sereas ante a súa obra. Tamén levan dado motivos pra interpretaciós moi dispares, e mesmo antagónicas, de recantos determiñados do seu pensamento.

Os seus xuicios rotundos son coma lostregazos que provocan unha sacudida no leitor, embazándolle os ollos pra reparar no contexto. E porén, rara vez deixa Risco de darlle voltas e máis voltas ás súas primeiras impresiós, ás súas rotundas sentencias inaugurás.

A súa ironía latexa permanentemente en tudo canto escribíu, e xurde decote por algures, coma un chafarís desconcertante, no intre xusto en que o leitor, gañado pola seriedade maxistral do discurso, decidíu tomar ó pe da letra tudo canto está a ler. "A naftalina, que é o incenso das procesiós cívicas". "Os pobos que desaiunan con café con leite, son pobos decadentes". "En xeral, o mundo, pra nós, era cousa que había que aturar cunha postura de dandysmo". "Que hai moitos galegos que son na súa terra verdadeiros turistas, e fanlle o aldraxe de portárense coma tales". Moitos dos que len a Risco e se alporizan, en realidade non entenden a segunda lingoaxe tan propia do

falar dos galegos, que desconcerta ós alleos e que Risco, coma os millores e máis auténticos dos nosos escritores, adoitaba empregar a cotío. O que ocurre é que o Risco é máis mordaz. O humor de Castelao, por exemplo, é humanísimo, aínda nos sarcasmos máis arrepiantes e atroces. O de Risco, en troques, moito máis frío, máis agresivo, máis firente, menos inxénuo —máis incómodo. Pro ás veces, de sócato, nun recanto calquera, xurde un comento revelador da íntima humanidade risquián: "o vicioso, ao fin, é un home que aceita os dons de Deus; poderá abusar diles, poderá ser egoísta e desagradecido, poderá ser hipócrita, mais non é soberbio. O soberbio non ten vicios, o soberbio é pulcro e impecábele". É solprendente a analoxía, en contido humán, diste comento coa anéidota de Valle Inclán —relativa a un incidente antre Rubén Darío e Unamuno— que refire García-Sabell en *El gesto único de don Ramón*. Valle Inclán, que Risco soupo apreciar tan cabalmente: "Semella (...) que il (Valle) valoraba a superstición como poeta. Craro está que o punto de vista poético verdadeiro (...) enterga na raíz metafísica das cousas. Realmente, tido deica agora como simples literato, non nos temos preocupado de investigar o seu pensamento, e máis ben val a pena". Velahí a inaudita capacidade do Risco pra furar na códea das cousas e chegar, nun pulo de poucas verbas, ó fondal.

C. As tres etapas. A inadaptación, en Risco, é problema permanente, presencia inexorábel ó longo de toda a súa vida. Mais a súa postura ante ela non é decote a mesma. Ramón Piñeiro sinalóu tres etapas ben nídias: dúas de entrega á inadaptación —a primeira e máis a derradeira— e por conseguinte, de dedicaciós evasivas; unha, a etapa central, de loita fecunda contra a inadaptación.

D. A primeira evasión. Evasión de mocedade. No requinte cultural. Na curiosidade polo *exótico* —é decir, polo que nos cai de lonxe e non prantexa problemas éticos de toma de posición imediata. Esta etapa dura deica 1918. Dela tirará o Risco dous únicos proveitos: o exercicio da súa agudeza inteleitual e máis a formación de etnógrafo. Dela sairá por un dos dous camiños que il mesmo sinalóu, retrospeitivamente, en 1933: o da "persistenza na introversión, no cultivo do eu"; o da "extroversión na obra social, precurar conformalo mundo á nosa visión, salvalos nosos valores". Realmente, o primeiro camiño non é saída; nil andaba xa de mozo, na primeira etapa. O segundo é o verdadeiramente liberador.

E así veu dar con Galicia. Il descríbeo con moito humor: "como aquil inglés de Chesterton que, despoixas de moitas viaxes polo mundo, atopou unha terra descoñecida que resultóu ser a fin de contas a Gran Bretaña".

II. Risco, o galeguista

"... a nosa Terra, oculta ao noso ollar por un espeso estrato de cultura allea, falsa e ruín, vulgar e filistea".

Diste xeito chega ó galeguismo, e niste esprito vai desenrolar un labor xigantesco. O labor dun home que aínda está de portas afora

da sociedade. Risco galeguista non é un home integrado, ou reintegrado, á sociedade do seu tempo; é, segue a ser, un inadaptado, mais un inadaptado en loita aitiva esta vegada. Non podía acontecer doutro xeito; "nós eramos así por sermos galegos". Esta lucidía visión do problema do inteleitual galego é decisiva. Risco, inadaptado, pasa á loita aitiva no galeguismo; isto non elimina a inadaptación, somentes lle dá folgo creador e virtualidade de empresa coleitiva: "E xa que son así as cousas, ollemos que o home de esprito non se perde de todo na obra social". Está a superar o pesimismo spenglerián acomodaticio e mol. Risco loita ó cabo.

A. As raigañas polas que zugou a enerxía precisa pra esa aititude: "Compre voltar á terra, compre voltar á obediencia da lei" —di Eladio, o alter ego do Risco, en *A Coutada*—. "Compre que deixemos eiquí todolos nosos prexuizos vilegos, que nos deamos á terra en corpo e alma, con todo o que somos e con todo o que temos".

É coma unha entrada en relixión. O sentimento da terra, ó que il adicará un dos seus primeiros ensaios da etapa creadora —nos primeiros números de *Nós*. Risco fixera a descoberta dunha abraiante paradoxa: que o camiño do universalismo levaba nos máis dos casos a confíns escuros, cativos e sin saída, mentras que o labor esforzado na propia terra, coma o do labrego, levaba dereitiño á universalidade. "Pra salvármonos do vulgar, pra evadírmonos do filisteísmo, pra redimírmonos do habitual, non cumpría ollar ao lonxe; chegaba con ollar ben perto, arredor de nós, en nós mesmos, adentro de nós mesmos". Aínda oxe homes ilustres en todo o mundo están lonxe de facer esta descoberta elemental e fuxidía. "Do grandor do teu esprito depende todo; canto máis pequeno sexa, máis terra precisará".

B. As manifestaciós da entrega risquián a Galicia son, pois, manifestaciós da súa loita contra da inadaptación.

Pódese sinalar unha nota fundamental que as caraiteriza: a promoción do traballo en equipo. O home illado, excéntrico, cai de súpeto na frebe da irmandade no traballo. Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Viqueira, Losada Diéguez, Villar Ponte, Porteiro Garea, Alexandre Bóveda, Peña Novo, Bal, Tobío, Xurxo e Xaquín Lourenzo, Bastián González, Casal; así, ou por outros nomes, poderíamos encetar unha relación de homes dos que se nutriron os equipos consagrados ás angueiras do estudo sistemático e da promoción política do país. As Irmandades da Fala son o verdadeiro berce diste agromar vizoso no que Risco tivo unha participación sinalada. Os petrucios diste verdadeiro abalo humán integran o que se deu en chamar a "xeneración Nós", que fixo en poucos anos un labor de grupo como nunca se fixera en Galicia, que logrou froitos definitivos, i esparexeu unha semente que aínda oxe está a xeremolar. A revista *Nós*, da que Risco foi fundador e direitor literario, constituíu o eixo do movemento. Abonda ler a lista dos seus colaboradores. Logo nacería o Seminario de Estudos Galegos, que nunha manchea de anos faría unha obra inaudita. Hai máis aínda. Por primeira ves se acometeu

en equipo o estudo dos problemas económicos e sociás: o Congreso de Lugo, nò 1925, sinala unha encrucillada cardinal.

Non imos tratar polo miudo as diversas manifestaciós do labor risquián. Somentes algúns caraiteres sobresaíntes. Os apartados que facemos son arbitrarios.

1. *Etnografía e historia*

Risco toma o relevo das pescudas históricas galegas do XIX-XX, dos Vicetto, Villaamil y Castro, Saralegui Medina, Tettamancy, Amor Meilán, Murguía.

Niles o celtismo é un elemento animador e fundamentador de cerne romántico. A historia do pobo galego, do home galego, ten a raigaña da súa peculiaridade, pra iles, na cultura celta. Risco vaise ocupar do home galego nunha orientación que, sin perder o pulo romántico, percura un rigor metódico científico máis acusado.

Niste orde de cousas, o "romantismo" do Risco non ten outro sentido que o dun antipositivismo, e oxe estamos en condiciós de apreciar o contido fecundo desa postura, poisque na epistemoloxía das cencias se está de volta das demasías e das desviaciós ás que tiña chegado o positivismo naquela sazón. O pulo "romántico" de Risco non é máis que unha alerta contra a deshumanización da cencia, por unha banda, e máis contra o fetichismo dos rigorismos formás, encoiros e vacuos, pola outra. Non afasta o rigor metodolóxico. Nos estudos risquiáns o rigor do razonamento está manifesto. E por se non abondara, recordade, por exemplo, aquela chamada de atención a Amado Carballo encol das disquisiciós de Roso de Luna e o hipotético culto á Vaca Astral en Galicia.

Non val a pena, coido eu, perder o tempo en limpar o celtismo dos Precursores e máis do Risco de hipotéticos lixumes racistas, no senso peiorativo. Pra mín está craro que, en principio, o "racismo" de Risco non ten que ver co fascista —co nazi. Posúe outro sentido radicalmente diferente, que poderemos alucar cando tratemos do pensamento nacionalista.

A cultura peculiar do país galego será estudada etnográficamente con rexo sistema. Será labor, fundamentalmente, do equipo Risco-Cuevillas-irmáns Lourenzo (Xaquín, que nos deu hai poucos anos o froito madurecido dise estudo etnográfico sistemático da cultura material en Galicia, que enche il só as setecentas páxinas —grao sin palla— do segundo volume da *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo. E Xurxo, morto prematuramente, ós vintecatro anos, cun cumprido fardel de obra feita xa entón).

Os resultados diste labor risquián son ricaces. No volume do Seminario de Estudos Galegos *Terra de Melide*, feito en equipo e dirixido por Otero Pedrayo, o Risco acomete o primeiro estudo etnográfico sistemático e moderno dunha bisbarra galega. A cultura material e a vida social estudaráas il só. Na pescuda do folklore —crencias e práiticas relixiosas, mitoloxía, cencia e literatura populares— contará coa colaboración de Amador Rodríguez Martínez. (O folklore musical estudaráno Torner e Bal).

Mais o cumial do seu labor na etnografía acadaráo o seu estudo da cultura espritual en Galicia, pubricado en Montevideo, en 1962, no primeiro volume da *Historia de Galiza* citada denantes. Estudo que constitúe unha das poucas pezas chave con que contamos oxe na investigación positiva da realidade galega.

Á par disto, Risco, á morte de Fernández Alonso, dá cimo ó volume correspondente á provincia de Ourense da *Geografía General del Reino de Galicia*, dirixida por Carreras Candi. E os seus estudos históricos permitiránlle compor o *Manual de Historia de Galicia* editado en 1952 por Galaxia.

2. *Socioloxía e antropoloxía*

É certamente arbitrario facer iste apartado. Está enxertado no anterior. Mais cecáis conveña segregalo pra destacáremos:

1.º O estudo antropolóxico da sicoloxía campesiña.

Mantén unha tese espritoalista, que aínda sin parecerme enteiramente válida nos termos ausolutos en que a configura, escrarece sin dúbida recantos moi esenciás da antropoloxía paisán, de coñecemento indispensábel pra comprendéremos cáles son as estroituras mentás no noso mundo campesiño.

A introversión como causa e o sentemento da Terra como espresión das aititudes máis íntemas do home galego, e como raíz soterrada da súa ética social, son elementos de importancia certa e moi ben analizada por il, aínda que non lles deamos nós o mesmo valor que il lles deu. "Moitos fenómenos da nosa vida social, como: a perduranza do vencello familiar; a tendencia á economía familiar autárquica; os pequenos agrupamentos parroquiás; o fondo sentimento da terra (...); aínda o fero sentimento da propiedade (...) esprícanse por unha introversión estrema...".

O sentemento da Terra está presente a cotío na obra risquián. Levado ás veces a eidos metafísicos: "poida que pensamento e lirismo sexan nos homes das vilas a lembranza inconscente do vivir primitivo; poida que o desacougo que os leva a inventar e a practicalas artes e filosofía, veña precisamente da saudade da Terra". O sentemento da terra. Risco, decote sobranceiro nas súas teimosías. Ou cecáis comprira decir eiquí nas súas premoniciós. Velahí está o definitivo ensaio de Rof Carballo. ¿E il virá ser certo? ¿Viría ter razón o Risco ó cabo? "Agora —escribe Rof— os tempos están virando: o mundo comenza a se achegare ó noso campo, inda que por carreiros escondidos e de moitas reviravoltas que a xente non ve". Mais veleiquí a serea advertencia: "Pra nós, homes de Galicia, iste é o intre de meirande perigro, o intre en que o mundo, dispóis de nola ter negado, danos outravolta a razón".

2.º A defensa do idioma.

"O idioma galego, coma moitos libros da Edade Media, é o romantismo posto en latín".

O idioma é trabe central da problemática do pobo galego. Esta tese non aniñóu somentes no pensamento de Risco, como é ben no-

torio. Oxe non cabe dúbida de que os escritores do XIX que retornaron ó galego literario nono facían, na maoría dos casos, por motivaciós escrusivamente estéticas, aínda que os valores estéticos fosen razón abondo pra cultivaren o noso idioma. Matinadamente uns, intuitivamente outros, percibían o problema de diñidade que latexaba baixo o conflito idiomático. Encetar o labor rexenerador do país polo idioma é unha tese programática que se pode discutir, mais que posúe unha coherencia lóxica innegábel. Nos homes do tempo de Risco, facer da custión idiomática un eixo do labor polo país era unha aititude consecuente e fecunda. Abonda reparar en qué se convirtira unha ducia de anos despóis o que encetaran as Irmandades da Fala.

Hai poucos meses, Ramón Piñeiro describíu con nidieza cartesián o tecido e máis as implicaciós do problema do idioma. Ó referirse á eiva coleitiva que il denomina "prexuicio sociolóxico" relativo ó idioma, Piñeiro conclúe: "Iste prexuicio antigalego —de tan remota orixe, de tan persistente aición e de tan graves resultados— debe ser o ouxetivo máis urxente dos nosos esforzos de promoción de Galicia. Só así poderemos liberar ó noso pobo do sentimento coleitivo de inferioridade e dise doble servilismo da resiñación vencida ou da fuxida mimética. Temos que lle devolver o sentimento da propia diñidade e, como consecuencia, a confianza solidaria en sí mesmo, poisque iste é o punto de partida necesario pra poder levar a cabo a movilización das enerxías coleitivas na percura do progreso económico, social e cultural". I eu lémbrome niste punto do lucidío comento que Anxel Fole fai pronunciar a Gasparo na súa *Terra brava*: "Non abonda con que sintamos en galego: debemos de pensar tamén en galego. Outramente, seguiremos a ser coma un carro sin rodas".

En Risco, a descoberta do senso da loita a prol do idioma tivo un valor definitivo, porque o fireu nun dos seus febles: o seu sentido de distinción espritoal. O desprecio pola seudocultura levárao, da man do seu criticismo, a se diferenciar na percura do exótico —o "pecado do orientalismo". A descoberta da cultura auténtica do pobo reintégrao ó país e tórnao intransixente con relación ó idioma. É ben siñificativa esta fenomenal caricatura: "Nós sabiamos algunhas verbas inglesas pra misturáremos na conversa, por moda, naquil tempo en que a derradeira expresión da elegancia na nosa Terra eran os empregados do Cable de Vigo".

En Vigo, hai poucos anos —lémbrome— no enorme auditorium ó ar libre de Castrelos, unha compañía portuguesa puxo en escea teatro de Gil Vicente. Mentras o xentío que enchía as gradas gratuítas ría a cachón nos intres oportunos, a xente das entradas de pago, en silencio, perdía o fío as máis das veces. A Cultura, aquela noite, vestía de paisán e falaba galego.

3.º O estudo das formas esenciás da sociedade galega rural.

Compriría un longo vagar pra faláremos a modo do labor de Risco niste eido. Labor desenrolado, principalmente, en *El problema polí-*

tico de Galicia e, aínda de xeito máis propio e máis completo, no estudo etnográfico — i en tan boa parte sociolóxico— da cultura espritual en Galicia, inserto na dita *Historia* dirixida por Otero. Os que teimamos en deprender algunha cousa encol da economía galega —e por conseguinte de maneira singular encol da economía campesiña— estamos moi obrigados con ises estudos de Risco. Son básicos, repito, pra conocéremos as estroiturас mentás na nosa sociedade, e, xa que logo, pra endereitáremos axeitadamente a resolución da problemática do noso desenrolo.

3. *Pensamento: obra ideolóxica*

A. O proceso é aparentemente moi veloz. En 1918 enceta o seu labor galeguista. En 1920 sai do prelo, en Ourense, a *Teoría do nacionalismo galego.*

Mais esta Teoría é un verdadeiro programa de estudo e de matinación ideolóxica. Risco di do seu libro que "non é sinón unha glosa espricativa" dunha profesión de fé. Non embargantes, ó pulo creador que il acochaba non lle cadraba esa modesta función. As Irmandades da Fala encetaran a composición de esquemas de gran folgo: o programa de Lugo do 1918; as concrusiós de Santiago, do 1919. Risco desenrolará e revisará sin lecer os esquemas, as ideas cardinás, do nacionalismo galego deica o remate da súa vida política. A serie de artigos monográficos en *Alento,* nos anos 1934 e 1935, son mostras serodias dise proceso de madurecemento: as ideas, pra entón, requintáronse e fixéronse máis cristaíñas, e cobraron feitío os distingos máis sotís —e máis alumeadores —acalado o balbordo das impresiós da viaxe á *Mitteleuropa* recén abalada polo pulo nazi.

B. ¿Cómo é a ideoloxía risquián? Non é doado facer unha síntese. A propia revisión reiterada e as múltiples tomas de posición ante ideoloxías moi diversas, dan lugar a numerosos comentos risquiáns, ás veces parcialmente contraditorios ou difíciles de encachar. E coido que compre ter decote moi presente o orde cronolóxico dos textos.

Ramón Lugrís esculcóu con moito talento e rigor niste eido da obra do Risco. O seu estudo é farturento. Eu non podería, aínda que o pretendera, engadirlle nada novo. Mais eiquí abondarános un esquema sinxelo. Unhas coordenadas pra situáremos o pensamento de Risco ante as pantasmas que se erguen arredor dil. Pantasmas pouco gratas, como imos ver, estordegadas, prosaicas e lóbregas. Pantasmas taroucas e paifocas, ben mirado —espantallos, que non santa compaña.

O celme peculiar do pensamento risquián está, craro é, no nacionalismo galego, como superación das teses rexionalistas, e como alternativa frente ó federalismo formal. Superación do rexionalismo contemporán a Risco, que "non pide máis que a autonomía adeministrativa máis ou menos restriuta, o direito a nos gobernar por nós mesmos con máis ou menos amplitude. Quere conquerir (...) a persoalidade no orde da adeministración". Precisión terminolóxica e madurecemento conceitual con respeito ós Precursores, mais non diferen-

cias esenciás: " o rexionalismo dos Precursores, e o nacionalismo das xeraciós actuás, non discordan un do outro máis que no nome; quer-se dicir: que os Precursores entendían baixo da verba rexionalismo esencialmente a mesma cousa que nós baixo da verba nacionalismo".

Mais coido que compre ter en consideración dúas perspeitivas:

1.ª O nacionalismo como aititude ante o problema do artellamento da institución política estatal.

Parte certamente da idea das nacionalidades: terra, home ("etnia"), fala, estroitura social e cultura dan feitío á nación, que Risco define sintéticamente como unha "comunidade de intreses espirituaes e materiaes determiñada pola natureza".

Afirma o dereito do pobo galego á soberanía nacional: "si Galicia é unha nación de feito, debe posuir todalas prerrogativas que o Dereito concede ás naciós: goberno propio e autonómo que lle permita resolver por sí mesma os seus problemas".

Non é separatista. Afirma a necesidade da integración "Hespañola", e faino espresamente con referencia ó Estado. Hai moitas afirmaciós niste senso ciscadas polos escritos de Risco: "Tampouco nega nen odia o nacionalismo galego ao... Estado español". Noutro lugar: "O separatismo non é de ningún xeito unha secuela necesaria do nacionalismo". Noutro: "a nosa arela non é separatista (...) non atenta en nada á soberanía política do Estado hespañol".

Non é federalista, senón *confederal*: naciós soberáns, e acordo denunciábel.

De certo hai puntos escuros nas fórmulas nacionalistas galegas do Risco e das Irmandades. E mesmo algunhas contradiciós —que non escaparon á peneira analítica do Lugrís. Mais non enxendran dificultades valorativas, nin poñen atrancos a unha interpretación decantada dos seus elementos configuradores. É relativamente doado apreixar o sentido que tiñan esas formulaciós no intre histórico no que xurdiron á lus. E tamén é doado poñelas ó día, pois nin evoluíu tanto a problemática do país galego dende aquela, nin progresaron un chisco outros datos que constituían referencia obrigada prá análise.

2.ª O nacionalismo como ideoloxía sociopolítica, económica e cultural.

Ahí atoban os problemas de interpretación, as raiceiras dos equívocos. Porque un federalismo non entra nise terreo. Non lle corresponde polo menos, en propiedade, entrar nesa leira, afondar no sustrato das estroituras políticas formás que analiza i escolma. O nacionalismo, en troques, sí; por dúas razós cando menos:

—porque ten como forza vital, como seiva vivificadora, a afirmación do pobo como unidade social, étnica e cultural globalizadora (totalizadora).

—e máis porque contén unha teoría das élites e do seu rol na promoción dos pobos —como ben sinalóu Lugrís con referencia a Vicente Risco.

Polo primeiro, a unha teoría do nacionalismo non lle abonda con tratar, nos eidos da filosofía constitucional, os problemas da soberanía e das formas de Estado. Cómprelle endebén formular unha ideoloxía que dea compango á concencia coleitiva da sociedade á que se refire. Cómprelle abranguer as diversas dimensiós da problemática social que padece a coleitividade, afondar nas súas raigañas sociolóxicas, históricas e culturás, fornecer unha espricación valedeira pra todolos membros do grupo nacional, pra todos iles, sexa cal for a condición social de cada quén.

Polo segundo, cómprelle unha mística eficaz, cómprelle espertar uns sentementos coleitivos acobillados baixo a códea da mansedume e da obediencia, pro que non se refiren direitamente á situación do indivíduo na sociedade, senón á dunha comunidade acéfala nunha ramallada política allea. O indivíduo común non dexergará os dous escalós simultáneamente. Un analista marxista diría que unha mística así non esluirá a alienación do indivíduo. A élite deberá cubrir os dous frentes, terá nas súas mans o destino *social* da coleitividade, e —coidaráse— ben pode incurrir no erro de sacrificar os intereses *democráticos* ó trunfo da arela nacionalista. Iste risco non é, certamente, ilusorio.

Velahí, daquela, por qué o nacionalismo está esposto a tres desviaciós aberrantes máis ou menos lonxanas —con frecuencia moi viciñas: totalitarismo, fascismo e reaicionarismo.

1. Fascismo, en canto procura arrecadar forzas socialmente heteroxéneas pra "enfeixalas" arredor dunha causa común máis mística que humanista.

2. Reaicionarismo, poisque pode incurrir na teima de manter vixentes instituciós mortas.

3. Totalitarismo, a consecuencia das dúas notas anteriores:

—a élite ten a misión de axuntar as forzas dispares espalladas, e isto fai xermolar unha mística totalitaria.

—o manteñemento de instituciós anacrónicas, coma o de instituciós refugadas pola opinión común, leva a unha ética tiránica. Lugrís coida que isto é válido con independencia do matiz social do nacionalismo: "Tan reaicionario é (eu diría *pode ser*) un nacionalismo *de dereitas* (...) como un nacionalismo que se di de esquerdas" —escribe. I engade: "Isa reaición é fonte de totalitarismo, porque soio a forza, a tiranía, o despotismo, poden manter en vixencia un sistema anacrónico".

C. Coido, porén, que no caso de Vicente Risco as pantasmas non chegan a adequirir corporeidade máis consistente e perigosa.

1. Fascismo.

"Un escritor comunista podería calificar a Risco de fascista (...). E Risco aceptaría, en parte, tal calificativo" —escribe Lugrís. Estou certo do primeiro; non tanto do segundo. *Mitteleuropa* contén os comentos risquiáns máis comprometedores, por seren abertos xuicios

de valor. Mais, espallados por toda a súa obra doutrinal, están elementos menos aparentes pro máis importantes, pola súa calidade conceitual.

En *Mitteleroupa*, os xuicios encol da mocedade, do nacionalismo alemán, dos nazis, do problema xudeu, conteñen, enguedellados, desacertos moi graves con dramáticos acertos —e mesmo tráxicas premoniciós. A súa ademiración pola mocedade nazi —"lles teño envexa"— contrasta coa súa crítica do culto enfermizo á xuventude, e coa denuncia do espellismo que supón identificar "mocedade" con "esprito avanzado e revolucionario" —tráxico erro que tan caro custou na Europa de entón. Os seus graves dislates encol do antisemitismo —"A economía do diñeiro foi o principio da destrución das sociedades cristiáas polo xudaísmo"; "O home sen patria é de cote un home, no fondo, de mau sangue, dun acedume destrutor no fondo do seu esprito, disposto de cote á vinganza e ao mal. Ten moito adiantado pra ser un malvado" —van mesturados con precisas valoraciós de certas caraiterísticas do pobo xudeu e do cosmopolitismo xudaico. Comentos encol do nazismo tan desafortunados como decir que "ten o valor de negar o porvir ó comunismo", ou como non distinguir antre a mocedade e máis os dirixentes nazis coa súa clientela cuasi burguesa —"esta mocedade prepáralle grandes solpresas ás esquerdas"— van na compaña de certeiras denuncias da índole *contrarrevolucionaria* do nazismo, da súa "forma ofensiva, algo plebeya, do fascismo", da súa doutrina "fora de cacho", ou da valoración comparativa das causaciós e consecuencias no nacionalismo alemán e no francés ou no español.

Mitteleuropa pubrícase, como libro —despóis de ter aparecido por anacos en *Nós* —na primavera do 1934. Pois ben. En 1933 e 1934 están datados varios episodios reás que inspiraron a Bertolt Brecht a serie de farsas dramáticas da *Grand'peur et misère du III Reich*. Episodios como "Comunidade nacional", "A delación", "A cruz branca", "Moorsoldaten", "O servizo do pobo", "Á percura do Dereito", "Enfermedade profesional". Tíduos elocuentes. Episodios revoltantes e arrepiantes —algúns, estarrecedores. E non era máis que o comezo. Brecht deseña con humor negro a carátula verdadeira do nazismo, a faciana sinistra e rabeca que Risco non soupo albiscar apenas nas súas "impresiós dunha viaxe".

A leitura da obra brechtián torna máis desacougantes os comentos desafortunados do *Mitteleuropa*. E aínda que tamén revaloriza o contido tráxico dos seus xuicios certeiros e das súas premoniciós, compre ademitir que, en certa maneira, Risco veu ser vítima dun dos seus propios sarcasmos: "Viaxar no tren, aínda viaxar en automóvele (...) non deixa de ser, as máis das vegadas, viaxar como viaxan os baúles". Afeito a facer "as viaxes de a pé", afeito a referir os seus xuicios a un país no que esculcara en todolos seus recantos, un país que conocía na mesma medida en que o amaba, non soupo acertar de todo, no intre, na valoración das súas impresiós primeiras da nova Alemania. E, sobor de todo, non puido evitar o pasmo, e a envexa, do pulo que tiña aquil novo movemento, e que tanto botaban de

menos ó seu redor, en sociedades amolecidas, os loitadores, coma il, por causas sans.

Non foi il soio a se pasmar. Outros, que tiñan máis elementos de criterio, e que levaban ás costas a responsabilidade da democracia en Europa, pasaron anos a negárense a sí mesmos, no pasmo, a evidencia dos feitos. Foron estériles análises penetrantes e alertadoras, que as houbo —como a de Besteiro no seu discurso de ingreso na "Academia de Ciencias Morales y Políticas", en 1935. Deica que foi tarde por demáis, como ben sabedes todos. "Centos de milleiros de homes asesinados no abrente, os muros terríbeles das prisóns, unha Europa na que a terra fumega de millós de cadavres que foron os seus fillos: compríu tudo iso pra pagar a adquisición de dous ou tres matices que cecáis non teñan outra utilidade que axudaren a algúns de nós a morrer millor" —escribiría Camus no 1944. Ían alá moitos anos de inferno —"dende hai tres anos é de noite, unha noite que fixéchedes vós sobor das nosas vilas e nos nosos corazós"— e aínda nalgures non sería o remate.

Agora ben, Risco de ningún xeito estaría conforme con que o emparentaran co fascismo. Il díxoo abertamente: "cando pra falar de nacionalismo se cita a Maurras e a Mussolini, nós non nos podemos dar por aludidos". Il puxo tamén moito tino en limpar a súa doutrina nacionalista de contaxios nazis, fascistas ou imperialistas. Adicou moitas páxinas —singularmente nos números 7-8 de *Alento*— a peneirar as diversas formas de nacionalismo e a manter incontaminado o nacionalismo galego das manifestaciós que poderían lixalo. Deica tal punto que Lugrís estima que "posto a eliminar aberraciós nacionalistas, Risco quedouse cun marxe moi estreito pra desenrolar a súa propia teoría", até reducírese, según il, a un "valor puramente *teórico*", unha idea que "na práctica houbera sido imposíbel".

Mais onde o pensamento risquián resulta millor decantado de hipotéticos parentescos con ideoloxías nazis ou fascistas é na súa motivación derradeira. A unidade do nacionalismo risquián non ven de arelas imperialistas, senón da propia unidade do problema prioritario: o pobo asoballado. Non é, xa que logo, un nacionalismo agresivo —como o foi o fascismo en todolos países europeos nos que prendeu e fixo chaga —senón un nacionalismo defensivo, reivindicador, sinceiramente identificado coa cultura dunhas crases populares sometidas a opresión.

2. Reaicionarismo.

O que se entenda por *reaicionario* é, decote, cousa difícil de precisar. Na polémica política adóitase empregar o calificativo con certa lixeireza. Lixereiza, por decir *reaicionario* cando se pensa —ou compriría pensar e decir— *conservador*, e daquela considerar reaicionario a todo o que está menos á esquerda do que fala. Lixeireza, outras veces, por ter en conta sobor de todo a praxis —a ética dos feitos— máis que os principios ideolóxicos pra calificar ou non de reaicionario a un pensador. Lixeireza, moitas vegadas, por non precisar un

pouco o que se entende por reaicionario denantes de apricar o calificativo —o alcume.

Risco ten unha visión un tanto peculiar das crases sociás en Galicia. Mais é unha visión realista, non reaicionaria: "os campesiños son a única cras traballadora en Galicia". O mesmo dixeran os Precursores. Rosalía deixóu estampada no prólogo de *Follas Novas* —que cada quen deberíamos ler máis a miudo— a definitiva afirmación de que "os nosos aldeáns e mariñeiros" eran a "soia e verdadeira *xente de traballo* no noso país". E así todos ou cáseque todolos galeguistas responsábeles. O país son os paisáns. E os paisáns galegos eran, e son aínda, o equivalente do que, en terminoloxía crasista, se chama o proletariado. "Se algunha vez se impuxera en Galicia a ditadura do proletariado, *serían os paisáns* quenes terían dereito a facelo". Isto escribíuno Vicente Martínez Risco. Escribíuno en *El problema político de Galicia,* e non se adoita telo en conta abondo cando se enxuicia o seu posíbel reaicionarismo.

Agora ben. ¿Cómo pode ser calificada de reaicionaria unha aititude de solidaridade radical coa base popular do país?

Pois por dous camiños, coido eu: primeiro, por atopar nela unha defensa de instituciós periclitadas; e segundo, por un prantexamento do problema en termos de loita de crases— que non é, porén, o único camiño aberto a unha análise progresista dos problemas sociopolíticos.

1.º Defensa de instituciós mortas.

Non é o caso de Risco. Abonda ler as partes programáticas na *Teoría do nacionalismo galego,* o n.º 5 de *Alento,* os capíduos VI e seguintes de *El problema político de Galicia,* os esquemas aprobados polas Irmandades da Fala en 1918 e 1919, as conclusiós do Congreso de Lugo de 1925. Revitalizar instituciós abafadas, sí, sin dúbida, en moitos casos. Instituciós de cerne popular, avencelladas á problemática campesiña, axeitadas á idiosincrasia do país. Resucitar artificiosamente instituciós mortas, fósiles, superadas polos tempos, non, de ningún xeito. En Galicia, entón, os fósiles éranos boa parte das instituciós oficiás, artificiás, parasitarias. Non, de ningún xeito, os esquemas institucionás propostos polos galeguistas. Por non séreno, apañaron sobor diles a saña combativa dos grupos reaicionarios na España daquiles intres.

Certo que tamén boa parte do pensamento da esquerda de entón foi nemigo —aberto ou tácitamente— do nacionalismo galego. Mais o erro estivo ahí da banda desas esquerdas, e non da dos galeguistas. I é que o intre non era propicio prá comprensión. O centralismo privaba na planificación coleitivista do marxismo-leninismo. O problema anarquista gravitaba nas arelas e na disposición de ánimo do partido socialista español. O conflito praxeolóxico no seo das esquerdas marxistas arrecadaba boa parte das enerxías dispoñíbeles prá esculca das realidades contemporáns. A conceición napoleónica do aparello aministrativo estaba tan arraizada no marxismo coma fora dil. A tendencia ós dogmas unitarios, monolíticos, universalistas era

unha resposta a necesidades de coherencia interna frente ó pulo espansivo dos seudonacionalismos contrarrevolucionarios en Europa.

Son moitas as razós que esprican o fenómeno. Mais o feito foi que as posiciós das esquerdas españolas tocantes ós problemas autonómicos foron herméticas, impermeábeles, intransixentes, e mesmo "reaicionarias" —se me escusades agora a min que utilice a palabra con certa lixeireza. Quero decir que, por doutrinarismo limitado, foron incapaces de apricaren con axilidade os esquemas teóricos do socialismo —nas súas diversas ponlas— á morfoloxía social española; incapaces de comprenderen que se o Estado burgués era un *instrumento de opresión crasista, esta opresión non se manifestaba* somentes ó nivel individual, senón que xurdía tamén ó nivel coleitivo. Singularmente no caso galego, onde os valores que o galeguismo reivindicaba se identificaban de cheo e cáseque escrusivamente cos da base popular do país.

Doutra banda, a solución estatutaria dada ó nivel político formal ó problema das autonomías, contribuía a conferirlle unha fasquía de *privilexios* rexionás singulares ó que, na raíz, pretendía ser unha diferente configuración estroitural do Estado, asequíbel, en plena igualdade de condiciós, a calquera das comunidades ibéricas que o pretendera. O país castelán andaba tan precisado desa fórmula como calquera dos demáis. Isto non souperon percibilo os casteláns, poisque as súas élites estaban bébedas dunha imaxe egocéntrica, convencional —e no fondo, "reaicionaria", por enguruñada arredor de esquemas borbónicos periclitados— da realidade política española. Risco, coma os galeguistas, os catalanistas e os basquistas de entón, non eran responsábeles desa cegueira. Iles vían o problema, e adicaban as súas enerxías a percurar a solución pra os seus respeitivos países. Non foron comprendidos. Non se comprendeu na España de entón que ises homes camiñaban, nise terreo, con moitos anos de dianteira sobor dos *avanzados*. Tiveron que pasar decenios pra que isto se fixera patente. Oxe sabémolo; oxe *sábese*. É mágoa que nono souperan ver daquela.

2.º O problema das crases.

Quen nos anos trinta refugara, pra estudar os problemas sociás, o esquema da loita de crases, estaba abocado cáseque fadalmente a sere alcumado de reaicionario. Aínda oxe ocurre algo disto. E porén dous feitos polo menos resultan innegábeles. O primeiro é de orde teórico ou doutrinal. O segundo, de orde fáitico.

No orde teórico, o esquema analítico da loita de crases, e máis aínda as súas derivaciós a nivel da praxis política, deu lugar —ou contribuíu fundamentalmente a dalo— á crise máis grave e acugulada de consecuencias no seo do socialismo, dende a secesión bakuninista. A traxeitoria do socialismo europeo a partir da revolución bolchevique, a aparición dos modernos partidos comunistas, e máis a evolución das súas mútuas relaciós deica os nosos días, deixaron pegadas ben visíbeles na historia política, e sobor de todo, como é lóxico, na literatura doutrinal e nos documentos.

O problema arrinca do feito de que Marx non legou unhas direitrices nidias encol da aición política. Aínda máis, no fondal do problema acocha o feito de que Marx deixóu moi incompleta a teoría da loita de crases e mesmo a configuración conceitual do que é unha cras. Sería van tratar agora de entráremos niste eido. Somentes algunhas mostras, as que teño agora máis a man, do conflito nos movementos socialistas abondarán pra ilustrar esta peripecia.

En Besteiro lemos: "O entusiasmo pola grandeza das conceiciós de Marx debe levarnos a recoñecer que unha simple repetición das súas fórmulas (...) non pode dar a solución práitica de ningún problema". E veleiquí que, máis adiante, Besteiro escribe: "non hai dúbida que a finalidade económica e social desa loita política (trátase da aición política do proletariado) áchase en Marx craramente determiñada; en troques, o que non se pode afirmar de maneira tan rotunda é que Marx definira nidiamente cal é a natureza desa aición política". Isto data de 1935. Anos máis adiante, Léon Blum distinguirá "loita de cras", "antagonismo crecente das crases" e "aición de crás", e sosterá que cando os socialistas din que o seu partido "é forzosamente un partido de crás", non se refiren —según il— a ningunha das dúas primeiras nociós, senón á terceira. E remontando ás raiceiras, nun discurso decisivo —nunha coxuntura dramática, a do 38.º Congreso— defenderá definitivamente que o materialismo dialéitico en versión leninista e stalinista non é da mesma natureza que o materialismo histórico de Marx, pois mentras o método de Marx non estaba tinguido de materialismo filosófico, o materialismo leninista-stalinista estáo. A leitura de Schumpeter, no campo dos economistas "liberás", e de Lange, no dos marxistas —por poñéremos dous exemplos esgrevios e nada sectarios— resulta ben suxeridora niste punto. Mais non imos seguir por iste roteiro que nos alonxa do noso cometido.

No orde fáitico convén sinalar eiquí que, certamente, a estroitura de crases en Galicia —e aínda máis na Galicia do tempo de Risco— era ben singular. Os esquemas marxistas máis en uso daquela non lle acaían, porque eran esquemas centrados, ousesivamente, sobor do sistema capitalista. O paso direito dun estadio precapitalista ó socialismo ten sido —i é aínda, en certa medida— algo que facía renxer o aparello ideolóxico usual do marxismo, xustamente porque eran esquemas nos que o esforzo analítico máis podente estaba verquido sobor de presupostos conceituás referidos a unha sociedade capitalista. Apricados a Galicia resultaban, cando menos, inaxeitados e faltos de realismo —faltos de operatividade.

De feito, en Galicia non voltara a haber, en rigor, loita de crases efeitiva dende os Irmandiños. É decir, dende o século XV. O resto eran catro centurias de conflito sin loita, de esplotación colonial dunha comunidade acéfala. Nin revolución burguesa, nin guerras de relixión, nin abrollos industriás. Somentes un pasivo afastamento, choído, inerme, estantío, cáseque senil. I emigración. Deica os primeiros gromos do galeguismo, gromos románticos na súa proxeición cultural

e tamén na política. Con razón Risco tiña paixón polo romantismo. Pra Galicia, siñificara o xermolar dunhas élites consagradas a espertaren a concencia do pobo silandeiro e asoballado. Da "soia e verdadeira xente de traballo no noso país". Tradición, cultura, celtismo, idioma, todos iles eran símbolos conceituás e trebellos operativos, vehículos de comunicación dunha arela ideolóxica radical: a liberación da base popular do país. Compre entendelos nesa función específica e na específica circunstancia galega, en ves de seguíremos os ecoares dos mesmos vocablos en movementos ideolóxicos doutras latitudes europeas, onde a semellanza dos nomes encobre radicás desemellanzas de natureza esencial.

3. Totalitarismo.

Tense especulado moito tamén encol da fasquía totalitarista, no cerne, do pensamento risquián. Non, dende logo, un totalitarismo de esquerdas. Pro sí —o que é pior— un totalitarismo de dereitas.

O primeiro quedóu sempre desbotado dada a repulsa fartamente manifesta —e sin dúbida teimosa— de Risco polos movementos de estrema esquerda. Compre escribir que o noxo do Risco polo marxismo era certamente adoecido e "fora de cacho" —por tomarlle emprestada a verba. E máis que semellaba identificalo decote, no seu caletre, cunha ditadura comunista. Coido que o marxismo é unha das leiras do conocemento nas que Risco manifesta menos información, e que aínda non comprendo ben cómo a figura de Marx non espertaba nil máis simpatía. Mais a súa hipotética tendencia a un totalitarismo de dereitas tampouco ten base abondo. Cando dí, en escusa do nazismo, que "ten dabondo pra ser bó con ser a úneca forza que na Europa de hoxe se pode opor con eficacia ó marxismo", o Risco compromete nun disparate notorio a xusta sona da súa agudeza, e asume unha aititude ética moi pouco airosa, sin dúbida —sobor de todo, se a enxuiciamos coa comodidade que supón pra nós dexergar aquela situación como historia acontecida xa e consumada. Mais, ó cabo, e ben reparado, no orde ideolóxico —non ético— o que fai Risco é botarse de afora do conflito e non tomar partido: considera a situación como enfrentamento de dúas forzas mesmamente totalitaristas, i estima que os que, coma il, non están no un nin no outro bando, resultan favorecidos por esa situación de equilibrio. O pacto de non agresión Hitler-Stalin, mentras os nazis engulían con degaro media Europa, non deixaría moi ben parada esa suposición, pro ésta é outra leria.

Risco non profesaba o liberalismo político, mais era, antropolóxica, social e culturalmente, moito máis liberal do que se adoita coidar. "Conservamos aínda ise celo da nosa liberdade (...); sabemos que hoxe, na vida moderna, a liberdade é imposíbele; mais non renunciamos de ningún xeito á nosa *liberdade interior* que hemos afirmar decote". Risco ten adicado a Carlyle —unha das súas leituras de mocedade— párrafos que están moi lonxe de calquer gabanza —párrafos nos que o toma moi pouco en serio, como en Leria páxina 159. En contraste é patente a súa ademiración e respeto por Rous-

seau, "de quen é ben non esquecerse" —decía— e a quen, coa súa teima perpétua, mais non sin certo siso, consideraba coma primeira raigaña do romantismo. E aínda mesmo sin ser *políticamente* un liberal, Risco defendía, como probou Lugrís, o parlamentarismo.

Outra cousa son as súas diatribas contra o parlamentarismo español vixente daquela, que ían dirixidas contra o sistema representativo que tanto perxudicaba a Galicia, na monarquía e na república españolas, centralistas ó cabo. Eran críticas como galeguista, non como anti-liberal, nin tampouco como anti-demócrata, pesie ás súas panximicadas distinguidas. O pensamento español de entón déralle —déralles ós galeguistas— motivos abondo pra esceiticismos e sarcarmos. Non esquezamos que nada menos que Ortega y Gasset escribira —na *España invertebrada*— iste dislate, do que de certo se arrepentíu: "Porque non lle deamos voltas: España é unha cousa feita por Castela, e hai razós pra íremos sospeitando que, en xeneral, somentes cabezas casteláns teñen órgaos axeitados pra percibiren o gran problema da España integral" —párrafo que se volve contra o mesmo Ortega, pois pon de manifesto nil certa incomprensión ben fonda do "gran problema da España integral". E que deica o labor cáseque heroico de don Américo Castro non se botaron abaixo moitos tópicos errados encol das esencias máis sotarregas da *realidade histórica* de España, que eran arma manexada adoito polos sagros defensores da unidade española e do xenio imperialista castelán. E que, por non ser menos do que Ortega, Unamuno deixóu escrito o que sigue: "Por algo aprauden esa belixerancia concedida á língoa catalana os antiliberás do resto de España. Sí, a língoa española é o vehículo do liberalismo, como o é todo o que xungue e relacioa íntemamente ós pobos. O ideal de certas xentes sería *cada pago con su lengua rústica,* na que o cura lles predicase, e logo o latín litúrxico como língoa universal dos doutores da *Santa Madre Iglesia*". Escrito nun artigo que tiduaba así: *Su Majestad la lengua española.* Se, como dixo hai pouco Elías Díaz —que cita ise anaco— "Unamuno resulta sere espresión e símbolo da crise do liberalismo non democrático e non socialista", ben xustificado resulta que homes coma Risco refugaran ise liberalismo no contexto político hispano.

É, xa que logo, outravolta eiquí a concencia galeguista a que inspira esas aititudes, a mesma que o levara, nos anos mozos, a calificar de "filisteu" ó home preocupado pola res púbrica, "fora il conservador ou revolucionario": é decir, a concencia de que o aparello político convencional vixente non era axeitado pra dar vida política ó pobo de Galicia, concencia de que ó país galego non lle vai nin lle ven nada nun aparello político que non afinque na coleitividade fisterrán.

O demócrata máis mirado non pode ter ouxeción que pór a iste principio, que Risco formulaba con ausoluta seriedade: "Que somentes son xustas as leises elaboradas democráticamente, ou sexa, as que un pobo con intreses e problemas privativos se dá a sí mesmo, e que estean axeitadas á estrutura social i económica dise pobo". Afirmación que non precisa máis comentos arredor diste tema, como non sexa lembráremos os ecoares dunha frase de Murguía moi semellante.

III. Risco, o vencido

Non é grato falar desta terceira etapa, que arrinca do 1936.

O máis fecundo da súa obra nesta época está enxertado na anterior. Así, en contraste con obras relativamente frustradas —como pode ser *La puerta de paja,* novela de ambente medieval e incustionábel pantasía que estivo á beira do premio Planeta en 1952— ou aneidóticas —como *El libro de las horas*— resaltan:

1. O estudo etnográfico da *Cultura espritual* no país galego, que se pubrica en 1962, como xa dixemos, na *Historia de Galiza* dirixida por Otero Pedrayo i editada por *Nós* en Buenos Aires (Tomo I, vol. I), pro que é o froito dos estudos e traballos acometidos nos anos vintes e trintas.

2. O *Manual de Historia de Galicia,* pubricado por Galaxia en 1952.

3. A edición de *Leria,* onde se recollen, á par dunha escolma das prosas cultas xornalísticas que lle dan o nome, textos coma o *Nós os inadaptados, O sentimento da terra na raza galega, A coutada* e outros, anteriores, na maioría, á guerra civil.

4. Aínda se podería engadir a fermosa tradución ó galego de *La familia de Pascual Duarte,* de Cela.

Os seus comentos de presentación de *Leria* son reveladores: "Nestas páxinas vai un chisquiño do meu labor de moitos anos —*que cadraron no intre en que estaba na forza da vida*— feito sen precurar máis paga que a ilusión". Sen podelo remediar, Risco preséntase ó leitor dando escusas. Non cabe dúbida da súa sinceiridade. Mais os que non somos Vicente Risco podemos e debemos precisar que en realidade se refire ó intre no que il era un home libre, un home autoliberado por unha angueira radical e unha loita abnegada.

Despóis, no que resta, Ramón Piñeiro —coido eu— díceo con ouxetividade: "íntima evasión defensiva". I esprica: "Na terceira época —despavorida percura dunha "salvación" individual— domina o terror incurábel producido no seu ánimo pola guerra, renovado cada día e cada hora polo arreguizo dos mil medos cativos que o abouraban arreo e que foron parar nun medo tremendo e teimoso: o medo á morte".

IV. Risco ante un home do meu tempo

A. Eu conocíno xa vello, i envellecido. Il mesmo se fai un retrato nun anaco inédito dise tempo recollido en *Leria.* Veleiquí: "Como un velliño nugallau i esquecido que xa non ten cousa que agardar neste mundo, porque na súa vida xa todo está cumprido e xa non hai máis que o que xa foi; como un velliño canso de vivir sen froito (...); como un velliño cangado do pesar e do peso das lembranzas de onte (...); como un velliño que non se estreve a falar e ten medo de escoitar, vou dando a volta, andando, camiñando paseniño, pouquiño a pouco, turrando do corpo"...

Velahí o tendes, o Vicente Risco que puido coñecer un rapaz calquera dos anos cincoenta. Coido que é un persoaxe de Neira Vilas o que dí que o home vello faise caricatura do que realmente foi. Vicente Risco, miudo, fráxil, pequeno, enganido, lentes redondos de moitos refrexos concéntricos, abaladizo, como atoutiñando, como si estivera a pedir escusas por se presentar así diante de rapaces novos que de certo conocían a súa obra, a súa siñificación e máis a súa derradeira e prolongada evasión, e que, de certo tamén, ían xulgalo. E, ó mesmo tempo, coma un enorme pulo soterrado, somentes albiscado naquil aceno, naquil xeito de decir tal cousa, na mesma lonxanía da súa presencia toda. E unha imensa soedade e malenconía.

B. Mais impórtame ben por riba desta imaxe vagarosa do home que eu conocín, a fasquía dil na súa obra e na súa eisistencia.

E non podo conter un movemento de íntima i espontánea xenerosidade. Xenerosidade non caritativa, non compasiva, non altruista e gratuita, senón xurdida, ó cabo, estou certo, dun sinceiro agradecemento. A gratitude do home do meu tempo ante a figura do Risco.

Vicente Risco tería rematado a súa obra, o seu paso polo mundo, coa pureza dun arco románico, se tivera mantido rexa a liña ética que mantiveron, de xeitos tan diferentes pro tan comúns no esencial, un Castelao, un Otero Pedrayo ou un Bóveda naqueles mesmos intres.

Mais se o home Risco non estivo á altura do persoaxe nin do creador, compre reconocer que o persoaxe que il creóu nos anos fecundos, e máis a obra que deixóu pra sempre, merecen unha consideración ó marxe de calquer reproche. E sobor de todo, se as vítimas das súas máis reprochábeles aititudes perdoaron, nós non somos quén pra non facéremos o propio. Enxuicialo, compre, pois é xa parte da nosa historia. Nin esquecer nin silenciar. Comprender, espricar e respetar ó Risco home e ó Risco obra.

Queda, pois, a súa obra, oxe. Unha obra que ten un inestimábel valor aitual, oxe, cando compre abordar antropolóxicamente o problema socioeconómico de Galicia, cando a defensa da língua e da cultura se confirman como camiño da diñificación coleitiva, cando quenes no seu intre combateron a Risco postulan a institucionalización ó nivel galego. Eis o valor da obra risquián oxe.

XOSÉ MANUEL BEIRAS

Vigo

POESÍA COREAN EN GALEGO

Un dos pecados máis graves que temos cometido os ocidentás é sen dúbida algunha o esquecimento —por non decir desconocimento— que temos da cultura oriental. As ideas, nefeito, que a maioría de nós poseemos dos pobos do Oriente son dabondo esvaídas e probes. Parece mentira, polo demáis, que nas nosas universidades non eisista un departamento de estudos orientás, e que as nosas bibliotecas manquen da máis elemental bibliografía encol da cultura dos pobos asiáticos: ¡Coma se un Xapón ou China non pesaran nada nos eidos da cultura...! Os conocimentos que na maioría dos casos temos hoxe das nacións do Oriente —hai que confesalo— están cáseque compostos por tres ou catro noticias que limos nunha revista ou por un que outro reportaxe que vimos na televisión.

Quero, pois, nestas breves liñas reparar —na medida das miñas posibilidades— esa inxusticia que temos cometida verbo dos pobos da outra banda da Terra. Quero, en fin, gracias á axuda que na redaición e tradución desta pequena escolma me emprestóu o profesor do departamento de español da Universidade de Hankuk (Seul), o meu caro amigo Hyun Chang Kim Rim [1], oferecer eiquí unha pequena amostra de poesía coreán.

Os galegos somos, dos ocidentás, os máis axeitados pra comprendérmolo esprítu oriental en toda a súa profundidade. As coincidencias —¿casualidade cecáis?— antre a maneira de ser, de sentir ou de vivir dos habitantes do noroeste peninsular i a dos pobos orientás son verdadeiramente solprendentes. Máis que conocido pra todos nós é o feito de que as nosas vellas cantigas de amigo —que non teñen par en todalas literaturas ocidentás— son, nembargantes, moi parecidas a certos poemas chinos. (Naturalmente, isto non nos debe facer supor que houbera coneisión ou infruencia antre países tan alonxados. A coincidencia interpretouse, e séguese interpretando,

[1] O profesor Kim ven de pubricar na Editorial "La Muralla" de Avila un libro tidoado "Poesía Coreana", no que da unha boa escolma, en castelán, da poesía do seu país. Agora prepara unha edición en portugués, que coido constituirá un verdadeiro acerto.

como unha mera casualidade, dado o parecido xeito de vivir —trátase en ámbolos casos de culturas rurás— das xentes de Galicia e máilos homes do continente asiático).

E pode ser que isto precisamente eisprique outras coincidencias non menos solprendentes verbo xa da cultura coreán en concreto. O que nunca endexamáis pasaría pola nosa imaxinación é que o prato favorito de todo coreán que ven a España é nin máis nin menos que o caldo galego. Sí, o noso caldo de cotío, galego e somentes galego, lémbralle moi de perto ó home de Corea o seu "He Yan Ku", que se fai con "grelos" —¡Tamén en Corea hai nabos!— e carne (ás veces peixe) e máis pimento. Pro non para eiquí o fato de coincidencias da nosa cultura coa coreán: A literatura de Corea, como a nosa, é cáseque lírica nada máis. Hai, é certo, algo de novela e teatro, pro nunca foi xénero preferido nin xenuinamente coreán. O habitante de Corea, pois, é esencialmente poeta: non hai máis que ollar un pouco os nove poemas que engado ó final destas liñas pra comprobar a profunda semellanza coa nosa poesía. E precisamente por iso a tradución ó galego non supón merma nin perda verbo da língoa orixinaria.

A língoa falada en Corea —o idioma coreán— é unha língoa silábica. Ten unha escritura ausolutamente fonética, cun alfabeto propio que se compón de vintecatro siños correspondentes a dez vocaes e catorce consoantes. Polo demáis pódese escribir en tres xeitos: de esquerda a dreita, de dreita a esquerda e de riba a baixo. E precisamente por ser silábica non conoce o acento de intensidade —tódalas sílabas se pronuncian coa mesma forza intensiva—, polo que a versificación coreán depende soasmente de dous elementos: a cantidade (número de sílabas) i o timbre, isto é, a rima; elementos estes que o versificador pode empregar con certa libertade. Hoxe, nembargantes, o versolibrismo, infruído do Ocidente, é a forma predileita prós poetas coreáns. Antre os tipos de composición —nunca tan variados coma nas literaturas ocidentás— unha das máis importantes é o "sicho", que normalmente está composto, según a súa maior ou menor antigüedade, de dúas a catro estrofas respeitivamente, constituídas cada unha por dous versos de catorce sílabas.

Pro vaiamos á poesía en concreto... Dous son os períodos en que podemos dividila poesía coreán: comprende o pirmeiro dende a época dos orixens —uns 200 anos dinantes de Cristo— deica o século XIX, i o segundo dende o século XIX deica os nosos días. Destes dous, o máis importante é o pirmeiro por representar o espritu poético xenuinamente coreán, poisque o segundo mergúllase xa dentro das tendencias xerás da literatura ocidental, polo que eiquí apenas o trataremos.

Os pirmeiros poemas coreáns, dinantes da invención do alfabeto (ano 1446), son poemas populares, de tradición oral —sempre máis intresantes por representaren en maior medida o sentir coleitivo— compostos pró canto ou o baile relixiosos, coma o "Majigoot" ('fes-

tival de salutación a Deus') i o "Hanbakchoom" ('danza de gabanza ó ceo').

O pobo coreán, nefeito, coma todolos pobos do Oriente, é profundamente relixioso. E dahí que a súa poesía —aínda nos poetas máis cultos— é unha poesía esencialmente relixiosa. A preocupación polo máis-alá, o amor pola terra nai, ou a triste lembranza daqueles que xa partiron pró outro mundo son os temas máis frecuentes. É unha poesía chea dunha cristaíña sinxeleza, máis non por iso ceibe dunha aprofundada inspiración lírica. No trasfondo da lírica coreán vese sempre un sentimento doroso, de mágoa cecáis —téñase en conta que Corea sempre foi terra cobizada por moitos pobos [2]—, pro non desesperado, senón que unha prácida resiñación envolve sempre as queixas do poeta. Polo demáis —e veleiquí unha das semellanzas meirandes coa lírica galega— o sentimento de saudade, pódese decir, está presente en todolos poemas.

Naturalmente, todo isto é coma o denominador común da poesía coreán. Esta terá matices máis ou menos difrentes según a relixión que profese o poeta. Podemos, xa que logo, estabrecer as seguintes correntes:

1.ª) A que parte do Taoísmo i o Budismo (a relixión máis arraizada aínda hoxe no pobo coreán). Trátase dunha poesía que puidéramos chamar trascendente, metafísica: os sufrimentos deste mundo, as circunstancias contrarias da vida fan voar ó poeta deica rexións insospeitadas: a presente vida non é máis que unha preparación prá futura, a ialma ten de purificarse cos sufrimentos deste mundo, pra perfeicionarse i arribar eisí, limpo, ó mundo de Amithaba Buda. E dahí que a súa aititude diante das dores terreas seña un solprendente conformismo: cando Cho Yong, por exempro, un dos poetas mellores desta corrente, atopa nunha ocasión á súa muller cometendo adulterio, non reaiciona violentamente coma era de esperar, senón que o único que se lle ocurre é queixarse deste xeito: "¿Qué lle vou facer se ma roubaron...?".

2.ª) Contraria a esta corrente —por mancar dese sentimento de trascendencia— está a que se inspira no Confucianismo, relixión que se preocupa máis pola vida carnal. A melanconía, a tristura —mais nunca a desesperación— háchanse eiquí máis patentes cecáis. Non quer isto decir que na lírica inspirada no Budismo ou o Taoísmo non eisista ese ton melancónico, senón que namentras ó poeta budista esa tristura faille elevarse deica a contempración da futura vida eterna, o confucianista ás abesas fica na realidade terrea que, diante

[2] Presente aínda na memoria de todos a derradeira guerra sostida antre os anos 1950-1953, que deixóu dividido ó pobo coreán en dous bandos irreconciliabres: os do Norte i os do Sur. Pro dinantes, en 1598, o Xapón invade as terras coreáns e faise dono do país, onde prohibe o emprego da lengua vernácula e toda manifestación cultural que sone a coreán. Polo demáis as loitas sostidas, xa na época dos orixens, cos pobos limítrofes, deberon ser duradeiras e continuas deica a unificación do país polo héroe Tangún.

das dores que oferece, xúzgao incomprensibre. O poeta máis representativo desta tendencia é Kim So Wol, do que oferecemos tres poemas nesta escolma.

3.ª) Derradeiramente, o infruxo do Cristianismo é abondo tardío. Pertenece ó segundo período —o menos intresante pra nós—, cando a poesía coreán entra na órbita das tendencias literarias ocidentás. Esta infruencia do Ocidente é, repetímolo, relativamente moderna —e dahí que Corea seña un dos pobos máis desconocidos no continente europeo—, xa que deica o século XIX as portas deste país permaneceron pechadas ó comercio cos ocidentás e mesmo con outros pobos do Oriente —China ou Xapón—, porque os grandes magnates temían unha infiltración no país por parte dunha potencia estranxeira. I eisí, dende o século derradeiro, abertalas portas á infruencia dos pobos de fora, entran en Corea as tendencias literarias do Ocidente: o Romanticismo terá neste país oriental unha feliz acollida, i o Inteleitualismo dempóis. En Corea lense libros ocidentás, estúdanse as língoas europeas, a xuventude coreana sal pra estudar nas universidades do vello continente: hoxe naquel pequeno país da espalda do mundo, nesa nación que os ocidentás chamamos Corea (que quer dicir 'a suprema beleza'), estúdase a Cervantes, a Unamuno, Verlaine, Rilke... ¡Qué exempro de universalismo prós ocidentás!

XOSÉ - ALVARO PORTO DAPENA
M a d r i d

A PRIMAVEIRA [1]

Branco luar,
frol de pereira;
medianoite,
estrelas...

E mesmo o moucho
ó meu corazón trae
agoiros de primaveira.

A saudade que eu sofro
é pra min unha doenza:
escorréntame o sono.

A MONTAÑA [2]

Din que é sobexo outa a montaña,
mais ainda está baixo o ceo.

Rubindo,
rubindo espranzado,
no hai cume que non se atinga.

Pro os que xamáis tentaron rubila
din que é sobexo outa a montaña.

CANDO MORRA [3]

Cando morra
i o meu corpo deste mundo
se alonxe,
¿qué será de mín?

Na cume do monte Pongnae
piñeiro heime volver.
E cando a neve
o ceo e maila terra
encha de brancura,
soilo ficaréi
e verde.

Verde ficaréi.

---

[1] Anónimo de comenzos do século XIII.
[2] Anónimo.
[3] Autor: SONG, SAM NUM (1418-1456).

NOITE NO TEMPRO DE SONG-BUL [4]

O silandeiro son das campaíñas
abaladas polo vento
soa na noite tebrosa do tempro de Song-Bul.

Os bonzos xa dormen.
Só as escoita o viaxeiro.

Deixa que durma o viaxeiro,
e qui as campaíñas soilas
se escoiten a sí mesmas.

Cando as campaíñas soan
degora ouvilas de novo,
mais ó amudeceren
queríaas ouvir outra vez.

As campaíñas tinglean
sen parar en toda a noite
i o viaxeiro, trasnoitado,
non pode catalo sono.

O SILENZO DO MEU AMOR [5]

Foise o meu amor,
meu amor que eu tanto amaba.
Tremendo foise,
crevando a verde cor da montaña
polo vieiro estreito
que leva ó pedrairal.

O vello xuramento,
frol de ouro escintilante,
trocouse en frío pulpo
e voou
empurrado pola brisa dos sospiros.

A forte e viva lembranza
daquel pirmeiro bico
que trocara noutrora
a brúxula do meu fado,
esvaeuse xa pra sempre.

---

[4] Autor: YI, EUN SANG (1903).
[5] Autor: HAN, YONG UN (1879-1944) pertenece á corrente poética inspirada no Budismo encol de cuia doutrina pubricóu algunhas obras, coma "A restauración do Budismo" i "A gran doutrina de Buda".

Ai! Qué xordo me deixaron
as súas doces palabras!
Ai! Como apagou os meus ollos
o seu rostro escintilante
fermoso coma unha frol!

Sinto mergullarse
antre chamas de tristura
o meu corazón desacougado
pola repentina despedida.
Ben conozo, nembargantes,
a túa fugacidade,
Amor dos homes!

Mais, coma eu ben sabía
que a despedida
desentulla i abre a fontaíña das bágoas
e que ó fin
ó mesmo amor asoballa,
lixa, mata...
virei esta forza incontrolabel da tristura
á fonte da miña espera.

Coma na ausencia pensamos
na volta do ser querido,
eisí dempois de encontrados,
coidamos na despedida.

Foise o meu amor,
mais non por culpa miña.

O cantar de amor que entenrece
sempre qui o entonamos
escóitase agora
envolvendo o silenzo do meu amor.

AZALEAS [6]

Cando aborrecida de verme
te alonxes,
sen queixarme,
deixarei que te vaias.

Do monte Yacsan un ramo de azaleas
tallarei
pra espallalas no teu camiño.

[6] Autor: KIM, SO WOL (1903) é, coma deixamos dito na introduzón desta escolma, o poeta máis importante da escola confucianista, e un dos mellores de toda a poesía coreán. A maioría dos seus poemas versan encol de motivos folklóricos, en cuia interpretación ninguén o ten superado deica o momento. A súa poesía, pois, é xenuinamente coreán, xa que mellor que calquera outra, eispresa os sentimentos máis puros do pobo.

Paso a paso,
as froles esparexidas
irás pisando dondamente.

Cando aborrecida de mín te vaias,
premendo os beizos,
conterei as bágoas.

O CUCO [7]

¡Cucú!
¡cucú!
Meu irmanciño,
son eu quen te chama.
Son eu...
!Cucú!

Ela que viveu na veira do río Chindo
volve á aldea onde naceu,
e chora...
È o cuco.
(È ela).

Fai anos, moitos anos,
vivía nunha casiña,
na veira do río,
unha neniña.
E morreu
pola perfidia da súa madrasta.

!Malpocado!
!Miña neniña...!
I en cuco se volveu
cando os celos da madrasta
abriron seu corpo en canal.

Mais ela non puido esquencer,
ainda despois de morta,
o irmán que alí deixara.
Non o puido esquencer...
E cando chega a noite
e todo dorme no mundo,
chora desconsolada
eiquí, acolá,
máis adiante.

[7] Autor: KIM, So WOL. Inspírase este poema nunha lenda popular.

AS FROLES DO MONTE [8]

No monte nacen as froles,
nacen as froles,
sen primaveira nin vran
nacen as froles.

A frol que nace no monte,
soila medra no monte.

O paxariño que chora nos montes,
vive no monte
porque lle gustan as froles.

No monte múrchanse as froles,
múrchanse as froles,
sen primaveira nin vran
múrchanse as froles.

TESTA [9]

Eiquí,
na terra do estremo norte da Manchuria,
deixada na neve,
no decembro.
Elquí,
na encrucillada desta pequena vila
azoutada polo vento do Amur,
vense outas, moi outas
as testas de dous bandoleiros mortos.

As súas caras oscuras,
rexas, bronceadas
amurcháronse coma nenos esfamiados,
i os seus ollos entreabertos
miran cara a lonxanos ríos,
cara ós outeiros do Norte
vagamente escurecidos
debaixo do frío ceo.

---

[8] Autor: KIM, SO WOL.

[9] Autor: YU, CHI HWAN (1908-1966). É un poeta ocidentalista, no sentido de que segue as tendencias da literatura ocidental. A súa poesía é realista, descriptiva; cáseque puidéramos decir que social. Foi acreedor de varios premios literarios, antre eles o "Poetas de Chosun" i o "Literatura ceibe".

¿Decatádesvos,
agora que estades mortos,
do sentido que a lei ten?
Non.
A morte non é unha das catro maldades;
mais é a garda da orden
a que algunhas veces pide
que a vida dun home vaia
coma a dun can ou galiña.

I eisí vosoutros puidestes
ser pra mín unha ameaza.

Desfacer coa forza á forza
ten sido decote lei
dende os antigos tempos.

Almas pérfidas,
cheas de maldade,
que non soupestes refrearvos,
descansade en paz!

I o ceo misericordioso
cubra coa súa doce i espesa nube
esta paisaxen do deserto pensamento.

"VIA CRUCIS", DE PAUL CLAUDEL

Alá polos vizosos anos vinte, chegóu ás mans dos escolares de Compostela, cobizosos de cousas novas, "Le Chemin de la Croix", que Paul Claudel imprentara no 1913. Pra algúns de nós, as folliñas de aquel volume viñan dar cumprimento a longos anceios de unha poesía de "retorno ao Señor". Leéramos en Thompson: "No decorrer dos dous séculos derradeiros, a Eirexa que fora denantes a Nai dos poetas tanto como a Nai dos santos, deixóu nas mans dos que lle son alleos as máis outas grorias da poesía e gardóu pra sí as grorias da santidade... Quedouse coa palma e anunzóu ó loureiro". I agora víamos que, con Claudel, o louro frorido tornaba ás mans da Nai.

Foi entón, coidando en sere un dos primeiros que nas Españas o traduxesen, escomencéi esta versión que non pasóu das primeiras xornadas, pubricada unha delas nunha revistiña escolar. Corenta anos despóis, puxen remate á xeira, no intre en que a nosa fla torna ás eirexas, da man do Concilio. Os rapaces da Cofradía do Espíritu Santo de Pontevedra teñen andado as Cruces leendo as miñas versións de Claudel. Eu falara con Ramón Cabanillas, pra que el, o noso poeta relixioso, fixese pra eles un "Viacrucis" galego. Na lembranza dos dous cantores, o das "Feuilles de Saints" i o de "Samos", sexa como unha ofrenda este trasego, no que a fala das "Cantigas" e dos "Miragres de Sant-Iago" faise unha ves máis "incensum Domini" a sagrarse diante dos altares.

X. F. V.

I.ª

Douse xa a sentencia. Xusgamos a Deus, e nós mesmos, témolo condenado a morte.

Nós non queremos a Cristo con nosco, que non nos noxe...

Nós non temos máis Rei que o César, nin outra Lei que a do sangue i o ouro.

"Crucifícao, si queres; ¡temos que desfacérmonos de El! ¡Que o leven!"

"*¡Tolle! ¡Tolle!* ¡Inda máis! Que sexa inmolado, e que nos den a Barrabás"

Pilato séntase no lugar que é chamado Gabbatha.

—"¿Non tes nada que decir?" Pregunta Pilatos. E Xesús non responde.

—"Eu non atopo ningún mal neste home" —dí Pilatos— pro, qué importa, que morra si así o queredes. Dóuvolo. "Ecce homo".

Veleiquí a Cristo, a coroa de espiñas na frente, o manto de púrpura enriba.
Por derradeira ves, a tornar, cara nós, eses ollos cheos de bágoas e de sangue.
"¿Que imos facerlle? Non temos xeito pra telo antre nós máis tempo".
"Como era un escándalo antre os xudeos, pra nós non ten senso".
Ditouse a sentencia. Non falla nada. En hebreo, grego e latín.
E miramos a xente que berra, i ó xués lavándose a smans.

II.ª

Devólvenlle as súas roupas e tráenlle a crus.
—"Salve, di Xesús, salve, crus tanto tempo pedida".
Mírao tí, cristián, e trema. ¡Qué intre solene!
Este en que Cristo, por ves primeira, a Crus eterna acepta.
Cómo se consuma neste día o arbre do Paraíso.
Mírao, pecador; contempra o que o teu pecado fixo.
De agora en diante nin crime sin un Deus enriba, nin crus sin Cristo.
De certo, a disgracia do home é grande, mais non temos nada que opoñer.
Porque Deus está agora na cima, e non ven soio a ensinar, se non a encher.

Xesús recibe a crus; nós, a santa Eucaristía.
Dímoslle un cepo polo seu pan, como está escrito no profeta Xeremías.
A crus é grande, longa, difícil; pesado o peso do pecador inútil.
¡Qué longo levala, paso a paso, deica morrer sobre ela!
¿E que vas levala tí soio, Señor?
Dame pacencia ca crus que queiras que eu teña, porque temos que cargar coa crus pra que logo a crus nos sosteña.

III.ª

En camiño, vítima e verdugos, todo afurca ao Calvario.
O Señor, Deus, levado a rastas, abala e cai na terra.
¿Qué dís, Señor, nesta primeira caída?
E pois que agora o sabes, que se pensa nesta bulida.
En que ún cai, en que o feixe mal cangado nos derrumba.
¿Cómo atopas, Señor, esta terra que é obra túa?
Non é somentes o camiño do ben o que é costoso,
Tamén o do mal é raposeiro e fragoso.
Non abonda seguirmos o camiño reuto, témolo de adeprender pedra a pedra.

I o pe falla, ás veces, anque o corazón se manteña.
Señor, polos sagrados xionllos, que os dous, vos fallan a tergo.
Polo trasco, súpeto, i a caída ó entrar no horrendo sendeiro,
Pola trampa certeira, pola terra que adeprendes e que a túa boca beixa,
Líbrame, Señor, do primeiro pecado, do que se comete por sorpresa.

IV.ª

Nais que víchedes morrer o primeiro, o único fillo.
Lembrádevos da noite, a derradeira, a carón do neniño envolto en xemidos.

O termómetro, o lazo, a iauga que queremos darlle pra beber...
I a morte que chega, a modo, e se non pode descoñecer.

Poñédelle os zapatiños novos, mudádelle a roupa i os lenzos...
Virán buscalo, irán na terra a metelo.
Adeus o pequeniño, carne da miña carne.

Na coarta estación é María a que todo o acepta.
Míraa tí, no recanto da rúa, agardando ó Tesou de toda Probeza.
Esgotadas nos ollos as bágoas, a boca rese i.
Non fala palabra. Contempra a Xesús que xa chega. I acepta. Unha ves máis, acepta.
O berro, o entrava o seu corazón forte i afeito.
Non fala. É a Xesús, seu Señor, a quen contempra.
A nai a ollar pra o Fillo; a Eirexa ó Redentor.
A súa ialma vai cara el, como o berro do soldado ó caer.
Nada no seu peito que ela negue ou reserve.
Ningunha freba do seu corazón, traspasado, que nin consinta nin acepte.
Presente ante Deus, ábrelle a ialma a leer.
Como Deus mesmo, que está alí, ela presente.
Acepta. Mira ó Fillo que levóu no seio casto.
Non dá fala. E mira ó Santo dos Santos.

V.ª

Chegóu o intre en que xa non podemos seguir.
Agora achamos azo, e se nos permitís.
Que se vallan de nós, anque sexa á forza, e se nos faga levar a santa Crus.
Como Simón de Cirene a quen xunguen ao leño,
O aperta rexo, e sigue trás de Xesús o camiño.
Pra que a Crus non arraste, e ningún anaco dela, poida ser perdido.

VI.ª

Tódolos discípros fuxiron. Pedro mesmo, renega de El con teima.
Unha muller, ao máis mesto do aldraxe, ao cerne da morte, axótase i atopa a Xesús, é apreixalle o rosto antre as mans.
Adepréndenos, Verónica a fuxir dos respeitos humáns.
Porque aquel pra quen Xesucristo non é soio unha imaxen, senón o certo.
Hai nel algunha cousa que sempre escapa, que é allea á eles.
Un home feito e dereito que reza o rosario, e vai sen reparo á confesión,
Faise de seguida aos demáis homes como sospeito...
A súa idéia da vida é outra, os seus aqueles non son os mesmos.
Que non come carne os viernes, e que está cas mulleres na misa e no sermón...
É cousa de rir, é pavero, e alporiza tamén.
...Que se garde do que foi porque andan tras del.
Que se mire en cada un dos pasos que dá, porque é un sino.
Que todo cristián do seu Cristo é imaxe certa, anque indino.
I o rosto que mostra é un espello trivial,
Da faz de Deus, no seu corazón, cativo e trunfal.
Déixanos, Verónica, mirar, aínda unha ves,
O lenzo en que a fas do Santo Viático podiches recoller..
Ese lenzo de liño, piadoso, que a Verónica ten, en acobillo,
co rosto do Vendimador no día da enchente do Viño,
pra que eternamente á súa imaxe fose xungido.
O que se fixo do seu sangue, das súas bágoas e dos nosos cuspidos.

VII.º

Non é o seixo, baixo os pes espidos, nin a corda que puxan.
É a nosa ialma que, de súpeto, abandona.
No medio da vida, a caída ventureira.
O amor sin norte, e fe sin hourizonte.
Porque o camiño é longo i o remate lonxano.
Porque ún anda soio e ninguén quere consolalo...
Longura do tempo. Noxo segredo que medra
Da xuntura rexa e de esta campaña de leña.
E por esto, polo que ún estende os dous brazos, á ves, coma quen náda.
E non cai de xionllos, senón sobre a cara.
O corpo caíu, é certo; a ialma, ao tempo consentía.
Sálvanos, Señor, da nosa segunda caída, da caída voluntaria, no tedio, polo noxo da vida.

VIII.º

Denantes de subir por postreira ves ó outo da montaña.
Xesús ergue a man, e tórnase á xente que o acompaña:
Unhas muleriñas a carpir cos seus nenos ao colo.
Escoitemos a Cristo que está eiquí, non o miremos soio.
Non é un home somentes o que ergue a man, no medio desa probe estampa.
É Deus que sofríu por salvar as nosas almas.
Ese Home era Deus Todopoderoso.
E daquela sofríu todo eso, polo ben noso.
Cál era o risco de que nos resgatou a tanta costo?
A salvación do home non era cousa sinxela.
Foi forza que o Fillo se arrincase do seio do Pai pra facela.
Coida o que vai de vir do Paraíso a ir pra o Inferno.
E, si esto se fai co arbre san, qué se fará co enfermo?

IX.º

Caín de novo. Agora é a derradeira.
Quérome erguer, e non hai maneira.
Premido, como o bagazo no lagar... i o home que levo ás costas é duro de levar.
Fixen o mal, o home morto que levo conmigo é moita carga...
Morrer. Porque é máis doado estar deitado que en pe,
E morrer que vivir. I estar baixo a crus, que vivir sobre ela.
Sálvanos, Señor, deste terceiro pecado, que é o do desespero.
Nada está perdido namentras falte por beber o cális da morte, o postreiro.
Rematouse o leño; inda falta o ferro.
Xesús cai eiquí por terceira ves. Pero cai no cume do Calvario.

X.º

Veleiquí a eira en que grau do pan do ceo é mallado.
O Pai, espido; o veo do Tabernáculo rachado.
Puxeron en Deus a man. Trema a carne da Carne.
O universo, ferido na súa fonte, abala deica o fondo da súa entrana.
Nós, cando eles colleron a roupa, a túnica sin costura,
Ousemos erguelos ollos e mirar de Xesús a imaxen pura.
Non che deixaron nada, Señor, hastra colleron,

A roupa que se apelica á carne; como agora arrincan a cogula ao frade, e o veo á monxa.
Todo o colleron; pra se cubrire nada lle queda.
Non ten defensa, espido como un verme da terra.
Entregado a tódolos homes e descuberto:
"Que? Este é o voso Xesús? Fai rir! Está cuberto de chagas e de argania!
"Que veñan os manciñeiros dos tolos, que veña a policía".
"*Tauri pingues obsederunt me. Libera me, Domine, de ore canis*".
"Non é Cristo. Non é o Fillo do Home. Non é Deus".
"O seu Evanxeo minte. O seu Pai non está nos ceos".
"É un tolo! Un impostor! Que fale! Xa podía calar!".
O criado de Anás zorrégalle; Renán vaino bicar.
Todo o levaron. Inda queda o sangue que mana.
Todo o levaron. Inda queda a chaga que eslata.
Deus está escondido. Queda o home a quen a delor afoga.
Deus se escondeu. Pero queda o meu irmán que chora.
Pola vosa homildanza, Señor. Pola vosa vergonza,
Piedá pra os vencidos, pra os febles que os fortes axotan,
Polo horror da derradeira roupa que che arrincaron,
Piedá pra tódolos desgarrados.
O neno operado tres veces que o médico, en ván, reanima.
O probe a quen mudan as vendas das feridas.
O esposo burlado, o fillo que está agarimando á nai que morre, ó pe do leito.
I este tremendo amor que temos que arrincar do noso peito.

XI.ª

Xa non está Deus con nosco. Deitámolo na terra.
O fato dos cans botouse á súa gorxa como a un cervo.
E viñeras, Señor! I era verdá que estabas con nós, de feito.
Deitáronse sobre Tí. E puxeron os xionllos sobre o teu peito.
Esa man que o buxeu retorce, é a destra do que ten todo o poder.
Trabaron o Año polos pes. Amarraron ó que está en todo lugar.
Quixeron riscar sobre a crus o seu longo, i o ancho do seu axe.
E cando el quere saber dos nosos cravos, nós imos mirala súa figura.

Estás collido, Señor, non podes xa fuxir,
Clavado sobre a crus polas mans e polos pes, pra min.
Non teño qué buscar nos ceos dos herexes i os alborotados.
É dabondo pra min este Deus, trabado con catro cravos.

XII.ª

Sofría sempre, é certo, pro agora vai morrer.
A Crus, iñorme, abala, feble, na noite, co Señor a tremer.
Todo está feito xa. Somentes resta, deixar facer ó Instrumento,
Que da xuntura, da dobre natureza,
Da fonte do corpo e da ialma, e da hipóstasis,
Veña arrincar e premir, sin esgotamento, todo canto El poida sofrir.
Está soio, como Adán cando estaba soio no Edén.
Tres horas de soedade, no amargor do cális e da fel.
A iñorancia invencibre do home na ausencia de Deus.
O noso hóspede, a pesar, e dobrarse, pouco a pouco, se ve.

Xa non mira a súa Nai, i o Pai o abandona.
E saborea, lentamente, a morte que o emponzoña.
Non tes aínda dabondo, Señor, con ese acedo viño,
Mesturado de auga, pra que, aínda, te ergas, de novo, a berrar: "Sitio"?
Tes sede, Señor, e qué queres falar conmigo?
Chámasme a min, de quen precisas aínda, de min, coas miñas faltas.
De min. Que falto xa. Denantes de que todo se consumara.

XIII.ª

Agora a Pasión remata, i a compasión sigue.
Cristo non está xa na Crus, está con María que o recibe.
Con Ela o aceptóu prometido, así o acolle consumado.
Cristo, que sofríu aos ollos de todos, de novo, no seo casto de María está achegado.
A Eirexa colle antre os seus brazos, para sempre a carga do ben amado.
O que é de Deus, o que é da Nai, o que o home ten feito...
Todo, baixo o seu manto, con ela, pra sempre, a eito.
Cólleo ela, o mira, o toca, chora, i ademira.
Ela o sudario i o unguente, a sepultura, i a mirra.
Ela o crego, i o altar, o cális, i o cenáculo.
Eiquí o fin da Crus; comenza o Tabernáculo.

XV.ª

O sartego de Cristo, morto no sofrimento, está disposto.
Aberto a presa, pra que durma, á noite, no seu oco.
Denantes de que o crucificado rexurda e suba ao Pai.
Nón é somentes ese sepulcro novo, é a miña carne,
E o home, criatura túa, máis fondo que a Terra.
Agora que o teu corazón foi aberto, i as túas mans furadas.
E non temos crus con nós que non sexa no teu corpo axeitada.
E non temos pecado polo que non teñas unha chaga,
Ven, dende o altar, no que te escondes, Salvador do mundo.
O home que fixeches, Señor, está aberto, i é profundo!

Trad. XOSÉ FILGUEIRA VALVERDE
Pontevedra

DIALÉCTICA E POESÍA: SOBRE UN LIBRO DE X. L. FRANCO GRANDE

> *"O discurso de Heráclito que di que tódalas cousas son e non son, semella querer facer verdadeiras tódalas cousas"*. (ARISTÓTELES: *Metafísica*. 1012 ss.).

A nova Dialéctica é heraclítea: o pensar, retorna, así, ó fundador ou pai da Dialéctica. Heráclito foi chamado "o profeta do sí e do non", que quer facer verdadeiras tódalas cousas. Entre o sí e o non, a nova poesía tenta tamén tomar partido por unha dialéctica capaz de voltar verdadeiras ás cousas, en troques de facelas todas mentira:

> *"Alma, sin linde algún,*
> *sempre sin fondo, sempre máis abaixo*
> *e tamén máis alá,*
> *sempre a esbarar entre o sí e o non...!* [1]

A nova poesía galega, na voz veraz de Xosé Luis Franco Grande, inscribe no seu "tempo perdido" ises catro colosales versos, que semellan xurdir da raigaña mesma dun poema presocrático. Comparade, nefeito, cos versos seguintes, verquidos en prosa galega, dun fragmento de Heráclito:

> *"Os lindes da alma, por máis que albisques, non atoparás, inda que recorras tódolos camiños: tan fondo ten a alma o seu logos."* [2]

Ista poesía nova, ten, xa que logo, fontes existenciales tan antergas como profundas. En realidade, é a continuación espritoal dunha "poesía perennis", cuia caracterización imos facer no ensaio presente. Mais, deixemos que falen os propios poetas. Hoxe, seleicionéi a Xosé Luis Franco Grande, e nel represento agora unha xeneración onde con voz propia cantan poetas como Salvador García Bodaño, Bernardino Graña, Arcadio López Casanova, Antonio Tovar..., e tantos outros, cada ún co seu anaco de sí, coa súa parcela de non...

[1] Xosé Luís Franco Grande: ENTRE O SÍ E O NON. Galaxia, Vigo. páx. 78.
[2] Heráclito: *Apud Diógenes Laert.* IX. 7.

I

A primeira nota distintiva da poesía europea contemporán, á que ninguén, nembargantes, semella ter en conta, quizaves pola considerar ben sabida, é que está escrita en moitos idiomas. Europa é multilingüe, fala ducias de língoas, quén sabe si coa intención de atopar o "logos" primixenio que Heráclito ocultóu máis alá da Natureza. Pero a ista riqueza en língoas, como vehículos da espresión personal do poeta, temo que engadir outra máis precisa particularidade lingüística, que é, xustamente, a esculca, a percura da auténtica linguaxe radical do home. Se non tome ista indicación superficialmente: se non trata de caer nunha língoa común, nunha "koiné" transeuropea ou intereuropea, que resultaría ridícula a istas alturas do pensar humán. Toda língoa viva ten riqueza dabondo pra espresar as máis enrevesadas formas da cultura. Niste respeito, xa Sapir refugóu axeitadamente a tesis oposta de Lévy-Brühl. A língoa común, ao meu ver, é a comunión das língoas vivintes, comunión ísta que, no intre actual, se non pode lograr nin na cencia, nin na técnica, nin cecáis, por agora, na filosofía, pero sí evidentemente na poesía, e, derivadamente, no canto profano e na liturxia (no fondo, dúas posibilidades formales do labor poético).

En calquer caso, as língoas "vernáculas" retornan: están a facer un novo destino, xustamente, na poesía, na liturxia, na canción. O propio Saussure comentaba que resulta máis fácil esterminar un pobo, que obrigalo a deixar a súa fala. De ahí o reverdecer nas vellas rexiós europeas dos grandes idiomas que, dende a Idade Media fixeron posíbel a singular esperencia espritoal chamada "romanoxermánica", por exemplo, dende Ranke, e que, brevemente, decimos en xéral "europea". Mais, fagamos un inciso, pra esplicar o senso dista nova europeidade.

A multivariedade idiomática da poesía europea, diferénciaa, por exempro, da literatura norteamericán, máis homoxénea en todo, en especial na língoa, e por iso máis probe. Así, pode darse o equívoco de comparar a literatura norteamericán con calquer literatura nacional europea (a francesa, a alemá, a italiá, a española) na percura dun patrón de igualdade, de homologación. Máis iso soio esteriormente é posíbel; e soio superficialmente, nunha simple consideración anorgánica da cultura, pode ter valor algún. A realidade é moi outra: Norteamérica i Europa, son hoxe diante tudo, dúas posibilidades históricas pra o individuo do século XX. Os nacidos nista hora, poden abrirse á historia dende a perspeitiva singular dises grandes bloques humáns. Si Norteamérica aínda semella ser "unha nación", ao estilo das europeas "modernas", débese a unha falla —involuntaria en parte, pero que quizaves remate subsanando o esprito pragmático dos americáns— na evolución xeopolítica estadounidense. En moitos Estados, nembargantes, xa é obrigado o insino do español, e co tempo outras língoas farán notar a súa presencia, na medida en que as distintas comunidades que atoparon na peculiar estructura americán unha liña converxente, seipan captar a esencia disa xigantesca oportunidade existencial que é América, i en lugar de conservar ridículos costumes gastronómicos ou seudofolklóricos, abandoando o fundamental, incorporen e incorpórense á vida americán ca súa cultura propia de orixen, vivazmente conservada na língoa e na literatura. Niste senso a cultura "soviética", aceptóu dende fai un ano a existencia efectiva de quince idiomas oficiales, e mália da inmensa máquina burocrática que tal recoñecemento supón —pequeno precio de tanta riqueza— xa están ahí funcionando ao nivel do ruso as respeitivas falas locales dises quince dominios lingüísticos.

Pero Europa, como deixei dito arriba, tenta, además, buscar o linguaxe primixenio da poesía. Se non mire aquí nada especulativo, nada místico, nada máxico: falo en linguaxe figurado, pero sin renunciar ao que no fondo quérese decir, a saber: ¿qué cras de linguaxe terá que falar o poeta, pra que fose íl quen, xustamente, loitase máis dende antiguo, contra o estacionamento das falas, contra as restricciós e persecuciós políticas dos idiomas non "oficiales", contra toda forma de empobrecemento da capacidade espresiva do home?

Por aquí, empezamos xa a entendernos, coido eu. Parafraseando a Hölderlin, poderíamos decir que a poesía, como a primavera (como a mocedade), camiña de xenio en xenio, de país en país, á percura dun enigma do corazón. E así, preguntamos que crás de linguaxe terá que falar o poeta, pra atopar razós tan cordiales.

II

Imonos orientar polo noso poeta, e tamén imos ratificar a nosa carta de viaxe con outro gran consagrado. Deixemos falar agora primeiro a Rilke:

Gesang ist Dasein
(o canto é existencia). [3]

Agora que fale Xosé Luis:

Nunca te anoxes pola vida, nunca;
agarda sempre, escoita, canta e cala! [4]

O poeta atopa no canto a razón de ser dunha existencia personal ás veces, coleitiva outras. Vexamos tamén a versión que dá outro poeta contemporán, Uxío Evtuchenko:

...Non morren, non, homes sós:
morren mundos enteiros...
nada se sabía díles...
Do noso propio pai...
pouco é o que sabemos.

¿Qué dos irmáns, ou dos amigos?
E qué do noso único amor?

Mais, sempre, sempre teño
o anceio de berrar
contra o irreparable. [5]

Pois ben, tras distes colosales fragmentos, ¿qué se pode atopar? ¿Unha filosofía, unha teoría sobre do ser humún? Non. A poesía non é nin pode xamáis ser unha cencia, ou un saber teorético. A poesía non anda á percura dunha "verdade" no senso "xeométrico" da razón especulativa, nin tampouco unha verdade indiscutibel, absoluta, no senso da dogmática

[3] **Rilke:** ***Die Sonette an Orpheus. Erste Teil.*** **III. 8.**
[4] **Franco Grande:** ***Op. cit. Himno a Orfeo.*** **páx. 103.**
[5] **U. Evtuchenko:** ***Non nascín tarde.*** **Tomada da edición castelán de La Rosa Blindada. Buenos Aires. 1964. pp. 54-55.**

relixiosa, ou política... a miúdo esquéncese, e recentemente faléi dista cuestión nunha das miñas discusiós médicas, num Congreso Internacional, de que o home está feito máis capaz pra captar o ben, que pra captar a verdade. Probablemente, "certo", se non poderá hachar xamáis home algún, como non sexa da trivialidade de que "pensa", de que "respira" ou de que "existe". Pero nin isto é punto de partida de nada, nin chega pra facer un humanismo. A filosofía ten a máis alta tarefa da existencia, pero está por comprir. A poesía descoñece o seu destino, si non pón o ben, en troques da verdade, como meta da súa empresa. A poesía é sempre un humanismo. A raíz da actual discusión entre "comprometidos" e "independentes" está prantada nista terra fértil da problemática da trascendencia ontolóxica do home. A nosa meirande proisimidade aos valores morales, e a nosa lonxanía da verdade como forma absoluta, é unha sólida razón que os comprometidos non acaban de saber manexar. Pero cando cheguen a tales sotilezas, terán feitos moitos estropicios espiritoales na súa contumacia antiliberal, esquecendo que o único vieiro serio pra o ben, e prá verdade, é a libertá... xusto, isa libertade a cuio para qué responde o poeta. Pero... ¿por qué non consultar cun poeta comprometido? ¡Que volte Evtuchenko!:

...O Partido mándame acougo...
E ún aconséllame: "Calma",
mais eu non sei estar tranquilo
pois mentras haxa herdeiros
de Stalin na terra
eu pensaréi que Stalin sigue no mauseleo...

Velaí un poeta que, ó seu xeito, lamenta a falla de libertade que lle recorda

...outro pasado
o que iñora o benestar do pobo
o das denuncias e as cárceles ós inocentes
.....
Nós *marchábamos en fila, como soldados, honradamente,*
e Stalin tíñanos medo... [6]

A libertade, xa que logo, semella ser o vieiro da poesía. Pero, ¿cál pode ser a libertade do poeta? Doutro modo: ¿Qué tipo de libertade pode aspirar a producir —i empregar— o poeta, pra, facendo poesía, acadar o ben, o destino valioso do seu labor?

III

A existencia humá, como decimos, adoece dunha "caída" que alónxaa da esencia da verdade, i, en troques, achégaa á vecindade do ben. Isto se non debe entender nun xeito ético: se non trata de que o home practique o ben máis a miúdo que o mal, e menos que acepte millor a bondade que a verdade. Siñifica somente que o home posee un aparato pra tomar concencia dos seus actos morales máis individual, máis íntimo e máis capaz que o seu medio de verificar a realidade que sempre resulta un tanto estraindividual. Unha persona poderá iñorar sí o que fai está ben ou mal (é de-

[6] U. Evtuchenko: *Op. cit.* íd. íd. pp. 66-67.

cir, poderá iñorr a "verdade do seu acto encol do ben"), pero sabe perfectamente sí, dende a súa intimidade, presta ou non honestamente a súa vontade á empresa ou acto que está a facer. Descartes errou no fondo o problema ontolóxico, por non reparar nista peculiaridade, que despóis Spinoza albiscou, ben que agudizando racionalmente as consecuencias éticas dunha custión primariamente ontolóxica.

Pois ben, ista conscencia íntima do acto de valor ético, ista peculiaridade metafísica do quefacer moral do home, ten un calco semellante no acto de creación estética. O poeta, o artista, soio subxetivamente, soio íntimamente, posee garantías da súa autenticidade creadora. Inda máis: soio na súa intimidade atopa a miúdo a única garantía de que leva o camiño recto, xa que os seus contemporáns poden iñoralo, ou combatilo. De ahí a singular situación do poeta frente ao seu tempo; de ahí tamén o fracaso da interpretación "engagé", na literatura de creación. O home pode intentar homologar o seu tempo interior, íntimo, ao tempo esterior, público, da historia coleitiva. Pero ún e outro non coinciden necesariamente nun mismo plano de coordenadas. Se non pode forzar a converxencia, sin poñer en peligro o normal desenrolo da vocación poética. Agora ben, o poeta pode discipliñar a súa mente, i enfocar cara o seu tempo a lumiosa capacidade creadora de que dispón espontáneamente. Pero a autencidade ofrecerá entón unha nova lei configuradora: si ise esforzo de adaptación á realidade inmediata, ou pública, conduz a unha forma de espresión que il sabe que resulta inferior (e o poeta xustamente sabe moi ben cándo sí e cándo non) á que faría sin efectuar ise esforzo tantas vegadas artificial e superfluo, o seu deber consistirá en abandoar o presente, e orientarse a ónde máis alta seña a súa capacidade creadora. Calquer incomprimento diste suposto, é unha inmoralidade por parte do poeta, que sucumbe así á falacia da popularidade, ou á alienación do seu pulo creador por parte dunha doctriña política, ou filosófica. A poesía é unha forma absoluta do labor existencial e posee parámetros propios, de onde que a autencidade dun poeta somente poda ser medida por isa íntima norma de fidelidade á súa condición personal.

A riqueza da cultura, nace, xustamente, disa diversidade de individuos, que, baseados na singularidade das súas esperencias, incorporan mundos novos ao común universo da vida cotidiana. Iste, carez de sentido; non porque sea absurdo, sinón porque é neutral ao sentido. En troques, non son neutrales nin a poesía, nin a relixión, nin o pensamento. Soio que mentras o pensar busca, anda á percura inqueda dun sentido universal, e a relixión defende xa un determinado sentido pretendidamente anunciado pola propia Divinidade que constitúe o obxeto do seu culto, a poesía, amóstranos unha multivariedade de sensos, que tódos eles "valen", na medida en que señan auténticos, poisque, como deixei dito, o valioso da poesía é un "ben" máis que unha "verdade". E así como verdade absoluta non pode existir máis que unha, o ben, pola súa mesma estructura, ademite unha certa forma de "pluralismo": é decir, o ben trascende a unidade na súa riqueza ontolóxica; de ahí que se dea sempre baixo a forma do valor, e que sempre seña auténtico quen se sitúe no mundo do valor, inda que teña enfrente tamén outro valor: a estructura dialéctica da libertade humá, móvese no campo das antinomías, no campo do "sí e o non", pero sempre, o sí e o non, son auténticos, si a posición foi tomada, respeito dun valor concreto, con fidelidade e con sana conscencia de que se obra-

ba ben, e non mal. Verdadeiras ao mesmo tempo non poden ser as dúas caras dunha antinomía; poden ser reales, pero realidade e verdade non son o mesmo. En troques, pode unha antinomía de valores ser igualmente, xerárquicamente incruso, idéntica nos seus estremos opostos.

IV

O Arte móvese tamén por ista dialéctica. Nisto radica o problema do pretendido "relativismo" do valor estético. Se non trata de que O Greco seña millor eu peor que Velázquez, asegún un tipo de criterios; ámbolos dous móvense no campo do sentido estético, e atopan nel a máisima virtude. Soio un erro "seudoepistemolóxico" da crítica —que non distingue con corrección a esencia distas estructuras dialécticas de que falamos— orixina o falso problema. Iso non quere decir que non haxa "xerarquía ningunha" no mundo do valor; haina, precisamente por dúas razós: primeiro, porque como cada conquista dun valor é unha conquista absoluta, a reiterada conquista nun autor dado, supón prá súa persona unha densidade de valores tan enorme que á forza distingue o seu labor de conxunto doutro autor, que, en troques, non acade sempre triunfalmente a realización dos seus propósitos. Pero polo mesmo, analizando unha soia e isolada producción, si é boa, tanto dá que esteña acompañada de xenialidades ou vulgaridades: vale, como fenómeno singular, o mesmo. Ademáis, e aquí está a segunda razón, o valor posee unha estructura xerárquica, no orden absoluto, na súa relación cos demáis trascedentales do ser, e por tanto —qué duda cabe— a converxencia nunha obra única do ben e da verdade, crea un conxunto ontolóxicamente escepcional. Pero mírese a cousa rectamente: boa, o que se dí "boa", non é máis unha obra porque presente aquila converxencia coa verdade; o que ocurre sinxelamente, é que a obra resulta igual de boa, e igual de verdadeira, pero moito máis "trascendente". E por aquí podería atopar algunha razón o "comprometido": quen logra a comunión coa realidade, e sobre de todo, coa verdade do seu tempo, ten unha capacidade trascendental maior. Pero ¡cántas veces a converxencia se non dá no refreixo do real, sinón do utópico, do ideal!

E, polo mesmo, non sempre é a inquedanza diante do presente, diante do inmediato, o que atopa a máis alta diñidade. De feito, soio cando unha obra resiste a proba histórica, cando se convírte nunha conquista perenne, cando se fai clásica, garda en realidade no seu seo un equilibrio entre o ben e a verdade. Os teóricos medievales chamábanlle ao belido "o verosímil", no senso literal do que ten semellanza coa verdade; pero polo mesmo poderíase chamar o "benesímil", forzando a palabra hastra a eufonía, a ista perennidade do obxeto da intención estética. Así, escoitemos de novo ao poeta, en versos que espresan ó seu xeito ista doctriña:

Rose, du thronende, denen im Altertum
Warst du ein Kelch mit einfachen Rand.
Uns aber bist du die volle zahllose Blume
Der unerschöpfliche Gegenstand [7].

(Tí, rosa entronizada, que noutro tempo
fuches un cálice dunha soia orela.
Pra nós, tí es a frol plena, innumerable;
tí es o noso inagotable obxeto.)

[7] **Rilke**: *Op. cit.* Zweiter Teil. VI. 1-4.

¡Ista rosa inagotable, ista rosa de cen follas, que cantóu o noso Cabanillas, ista universal e inmorredoira rosa, obxeto feiticeiro da poesía, ista máxica razón de ser que nuns versos onde define a esencia da poesía, nos canta:

Charme profond, magique, dont nous grise
Dans le présent le passé restauré! [8]

(Les fleurs du mal. XXXVII, II.)

Pero a percura do obxeto da poesía tivo na nosa hora un destino singular. Imos ver cómo no noso tempo, o xiro copernicano da poesía consistíu en crear un novo obxeto modificando o suxeto mesmo.

V

Ao meu ver, soio pode comprenderse a poesía do noso tempo, como a espresión do propio evolucionar do home contemporán, evolución que á súa vegada caracterizóuse pola toma de conscencia da profunda radicalidad de dúas dimensiós da súa condición natural: a social e a íntima. Normalmente, sobre de todo nos derradeiros anos, semella que a poesía concede máis valor á renovación social; mais nos primeiros lustros do século, foi a intimidade o que sufríu as meirandes transformacións. No noso tempo, a riqueza esperencial que leva a unha filosofía da intimidade, da autenticidade existencial acadada nas esperencias de radicalidade (a angustia, o erotismo, e outra a esperanza, etc....), constituiu un progreso equivalente, nisa dimensión, ós mellores logros na máis derradeira tendencia ou retorno a unha poesía épico-popular, que verdadeiramente tivo grandes representantes, por riba de todos, Neruda, i en outro senso, sin duda máis total, e máis ricaz, Boris Pasternak. Pero a formulación máis esperesa dista doble vertente da intimidade, hacia o erotismo, ou cara a autenticidade, en esperencias radicales tipo "angustia" e similares, como decimos, podémola atopar en homes como Stefan George e Rilke; Eliot, Edith Sitwell, Sikelianos, Juan Ramón, e tantos outros.

Por erotismo hai que entender unha tendencia xéral a formas de poesía íntima en que o narcisismo poético move dinámicamente a inspiración. Niste senso, o grupo que tomou por heroi a "Maximino" e por patriarca a Stefan George, sería o máis representativo, nun erotismo "practicante", que en outros poetas, como o xa citado Eliot, ou Yeats, ou Unamuno, recóllese a miúdo baixo o manto confortable da relixiosidade (por exemplo, no poema ao "Cristo de Velázquez"). Miremos algúns exemplos:

dass morgen
Leicht alle Schönheit, Kraft und Grösse steigt
Aus eines Knaben stillem Flötenlied.

(... *que mañán*
toda Beleza, forza, grandeza chegarán
da serena melodía de flauta dun mozo [9].

(S. George).

---

[8] Baudelaire: *Les fleurs du mal.* XXXVII. II.
[9] Stefan George: *Zeitgedichte.* 1-3.

Die Weltzeit die wir kennen schuf der Geist
der immer mann ist, ehrt das weib im Stofre.

(O tempo do mundo que coñecemos
é obra do esprito sempre masculino, que honra
á substancia femenina [10].

(S. George).

Mais, o novo perfil da subxetividade atopa en Rilke a definitiva configuración. Il mesmo denenrola ista doctriña xa nos "Cuadernos de Malte", en 1910, nunha páxina memorábel que imos transcribir:

"*Os versos non son, como pensan algúns, simples sentimentos* (Gefühlen) *sinón esperencias* (Erfahrungen. Deixo en alemán istes términos, xa que son decisivos pra o noso cometido). *Pra escribir un soio verso, fai falla ter vistas moitas cidades, homes e cousas; fai falla coñecer ós animales, e o xeito cómo os paxaros voan, e saber dos movementos que as froles fan ao se abriren polas mañás. Fai falla poder pensar en camiños de rexiós descoñecidas, en alcontros inesperados, despedidas que ún vía vir dende tempos atrás, nos días aquiles da infancia, que aínda resultan misteriosos... E non abonda con saber iso, saber pensar niso. Fai falla ter recordos de moitas noites de amor, cada unha delas distinta das outras... Fai falla, tamén, ter estado no leito dos moribundos, ter permanecido tempo sentado preto dos mortos, na habitación, cas fiestras abertas e os bruídos que irrumpen como golpes*"... *Mais, os recordos mesmos inda non son abondo. Hastra que se non convirten en nós como sangue, mirada, xesto, cando xa non teñen nome... hastra entón, non pode suceder que nunha hora moi rara, érgase do centro diles a primeira palabra dun poema*".

Aquí temos toda unha teoría sobre do quefacer poético. O obxeto dista poesía, é o suxeto: íste, primeiro vive entre tódalas cousas. Semella que Rilke lémbrase da definición aristotélica da alma: "A alma é en certo modo tódalas cousas". Mais, denantes de escribir o poema, o poeta ten que convertir en subxetividade creadora o obxeto inicial da súa inquedanza lírica.

Wolle die Wandlung. O sei für die Flamme begeistert,
Drin sich ein Ding dir entzieht, das mit Verwandlungen prunkt.
(Ou, tí: Ama a transformación. Énchete de entusiasmo ca labarada
en que algunha cousa que altivamente se transforma, te esquiva [11]

Un ilustre helenista inglés, Cecil Bowra, nun estudo sobre a poesía na primeira mitade do século XX, quere reducir a dúas as tendencias poéticas actuales. Unha tendencia, sería o simbolismo, e o que íl —noutro traballo seu— chamaría "o herdo do simbolismo" (The heritage of symbolism); doutra banda, teríamos o que íl chama "the modernist". Cita nos primeiros a Yeats, Valéry, George, Rilke, Blok, Ady, Unamuno, Juan Ramón, De Castro, Sikelianos, e outros. E pra caracterizar os segundos o autor cita a Lorca, Quasimodo, Pierre Emmanuel, Dylan Thomas, David Gascoyne, defendendo a súa clasificación cuns supostos totalmente inaceptables, agás certas agudezas, que son diñas de asimilar.

---

[10] Stefan George: *Der Stern des Bundes*. 1-2.
[11] Rilke: *Op. cit.* Zweiter Teil: XII. 1-2.
Os restantes versos de Xosé Luís Franco Grande, pertenecen á obra citada na nota [1].

Certo que o infruxo do simbolismo foi enorme. Mais, xa pra escapar dil, poderíamos contar soio en París, e nos quince primeiros anos do século, media ducia de movementos: o *suntuarismo, o paroxismo, o integralismo, o unanimismo, o tradicionalismo,* e despóis, quizaves o máis importante, *o futurismo,* que xa Montale e Marinetti tiñan fundado por entón. Ista búsqueda de formas, que ía rematar despóis nunha infinita variedade de escolas e movementos, chega dabondo pra abandoar toda caracterización da poesía actual meiante estilos. Istes foron tantos, que, xusto, son o que hai que caracterizar e precisamente a tesis de Bowra resulta demasiado vagarosa. De ahí que nós teñamos feito ista nova clasificación, de "intimismo erótico e relixioso", por unha banda, e poesía social, si se quer, dialéctica, por outra. E sobre dista base, tódalas especificaciós concretas que se desexe. Sin dúbida, á súa vegada, o incurrir nunha nova clasificación, abre un horizonte de ambigüedade en nada menos perigroso. Pero, polo mesmo, imos agora delimitar o alcance disa clasificación, meiante o análisis precisamente do noso poeta, da obra que estamos a comentar, "Entre o sí e o non".

Si se analiza ista obra, o primeiro que observamos é que, propiamente, semella comprir á perfeición o programa anunciado por Rilke nos "Cuadernos de Malte". Franco Grande amóstranos unha poesía esperencial, vivencial, chea de profundidá e de sinxeleza. Nisto, escapa totalmente do simbolismo: nada de metáforas grandilocuentes, nada de prosa versificada, nin de verso prosaico. O seu decir é directo, denso, craro e comprexo, nunca obscuro e menos alambicado. A armonía esterior, deixa paso a unha armonía interna. Xa Heráclito decía que ista armonía radical era superior á aparente. Por outra banda, o idioma que emprega, xa está presto pra un uso de tal índole. A língoa que utiliza Franco Grande é un galego que perdéu o tono "cantabile" da poesía galega dos "Precursores" e dos devanceiros. Tamén está xa lonxe, sobre todo nos poemas derradeiros, dun infruxo notorio nos primeiros, Manuel Antonio. Si acaso hai nalgús versos un retorno ao ritmo crásico, medieval, da literatura galega, un tanto diferente ao retorno que fixera nos seus bós días Fermín Bouza-Brey, ben que o impacto dista xeneración sobre Franco Grande non fose, en rigor de verdade, nimio. Pero é ao meu ver un tento limitado toda aprosimación escesiva a istes poetas, inda que Franco Grande conóceos ben e apréciaos no que teñen de valioso e de anovador.

Iste manexo dunha língoa madurecida, é un dos rasgos máis destacados na poética que estóu a comentar. Niste senso, atopamos entre Franco Grande e outros poetas galegos de hoxe, a diferencia que media entre, por exemplo, Antonio Machado e Juan Ramón, entre Valéry e Claudel: ambos grupos usan a mesma língoa, e como autores son contemporáneos, pro Machado fai co seu castelán un idioma natural e perfecto; en Juan Ramón temos análogas ou meirandes perfeiciós isoladas, pero máis artificio. O propio en Valéry respeito de Claudel, que ademáis resulta inferior, ben que tentase revolucionar o verso francés: Valéry nisto é máis "clásico". Usa un verso homologable a Racine ou ao propio Baudelaire, ou a Mallarmé. Claudel pretende un verso novo, pero fracasa, inda que a súa poesía non esteña esenta de grandeza.

O que sucede aquí, é que Franco fala a língoa en que poetiza non soio no seu contorno, sinón consigo mesmo. "Pensa" nisa língoa, sinte nisa língoa, nises parámetros idiomáticos todos. Apoiado nunha demarcación idio-

mática galega mui pura, trascéndea, sin traicionala perdéndose nun virtuosismo de símbolos totalmente estéril, como fixeron outros notables intentos poéticos da súa xeneración e das precedentes.

Así, temos unhas fermosas "Canciós de amor e soedade", onde, como digo, o retintín meloso do galego tópico está aplastado na pureza e sinxeleza dos seus logros espresivos:

Cómo te amei naquel entón perdido
naquel antonte que ningún dos dous
soupo amar de verdade...!

(Canción núm. 3 páx. 49).

Muller: Eu nada digo.
Cada ún de nolos dous
ten unha estrela propia.

(Canción núm. 2).

Por outra banda, Franco Grande non soio logra un especial efecto de naturalidade idiomática: ó traveso disa conquista, o galego sirve pra espresar unha poesía de forte raíz metafísica. Frente aos poetas que fan metafísica en verso, Franco Grande fai versos que resultaron tan profundos como un discurso de metafísica. A poesía radical é así, e xusto, si ademiramos a Rilke foi por convertirse nun poeta que anticipa coa súa poesía, nos Sonetos e sobre todo nas *Duineser Elegien,* nada menos que a filosofía existencial dun Heidegger.

Pro, temos que insistir niste problema da relación entre a total sumisión do idioma ó poeta e a esencia da poesía. Toda poesía escesivamente metafórica, como o simbolismo i en xéral as escolas que dil naceron ou dil tentaron separarse caíndo en estravagancias, como o surrealismo, ou en defecciós da poesía; toda poesía en que a metáfora faise reiterada, constante como motivo, é simbolismo. O símbolo é soio unha metáfora feita constante espresiva. A miúdo obsesiona ó poeta, e limita a trascendencia metafísica, inda que haxa unha deliberada intención metafísica, co cal a poesía pode incruso perder espontaneidade. Tal é, ao meu ver, "o herdo do simbolismo".

Pero o recurso aquí, na poética de Franco Grande, é convertir en constante o pronombre, e cáseque sempre o Eu ou o Tí. Fala en nome propio, mais un Eu metafísico, que non por iso deixa de ser o eu natural i existencial dun autor que está a referir esperencias, momentos biográficos, que encima foron reales, e non unha mestura de "Dichtung und Wahrheit", como acostuma suceder. Por outra banda, Franco refuga o mito, elude toda fabulación, polo menos no conxunto da obra, i emprega o que Aristóteles chama na *Poética,* según nos recorda Wellek, o *lógos,* nise senso de contrapunto do *mythos.*

Máis ben diría eu que Franco Grande utiliza unha dialéctica na súa poesía, na que as ideas "atravesan" a urdime da comunicación poética, sin deixar de ser o que son, ideas, e sin prescindir en absoluto da capacidade espresiva do idioma: íste, decimos, está moi madurecido; é un linguaxe cultivado, pero directo, sin artificios.

Na crítica actual da poesía, observo que a miúdo se concede ao manexo dos grandes elementos da poesía (según Wellek, no seu interesante

libro sobre *Teoría literaria.* Vid. ed, esp. en Gredos), a saber.: *Imaxen, metáfora, símbolo, mito.* Pérdense os críticos contando adxetivos (poucos na obra de Franco Grande), almacenando datos, en fin, sobre das imáxenes e metáforas dun autor. Temos, evidentemente en Franco, palabras decisivas, constantes, reiteradas: *orela,* nun senso figurado (*cada ún a súa orela / i este misterio que connosco vai / porque tamén é noso...*) ; (*Cánta oquedade sin orela certa... etc.*), *linde* (*caos tamén sin linde...*) ; (*Alma, sin linde algún...*) *etc....* e outros máis. Pero o linguaxe de Franco incorpora metáforas e imáxenes como elementos non da percura poética, sinón do patrimonio poético; sírvense dunha língoa feita poéticamente, máis que dunha língoa por facer.

Xustamente, a poesía social, tamén tenta ser dialéctica, pero a miúdo faise retórica, faise discurso, faise lógos; pro un lógos non sempre poético, sinón xeneralmente demagóxico e superficial, que traiciona á poesía, cando non á súa propia "ideoloxía".

Ao traveso dista dialéctica, o autor entréganos un Eu, que é o seu, i é tamén un Eu puramente poético. Nos da poesía, xa que logo, que chega preñada de esperencia vital, transformada no crisol interior da creación poética. Iste Eu procede dun mundo que non é xa o simple campo cotián, inda que use un linguaxe aparentemente cotián, sinón que deixa de ser un mundo fenoménico, esterior e superficial, pra se convertir nun mundo de esencias, no que hai lógos, ben que non un lógos que ande á percura da "verdade" sinón que vai á percura do sentido. Poisque, xustamente, sentido e verdade, sentido e ben, constituen a parexa dialóxica da nova poesía. O poeta atopa un mundo que fenoménicamente semella estar ó derrumbe:

> *Eu sei que o meu misterio ven de lonxe*
> *e volvo a afundirme alá no escuro,*
> *onde os meus sentidos case non son meus*
> *e unha oquedade aperta pouco a pouco...*
>
> (páx. 70)

Máis o poeta sabe que iso é aparencia: non refuga o mundo; mundo soio hai ún, o mundo do fenómeno é o mesmo que o mundo das esencias; non hai unha separación, un *chorismós,* platónico, sinón dúas formas de darse o mundo á esperencia humá: unha, a forma popular, pública, inauténtica, do mundo cotián, que soio sabe de fenómenos e de apariencias-reales, pero soio no seu fondo, non na súa concreta fugacidade, refreixo da súa máis fonda radicalidá; e outra a forma esencial, a forma pura, en que o mundo é, xusto, a realidade total, transparentada tras a aparencia do cotián, sempre real, tamén, pero superficial, pouco profunda. O poeta comprende que un mundo, soio ten sentido pra un Eu, ou pra un Tí, ou un Nós. E tenta construir primeiro un mundo poético ao traveso do seu Eu, pra proporcionarnos ise mundo onde o poeta dí *que ben se vai —qué ben— eiquí onde eu vou.* Convídanos a facer pe no seu mundo, xa que sin o suxeto, o mundo afúndese e perde rumbo. A súa Dialéctica consiste en que para que exista o nós, ten primeiro que existir o eu; e non á inversa. Pois, o contrario, é, xusto, o que pasa na vida cotián: o eu depende de "todos nós", pero ise mundo deciamos que é neutral a un sentido. O papel do poeta é "poñer de cabeza o eu", pra que ande dereito o nós.

Coido que iste libro fará refreisioar a moitos poetas mozos. E probablemente, teremos algunha ocasión de referirnos de novo a íl. Soio agora rematar cuns versos do poeta:

e sei que o meu altar está moi lonxe
e por máis voltas que conmigo dou
non paso do meu adro.

Aquí, a intimidade é ampliada e limitada aos seus puros eidos. Cabe unha direición múltiple pra todos. O adro da poesía, é a obra poética; o equilibrio entre a verdade e o ben, entre o que semella ser coma verdade, e o que semella ser como o ben é o altar. ¡Vámonos todos á percura dise altar:

O meu milagre chega
cúmplese e ven de seu...!

X. M. LÓPEZ NOGUEIRA
Santiago

VALLE-INCLÁN Y LA PARDO BAZÁN: "DIVINAS PALABRAS" Y "EL TETRARCA EN LA ALDEA"

Valle-Inclán, firme creyente en el valor sin igual del arte para captar lo esencial, permanente e íntimo de la realidad, espiritual y material, se sirvió generosamente, para su creación artística, de fuentes literarias; y entre esas fuentes literarias ocupan un lugar de primera importancia las gallegas, en lengua vernácula y en castellano.

En dos artículos, aparecidos en la *Revista Hispánica Moderna,* tuve ocasión de señalar la gran deuda que tiene Valle-Inclán con la literatura gallega. Hace ya algunos años, en 1945, se publicó, en esa revista, mi artículo *Valle-Inclán y Curros Enríquez,* mostrando la influencia de la poesía en gallego del vate realista orensano en la prosa modernista de Valle-Inclán. Más recientemente, en 1967, apareció, en la misma revista, mi artículo *El Cuento de Abril de Valle-Inclán: sus fuentes y su arte,* en el que destaqué las fuentes gallegas de Valle-Inclán en *Cuento de Abril,* mostrando que la *Historia de Galicia* del ferrolano Benito Vicetto era la fuente del argumento que desarrolló en su poema dramático el gran escritor de la Generación del 98.

Mi amigo y paisano José Rubia Barcia, de la Universidad de California en Los Ángeles, publicó, en 1955, en la misma revista neoyorquina, un largo estudio sobre *Valle-Inclán y la literatura gallega* señalando las principales fuentes literarias gallegas, tanto en prosa y en verso, en castellano y en lengua vernácula, de Valle-Inclán.

Una de las fuentes gallegas presentes en la obra de Valle-Inclán, particularmente en los cuentos y dramas, es la de la Pardo Bazán, máximo narrador de temas gallegos en la época del realismo tocado de naturalismo; y, sin embargo, esta influencia apenas ha sido hasta ahora estudiada, incluso Rubia Barcia no la analiza en su excelente y amplio estudio.

Está por estudiar con detenimiento la influencia de los cuentos de la Pardo Bazán, sobre todo los de su segunda fase, en la que el naturalismo va cediendo ante el empuje de otras corrientes artísticas más espiritualistas, en la transformación del arte narrativo de su paisano Valle-Inclán, en el paso de sus cuentos decadentes hacia los simbolistas. El Valle-Inclán de *Jardín Umbrío* (1904) tiene una deuda entrañable con los cuentos de la Pardo Bazán en *Cuentos sacro-profanos* (1899), *Un destripador de antaño* (1900) y *Cuentos de Navidad y de Reyes* (1902).

El tema gallego, expresión del carácter y de los personajes de su tierra, fue el que llevó a la Pardo Bazán a superar en sus cuentos el realismo, más o menos naturalista, en busca de un arte más simbolista; y este mismo tema, con su ambiente, personajes e historias, es el que buscará Valle-Inclán, abandonando los personajes y ambiente decadentes de sus primeros cuentos o historias amorosas de *Femeninas* (1894), para crear sus excelentes cuentos del período simbolista, que figuran entre los más notables en la historia del cuento español.

La influencia de la Pardo Bazán en la obra de Valle-Inclán pasa de los cuentos al teatro, principalmente a los dramas de carácter gallego. Algunos críticos, como Olga Guerrero [1], han señalado la de *Los Pazos de Ulloa* de la Pardo Bazán en las *Comedias bárbaras* de Valle-Inclán; y ven en el Marqués de Ulloa, don Pedro Moscoso, el antecedente inmediato de don Juan Manuel Montenegro, el personaje central de las *Comedias bárbaras*. Pero también hay antecedentes en *Los Pazos de Ulloa* de otros personajes de las *Comedias bárbaras*: Sabela, la barragana del Marqués de Ulloa, lo es de la Sabelita, la de don Juan Manuel Montenegro; y existe una gran afinidad entre las respectivas esposas de los personajes centrales de ambas obras.

Han escapado hasta ahora a la crítica otras influencias de la Pardo Bazán en la obra de Valle-Inclán, no ya en las de la época simbolista, que están tocadas de sentido profundamente dramático, como las *Comedias bárbaras*, sino en las de la fase expresionista, de tema gallego, con las que se cerró la carrera literaria del gran escritor gallego. Este trabajo se propone estudiar una influencia muy concreta: la de un cuento de la Pardo Bazán, *El tetrarca en la aldea*, incluido en *Historias y cuentos de Galicia*, que comienzan con *Un destripador de antaño*, en *Divinas palabras* (1920) una de las grandes obras dramáticas del arte expresionista valleinclanesco.

Uno de los temas que preocuparon más al arte expresionista español, lo mismo a la novela y al drama de Valle-Inclán que a la novela de Pérez de Ayala, fue el del honor: columna vertebral del teatro español de todos los tiempos, desde el del Siglo de Oro, principalmente el de Calderón, hasta el de Echegaray, en la época moderna.

El afán de revisión de los valores morales y sociales, singularmente de los que se consideran características nacionales, que animaba al expresionismo, le llevó hacia ese tema, que asfixiaba a la vez el teatro y el alma de la sociedad española, pues convertía la brutal venganza de sangre medieval en plausible motivación de las gentes contemporáneas.

Pérez Galdós, el gran novelista y dramaturgo del realismo, se alzó en contra del sentido del honor calderoniano, y prefirió seguir, en la época moderna, la senda cervantina, más humana, tolerante y comprensiva, en los problemas del honor.

La Pardo Bazán apenas se ocupó de este tema en sus novelas, más o menos naturalistas; pero, en cambio, lo trató en un breve cuento gallego, *El tetrarca en la aldea*, en el cual se pronuncia en contra del sentido rígido del honor español calderoniano, expresando sus ideas primero en forma de diálogo entre dos personajes, que son como introductores del tema y de la historia, y luego por medio de un cuento en que toman la forma de la realidad de la ficción.

A través del diálogo de los personajes, que van a presentar el cuento, narrándolo uno y escuchándolo el otro, formula la Pardo Bazán una teoría del honor totalmente contraria al sentido calderoniano, considerándolo como algo mecánico y automático, carente de la riqueza de matices que tiene la conducta humana: "El hombre verdadero", dice uno de los interlocutores del cuento, "siente con infinita variedad y riqueza de matices; el hombre artificial, modelado por las preocupaciones, marcha en línea recta, con mo-

[1] Olga Guerrero, *Sobre las Comedias bárbaras*. Cuadernos Hispanoamericanos, Madrid, julio-agosto, 1966, núms. 199-200.

vimiento automático. Una de estas pláticas a que aludo es la línea de conducta del marido con la mujer infiel... ¡Qué de resoluciones trágicas, qué de energías, qué de majestuosa altivez muestran los hombres! Cada quisque puede dar lecciones de dignidad a Otelo: el médico aquel de la sangría suelta se queda tamañito. Sin embargo, así como la observación positiva del desafío demuestra la gran superioridad numérica de los prudentes, la observación, también positiva del conflicto conyugal revela que esas vengativas terriblezas son un derroche de voluntad al alcance de muy contadas fortunas. La resignación es la nota más común, sobre todo la resignación teñida de color de indiferencia o ignorancia; lo que escasea —me decía mi amigo, aficionado a indagar historias— es la resignación envuelta en ingeniosa ironía" [2].

Valle-Inclán expresó esta misma crítica del sentido español del honor calderoniano en tres de sus obras dramáticas: en *La Marquesa Rosalinda,* de su período simbolista; y más aún en *Divinas palabras, tragedia de aldea* y en el esperpento *Los Cuernos de Don Friolera,* ambas de su fase expresionista. En esta crítica, Valle-Inclán, como la Pardo Bazán, tiene a la vista el teatro de Calderón de la Barca sobre todo los llamados dramas de los celos, en los cuales ocupa el primer lugar *El mayor monstruo, los celos,* cuyo protagonista es el Tetrarca de los antiguos tiempos alejandrinos del Asia Menor.

En *La Marquesa Rosalinda* formuló Valle-Inclán toda una teoría sobre los factores nacionales, físicos y espirituales, que forjan en duro sentido de los celos del español; pero fue en *Los Cuernos de Don Friolera,* en donde, valiéndose de una técnica dramática expresionista, hace aparecer, un poco como en el cuento de la Pardo Bazán, al comienzo de la obra, dos personajes, que no son actores de la historia o de la representación, sino que presencian ésta y oyen aquélla, exponiendo sus puntos de vista sobre una y otra; uno de estos dos personajes, Don Estrafalario, que dialoga con don Manolito, expresa la crítica valleinclanesca: "Una forma popular judía, como el honor calderoniano. La crueldad y el dogmatismo del drama español solamente se encuentra en la palabra. La crueldad sespiriana se magnífica, porque es ciega, con la grandeza de las fuerzas naturales. Shakespeare es violento, pero no dogmático. La crueldad española tiene toda la bárbara liturgia de los Autos de Fe. Es fría y antipática. Nada más lejos de la furia ciega de los elementos que Torquemada. Es una furia escolástica. Si nuestro teatro tuviese el temblor de las fiestas de toros sería magnífica. Si hubiera sabido transportar esa violencia estética, sería un teatro heroico como la *Iliada.* A falta de eso, tiene toda la antipatía de los códigos, desde la Constitución a la Gramática" [3].

La Pardo Bazán recogió en su cuento *El tetrarca en la aldea* una anécdota muy popularizada en el folklore gallego: la de la infidelidad no de una simple casada sino de los que Rosalía de Castro denominó, con frase gráfica, *viuda dos vivos,* es decir, de una mujer casada cuyo marido lleva largo tiempo ausente en América. En la anécdota popular gallega, el visitante de la casa del marido ausente, que ayuda en más de la cuenta a la

---

[2] **Emilia Pardo Bazán.** ***El tetrarca en la aldea,*** **en** ***Historias y cuentos de Galicia, Obras completas,*** **Vol. 1, 1350, Aguilar, Madrid.**

[3] **Ramón María del Valle-Inclán.** ***Los Cuernos de don Friolera,*** **en** ***Obras completas,*** **Vol. I, 995.**

esposa sin compañía, es un presbítero. En el cuento de la Pardo Bazán es un aristócrata, el Conde de Castro. En la anécdota popular gallega, el esposo, radicado en América, informado por su propia mujer de las atenciones del presbítero con ella, le escribe una carta extremadamente concisa en la que repite tres veces la corta frase: ¡Señor abade! ¡Señor abade! ¡Señor abade!, que indica comprensión y perdón para la esposa y una advertencia al abade (cura párroco) para que deje sus visitas a su esposa.

En el cuento de la Pardo Bazán, *El tetrarca en la aldea,* el marido vuelve de América y le da a entender a la esposa y no al visitante (en este caso el Conde de Castro) que conoce su infidelidad, por lo que puede asumir el papel del tetrarca vengativo castigando a la esposa, como el Tetrarca calderoniano de *El mayor monstruo, los celos,* de don Pedro Calderón de la Barca, aunque éste, extremando los celos, castiga a su esposa más por sospecha de adulterio que por verdaderos actos de este carácter.

El cuento *El tetrarca en la aldea* es un ejemplo muy ilustrativo de la evolución del arte y estética de la Pardo Bazán: como la novelista y cuentista gallega va abandonando cada vez más las doctrinas naturalistas, a las que se había afiliado con entusiasmo, para poner el espíritu por encima de la materia; pues, en esta historia, es la libre voluntad humana la que, por encima del código del honor español, de hondas raíces calderonianas, y de las presiones sociales, adopta una resolución independiente, propiamente suya, en contra de las normas sociales de la vida española, tan arraigadas en ella como las del concepto del honor.

Este tema del honor calderoniano, pasajero en los cuentos de la Pardo Bazán, lo convierte Valle-Inclán, en la fase expresionista de su carrera literaria, entre los años 1920 y 1930, en uno de los principales resortes de su arte dramático, particularmente en *Divinas palabras* y en *Los Cuernos de Don Friolera.*

Valle-Inclán, desprendiéndose totalmente de la anécdota del folklore gallego y del cuento de la Pardo Bazán, hace que la esposa adúltera, en *Divinas palabras,* no sea una viuda de un vivo, sino la esposa de un sacristán con el que vive, en compañía de una hija; y el adulterio, de acuerdo con el sentido popularizante de su arte expresionista, no sea cometido por un cura ni por un conde, sino por un buscavidas que anda de feria en feria ganándose la suya con la suerte del pajarito y con la perra *Coimbra,* que predice la suerte. Y también en *Divinas palabras,* el esposo ofendido no es un campesino como en la anécdota folklórica y en el cuento de la Pardo Bazán, sino un sacristán, el cual, al perdonar a la esposa adúltera, cogida en el campo, desnuda, por los vecinos en actos de adulterio, asume el papel divino del Salvador, repitiendo, contra los denunciadores, las divinas palabras de perdón, que dijo el Redentor, para perdonar a la adúltera lapidada por las turbas en Tierra Santa.

El tetrarca en la aldea, tituló su cuento la Pardo Bazán. *Tragedia de aldea,* subtituló a la suya, a *Divinas palabras,* Valle-Inclán. La anécdota folklórica gallega se elevó en vuelo corto al mundo del arte literario en el cuento de Doña Emilia, quien hizo pequeños cambios en la historia popular gallega.

En Valle-Inclán, pese a su vinculación a los elementos popularizantes, el tema alcanza su máxima altura empujado por el arte expresionista. Valle-Inclán, en *Divinas palabras,* lo mismo que en *Los Cuernos de Don Friolera,*

se enfrenta con los molinos de viento del honor calderoniano español para mostrar toda su crueldad, inutilidad e inhumanidad. Arremete contra esos molinos de viento por considerarlos un grave obstáculo para el sentido humano del teatro español y de la vida social española misma. Y al presentar este tema, llenándolo de la mayor humanidad posible, lo sitúa en medio de la vida rural hirviente y doliente de su tierra gallega, con un arte que tiene toda la palpitación agonizante del existencialismo contemporáneo.

EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ
New York

CARTA A UN MOZO GALEGO DE HOXE

A Guillermo Roxo,
trovador galego.

Meu querido amigo:

Nada me solprende que, case recén chegado aínda á Universidade galega, me veña agora esta carta túa. Eu sabía que a pouco de chegares o teu primeiro esbarrullamento espritoal iba ser a propia cidade, esa cidade que de primeiras semella morta, que se ven enriba dun e que xa nunca máis poderemos afacernos a ela. Eu agardaba que este teu primeiro encontro con Santiago fose así; non é nada novo, senón máis ou menos o que lle pasóu a cada quen. E non che vou decir agora que non somentes te vas afacer axiña a ela, senón que, además, asinará a túa vida pra sempre, pois é moi cedo aínda pra isto i eu non che podo decir agora con palabras o que tí algún día, calquera día, vas sentir na túa propia carne.

E do mesmo xeito que agardaba este encontro desconcertante, que case te deixóu abraiado, ó te atopares cunha realidade que está moi lonxe da idea que tí te fixeras dese mundo onde agora estás, eu agardaba tamén que algo moi semellante che ocurrira ó te atopares ahí cunha presencia da nosa terra que tí —esta é outra das "ideas" que levabas ó saíres pra ahí— idealizabas na mocedade universitaria, nos teus mesmos compañeiros. Agardabas moitas cousas que non atopaches e atopácheste con algunhas outras que non agardabas. Sinxelamente, o único que che pasa é que aínda non empezaches a vivir de cheo a nova vida que nesa cidade che agarda. Tampouco che vou falar dela porque non sei xustamente cál será. Pola contra, serás tí quen me fales algún día dela, si de certo chegas a vivila, isto é, si de certo empezas ahí un camiño espritoal novo.

E somentes hai unha cousa da que che quero falar nesta carta de agora, pois sí que me deu moito que matinar ó atoparme na túa carta con esta novedade que eu nin podía adiviñar en tí: o te sentires sin tarea, iso que tí dís de "non saber qué facer con e por esta terra. Os mesmos negros poden facer máis polos seus países. Saben o que queren, saben a ónde van, teñen unha tarea. E unha mocedade tamén, con pulo e con ideas novas". Velahí o que máis me solprende da túa carta; en realidade, o único que me solprende de toda ela, pois que te sintas alleo nesa cidade (e mesmo aínda, por agora entre os teus compañeiros), como che digo, era o que eu máis agardaba.

¿Que non tes unha tarea? Eu dígoche que sí a tes; unha tarea inmensa, pra a que a túa xuventude é pouco; unha tarea pra grandes esforzos, e ogallá tí lle adiques os teus; unha tarea complexa, como poucas, e na que sempre ten un posto cada quen. E por iso mesmo quero falarche dela, tal é como eu a vexo:

1.

Vivimos nun tempo no que unha realidade está ben á vista: a nosa terra comenza a tomar concencia coleitiva de sí mesma; comenza a ver que unha chea de valores están ahí; e non somentes iso, senón que eses valores, que semellaban dormidos ou esquencidos, son a nosa propia persoalidade, e que o acaído desenrolo das nosas posibilidás, determinará verdadeiramente o noso futuro. Podemos decir, pois, que a nosa terra semella espertar agora dun pesado e longo sono, do seu mutismo secular e que se dispón a ser ela mesma.

A xente empeza a ver que a realidade dos tempos ten de se cumplir tamén entre nós do mesmo xeito que se vai cumplindo en tódalas partes do mundo, máis ou menos de presa ou máis ou menos de vagar. Por iso mesmo empeza a ver tamén que esas xabreiras realidás que aínda hoxe atopamos na nosa terra, non poden durar por moito tempo. Unha meirande xusticia, un meirande progreso, un meirande desenrolo das nosas propias posibilidás, dos valores e posibilidás do noso pobo, teñen que ser as dianas a onde dirixamos a nosa camiñata cara ó porvir.

Pois a nosa terra foi sempre das máis sensibles pra os cambios e anovamentos do mundo. A súa historia —que non toda ela é unha historia de continos fracasos encadeados uns ós outros— demóstranos que sempre soupemos acoller os novos ventos e os novos rumbos que andaban polo mundo adiante. Xustamente, os intres históricos da nosa meirande puxanza foron aqueles nos que soupemos acoller, e facer nosos ó noso xeito, as realidás e anovamentos que xurdían polo mundo. Acollelos e facelos nosos, isto é, encarnalos na nosa persoalidade. E isto é o que hoxe, o mesmo que onte, temos que facer nesta terra.

Non é, dende logo, tarea doada facelo así. Pois si nalgúns intres da nosa historia foi máis doado facelo, era porque o país estaba en disposición pra botarse a andar en calquera intre, ou, millor aínda, de seguir no seu camiño cara adiante. É decir, que o noso país non fora aínda asoballado, caído de esguello, coutado no seu destino histórico, na súa persoalidade como pobo. De ahí que o gran labor dos nosos anos e séculos escuros non puidera ser outro que o de sorprender, amostrar e afortalar a nosa concencia de pobo, a nosa persoalidade, a nosa singularidade. Que isto se foi acadando —pouco a pouco, é certo—, é a relidade coleitiva que hoxe se percibe entre nós de anovamento radical da nosa terra.

Nesta hora de agora mesmo, non somentes debe seguir este labor de devolverlle ó país a concencia dormida da súa persoalidade e singularidade, dos seus valores e posibilidás, senón que tamén debemos seguir —si queremos chegar a solucións prácticas a verdadeiras— no estudo, conocemento e valoración da nosa realidade total, si queremos crear os títulos que nos dean dereito a cambear de raíz esa realidade nosa. Non podemos pensar en solucións prácticas cando aínda non conocemos, é decir, cando aínda non somos totalmente donos dos nosos problemas e das súas solucións. É decir, da nosa complexa realidade de hoxe. Poñer en marcha o porvir do noso pobo é unha empresa de gran alcance, de utilizar e remover grandes enerxías, de crear condicións e cadros realizadores e, máis que nada, de chegar a crear na nosa terra a crara concencia da súa singularidade, de propiciar o clima preciso que todo gran cambio e fondo anovamento require. Outra cousa sería traballar no valeiro, porque axiña se botaría de ver que

os esforzos non terían onde arraizar, condenados a estar de costas á realidade. En liñas moi xenerás como podes ver, a empresa é inmensa, pero tamén moi fermosa. E cada día pide máis obreiros, xustamente porque o traballo é moito.

2.

A min paréceme ben craro que hoxe podemos falar verdadeiramente da presencia dunha mocedade na nosa terra. A súa presencia está ahí, é unha realidade que se pode ver, e maniféstase tamén como tal mocedade. Podemos decir tamén que está integrada polos máis diversos elementos, ou millor aínda, que procede dos máis diversos sectores do país e, tamén, que se nutre de moi diversas procedencias sociales e aínda ideolóxicas, pois sendo a preocupación polo destino e polo porvir da súa terra unha das súas principales características, incorpora sempre á súa propia ideoloxía este deber moral primeiro que todo home, polo feito de selo, ten coa súa comunidade. En realidade, é ésta a primeira vez que un feito semellante se dá na nosa terra, ó menos como feito xeneralizado.

¿Cómo é esa mocedade? A resposta é que non difire grande cousa da mocedade de hoxe en calquera parte do mundo. Entre un rapaz que, como tí, estuda en Santiago e outro que o fai en París ou en Viena, non hai grandes diferencias. A diferencia xurde cando se compara a nosa mocedade de hoxe coa de hai uns cantos anos. E non falo somentes da mocedade universitaria, senón da mocedade en xeneral. E a primeira diferencia que se bota de ver é o feito xeneralizado de que hai hoxe na nosa terra unha mocedade, procedente de tódolos sectores, que se decata con toda craridade que pertenece a unha comunidade e que ten uns deberes pra con ela. Hai uns anos, este feito era minoritario, do mesmo xeito que hoxe o é da maoría.

Un dos tópicos negativos que andan por ahí, ten convencidos a moitos de que a mocedade de hoxe limítase a facer o vago, a deixar medrar longas guedellas e a rabuñar nunha guitarra protestando contra isto e máis contra aquilo. A imaxe non deixa de ser certa, ou polo menos relativamente. Entre nós, como en calquera outra parte do mundo, ocurre máis ou menos o mesmo. Pero moitas veces, esta mocedade que anda de lacazanería, que deixa medrar longas guedellas, hoxe, a diferencia do que ocurría onte, síntese e sábese avencellada á súa terra e ó porvir da súa comunidade. Isto, de primeiras, é unha ventaxa, ou si queredes, un paso adiante. Perguntarán algúns qué ventaxa ten iso pra o país, e non lles faltará razón. Perguntarase qué é o que fan polo país, e a pergunta será ben oportuna.

Todos sabemos que esa mocedade, que tanto se preocupa polo seu país, ten oportunidás, centos de oportunidás, pra se manifestar a prol da súa terra. Non sabemos por qué non o fai ou porque sempre o fai da mesma maneira, sin anovar nin siquera un día os seus métodos, pois lacazanería tódolos días, guedellas longas a cada intre ou guitarra tódalas horas, non é por nada, pero chegan a cansar a ún. E máis que nada cando ún pensa que é tanto o que está por facer; que tantas enerxías compren pra arranxar a nosa propia casa, as nosas propias cousas, as realidás da nosa propia comunidade. Sí, en Galicia, onde case todo está aínda por facer.

A min paréceme moi ben que se proteste contra isto e contra aquilo. O que ocurre é que non sempre con protestar se fan as cousas, as moitas cousas que hai que facer. Si o palleiro está por facer, non se fará con protestar, senón amoreando a palla pavea a pavea. E, polo que semella, ir amoreando a palla cada día e cada hora custa traballo, e o que custa traballo ímolo deixando pra que o fagan outros. E isto é o que non me semella nada xuvenil; pola contra, seméllame que demostra canseira, moita canseira, pra aqueles que por sorte tedes aínda moi poucos anos. ¿Comprendes agora por qué me teño perguntado máis dunha vez si a nosa mocedade non estará xa un pouco vella? Tí sabes tamén que son o primeiro en me querer trabucar.

3.

Pero esta hora nosa de agora mesmo é unha hora de crear. Toda gran obra de anovamento e de transformación da nosa terra e da súa magoante realidade de hoxe esixe de maneira moi principal que a nosa propia coleitividade tome concencia de sí mesma; e non somentes dos seus problemas, senón tamén dos seus valores e posibilidás. Pois a solución de uns e máis o desenrolo dos outros será a nosa gran tarea do porvir. Solución de problemas, pois, e desenvolvimento dos nosos valores integrales e de tódalas nosas posibilidás.

Ben se bota de ver que tanto unha cousa como a outra requiren equipos e cadros que estuden e programen, por unha banda, as solucións dos nosos problemas, e, por outra, o máis axeitado desenrolo dos nosos valores e posibilidás. Pois sin estes cadros ou equipos nada se poderá facer nunca, por moitas ocasións que se nos presenten e por moitas inquedanzas que se manifesten. E na nosa terra todo ou case todo está por facer. O país esixe grandes enerxías, porque os seus problemas, valores e posibilidás son moitos e moi complexos. Esixe, sí, grandes enerxías creadoras, ideas novas, programadores e realizadores pra un anovamento total da nosa realidade.

Repara somentes uns segundos nun dos moitos problemas que pra un futuro, pode que non lonxano, teremos que afrontar: o desenvolvimento das nosas posibilidás económicas. Esa realidade económica nosa está composta de moi diferentes eidos e de moi distintos problemas e factores. Pensemos somentes nus cántos: na pesca e nas industrias do mar, na ganadería, na riqueza forestal e na industria da madeira, nas fontes de enerxía e no seu desenvolvimento industrial, nos mercados e nos transportes, no turismo, nas fontes financieiras e no seu encamiñamento, na produción mineira, na economía agraria, na nosa horta, na economía do viño... ¿Coidas que pode pensar alguén que os inmensos, complexos i entrambilicados problemas que somente esa realidade orixina poden ser resoltos con papeliños apegados nas paredes ou nas vidreiras dos comercios? Craro que non, que ninguén que pense pode pensar semellante cousa. Unha realidade tan complexa require homes ben preparados, equipos e cadros que, despóis do debido conocemento desa complexa realidade, poidan e seipan programar un plan de acción pra a transformación da nosa terra en totalidade. Isto quere decir que esta hora nosa non é unha hora de demagogos, senón unha hora de creación.

Por moita presa que ún sinta ás veces, por máis que ún se alporice polo tempo perdido, por máis que ún se enrabexe polo atraso ou retraso

que o futuro da nosa terra leva, non podemos deixar de pensar tampouco nunha cousa moi certa e na que non sempre se repara a modo: ¿Qué pasaría se agora, da noite pra a mañán, nos atopáramos con que o país está nas nosas mans, que temos que acometer a empresa de sostelo cada un de nós coas nosas propias forzas, que xa podemos facer por el o que queiramos e que xa de nada temos que culpar a ninguén?

Velahí o que pra min é máis grave, o que máis nos debera dar que pensar neste intre decisivo da nosa historia, no que por certo se está a xogar o noso futuro, e que nos debera empuxar a revisar moitos dos nosos criterios e a poñernos a traballar cada un no seu eido, porque a tarea é de todos e, máis que nada, porque é urxente. Eiquí sí que están xustificadas as presas. Pois pode ocurrir moi ben que un día teñamos que botarnos a andar e non seipamos camiñar. Velahí tes si é decisivo ou non o intre histórico que nos tocóu vivir. Velahí tes, ó cabo, cánto nos pide i esixe o porvir da nosa terra.

4.

Máis ou menos, todos temos pensado algunha vez nunha Galicia nova. Todos arrincamos dunha mesma verdade: a nosa terra ten que cambear, pois todos nos decatamos de que unha transformación radical é o que agarda a nosa terra. Transformación dende a raíz, un cambio total, un radical anovamento. Máis ou menos, todos nos decatamos tamén de que este país desvalido i en tantas cousas asoballado encerra e ofrécenos inmensas posibilidás, as infindas posibilidás que sempre ofrece unha terra. E máis aínda unha terra na que, como che digo, case todo está por facer.

Ninguén sabe cómo se operará este cambio, pero todos estamos certos de que ten que chegar. Ten que chegar por dúas razóns: Unha, porque a realidade mesma do país o esixe, porque todos podemos ver que o país está en evolución, que esperta a concencia galega en tódolos estratos sociales da nosa terra, porque todos estes feitos son realidades que puxan e fan por tomar corpo e que, tarde ou cedo, sabemos que contribuirán a decidir o futuro desta terra. E sabemos que isto é así porque tamén sabemos que a ausencia destes feitos foi deica agora, senón a única, sí a máis decisiva causa da nosa decadencia, da nosa apatía coleitiva, do noso esmorecemento como pobo, do noso atraso, do noso emprobecemento material i espritoal. E a outra razón é que os destinos dun país non se deciden somentes, e hoxe máis que nunca, polo propio país, senón tamén —e con parella importancia— polos acontecementos históricos do tempo que nos tocou vivir. Non seremos somentes os galegos quenes decidamos o destino e o futuro da nosa terra, pois o noso destino e o noso futuro están avencellados á sorte da realidade máis operante e máis próxima que temos, que é a sorte ou o fracaso de Europa. Despóis de todo, é Europa quen condiciona e quen condicionará o noso destino; non será África nin Australia.

Pensemos moi ben que os mesmos problemas que nós temos, prantéxanselles a ducias de pobos europeos, veciños e afins. E máis, algúns pobos afins ó noso acadaron xa as súas institucións propias e o libre desenrolo da súa singularidade. E moitos outros van camiño de chegar a ela, traballando cada día e afianzando a súa propia realidade. Pois, compre non esquecelo nunca, non podemos confialo todo ó propicio dos tempos: aparte da razón que os tempos nos poidan dar, hai a nosa propia razón, que esa

temos que facela valer nós. E a única maneira de que a poidamos facer valer é contar con títulos que nos dean dereito á propia voz. Isto é, afianzar a nosa presencia, a nosa realidade, demostrar que estamos eiquí.

Pois, como xa che decía, sería ben dramático que tivéramos que botarnos a andar e non soupéramos camiñar. Isto quer decir que hai un tempo de espera, un tempo que temos que empregar en preparar ese futuro que sabemos que vai chegar. Pero non sabemos cándo, e iso é o que nos impón a obriga de que, pra cando chegue, podamos poñernos todos a desenrolar as posibilidás da nosa terra pra chegar a ese cambio que todos sabemos que ten que vir. E de nada nos valerá que chegue si non estamos en condicións de recibilo, si non estamos dispostos pra unha nova tarea, con ideas moi craras de cál é a responsabilidade que pra o futuro nos acái a cada un. Pensemos un pouco nisto e, si somos conscentes, atoparémonos con un mundo inédito diante de nós.

Por iso, o que máis importa hoxe é saber usar do tempo que temos, do tempo que aínda temos. Tempo decisivo pra o porvir da nosa terra, o cal, xa o sabemos, depende case escrusivamente de cada un de nós. E si sabemos sacarlle o debido proveito, a nosa espera non será unha sinxela agarda, senón un traballo xa pra o futuro, un poñerse en condicións pra o porvir. Importa, pois, non deixarse solprender polos acontecimentos; que cando cheguen, poidamos poñernos a camiñar cara adiante i entregarnos ó cambio da nosa terra. Estas son cousas que hai que ver agora, pois mañán pode ser tarde por demáis.

¿Paréceche pouca tarea a que hai neste esquema que che fago? ¿Pódesme decir agora que non tes tarea? Dime máis ben que é moita ou, tamén, que son poucas as túas forzas pra poñerte a traballar nela. Pero aínda neste derradeiro caso, non o digas, pois son as forzas de todos as que compren; a túa soia, ou a miña, non abondan. É unha terra, un pobo enteiro, quen nos agarda. E, craro é, a todos xuntos.

Agardo a túa volta. Pra entón poderemos falar con máis vagar de todo isto, tan sinxelo e tan esquecido.

Sempre teu:

X.-L. FRANCO GRANDE
Vigo

ENCOL DUN ARTE SOCIAL

Nunha sonada revista literaria de Madrid, publicouse alá polos anos trinta, unha tamén sonada enquisa arredor do que por aquel entón deu en chamárese "arte social". Opinaron nela as figuras máis representativas da literatura española do momento.

Por un casual rematamos de lér, outravolta, as páxinas que recollen esas opiniós, nas que atopamos ideas moi axeitadas ó decorrer da aitualidade de agora mesmo.

Persoalidades tan achegadas na apariencia, como Pío Baroja e máis Gutiérrez Solana, maniféstanse, en troques, con enfoques diferentes. O autor de *Zalacaín el Aventurero* sostén que a obra literaria debe recoller a inquietude social do meio; pero pra que seña obra literaria compre que leve unha finalidá artística. Nembargante, o pintor —e rexo escritor tamén— coida que o arte ten que se manter ó marxe das inquietús sociáis do seu tempo, pois o arte non ten aitualidade.

Nun ou noutro senso vanse pronunciando os inteleituáis que daquela foron chamados a consulta. Pero hai aínda criterios ecléiticos, coma o esposto por Genaro Estrada. Pra el non hai porque poñer o arte ó marxe das inquietús sociáis, nin é necesario tampouco que percure a súa cooperación. O arte en xeneral —di— e máis a literatura en particular, son esencias xeneráis que viven independentemente de calisquera preocupación momentánea, inda que poidan zugar dela ricos zumes prá súa susistencia. Estima así un erro, pronunciárese polos que chama dogmas inúteis.

Pola súa banda, Francisco Ayala afirma que o senso da obra de arte reside no propósito de realizar Beleza. Sin iso, non hai xeito de espricar a obra artística; inda que os seus contidos, aicidentáis sempre, pero tamén indispensábeles, resposten ás intenciós máis variegadas.

Os testimoños opinantes siguen arreo. En cada ún, e no seu conxunto, están patentes atitús que hoxe, con outros merbetes, manteñen a mesma vixencia polémica.

Seña o que seña, a nós seméllanos que o arte nunca pode ser máis que artificio. Cada época inventa os seus, e coida que non son tales porque son novos, e porque espresan cousas verdadeiras que a época anterior descoidóu. Cada época acusa, así, unha manifestación literaria típica. O século XIX, por exemplo, tivo na novela unha fórmula maxistral e axeitada pra prantexar os conflitos individuáis. O século XX ten transformado o vello "roman" nun xénero aberto e cambeante, mestura de panfleto e de testimoño, de biografía e de crónica, tecido por confesiós e vivencias, ó que seguimos chamando novela por inercia. Baixo diste nome temos acollido os *Trópicos* de Miller, *O engullo* de Sartre, ó *Viaxe deica o cabo da noite*, de Celine, *L'Espoir*, de Malraux.

Con todo, os novelistas que tencionan reflexar na súa obra a época desacougada, rebelde e chea de anguria que andamos a vivir, non deixaron por iso de cultivar a vertente íntima. Pensamos en Kafka, en Camus, en Sartre, en Bernanos, en Julien Green, en St. Exupéry, en Malraux, en Graham Greene, en Orwell; e mesmo en Faulkner, quen xunto das novelas dialogadas ten outras de interminábeles mergullos.

Pero é que, ó cabo, a escisión das letras non é nova, pesie a cada canto se diga. Cada época tivo decote a súa fórmula pra unha e máis a outra banda. *La Celestina* é contemporánea da novela cabaleiresca alquitarada. *A princesa de Cléves* nacéu antre *El Buscón* e *Gil Blas*. E no mesmo tempo clásico tiveron os mesmos leitores Dickens e Tackeray, *Le Lys dans la Vallée* e *Les Miserables*, primeiro modelo de ancha novela social, que xurdiu perorante. Tiveron asimade os mesmos, Flaubert e Zola, Bourget e Renard. E nos nosos días, Proust, Morand, Mac Orlan, Carco, e unha chea deles máis.

O certo é que as inquietús sociás, ó noso ver, nin tiran nin poñen nada ó arte dunha obra. Pode un artista manterse ó marxe delas e ser un grande artista. Pero pode sentilas, i é millor quizaves. Sempre será preferíbel —pró home e pró arte— sentir as inquedanzas da vida, e máis as do noso tempo.

Niste senso é merecente de se citar a opinión que Antonio Machado manifestóu na enquisa á que de primeiras nos referimos:

Tanto en circunstancias contrallas como nas prósperas, o artista que ha facer a súa obra faina. O logro dela está por riba do material, o superficial e o esterno. Como home, o artista compartilla en toda época o resultado das continxencias que no seu seo ferven, alporízanse i estouran.

COSME BARREIROS
V i g o

EPISTOLARIO DE VALLE-INCLÁN: DEZ CARTAS DIRIXIDAS A PÉREZ GALDÓS

A editorial Taurus [1], de Madrid, ten publicado unha serie de cartas dirixidas a don Benito Pérez Galdós por escritores da época, amigos do autor dos *Episodios Nacionales*. Consérvanse, entre outros efeitos persoales de Galdós, na Casa-Museo de Las Palmas de Gran Canaria.

Dez son as cartas de Valle-Inclán que alí se reproducen, autógrafa unha delas datada en Cambados (Pontevedra). Coa edición diste epistolario queda á vista o fondo de documentos valleinclanescos esistente, que se seipa, en Las Palmas. Un dos coautores do libro, Sebastián de la Nuez, tiña xa traguido á luz pública outras cartas de Valle-Inclán —sete, e catro tarxetas, incluida unha de Josefina Blanco— sobre temas literarios, noticias de representaciós, etc. Proceden asimesmo do arquivo particular de Galdós [2].

Tiradas do libro editado por Taurus, permitímonos reproducir —coas anotaciós de Sebastián de la Nuez e José Schraibman— as ditas cartas que "muestran interesantes y curiosos aspectos de las relaciones de don Ramón con el mundo teatral, sus fases de actor aficionado, de director artístico y, finalmente, detalles como refundidor y creador dramático". A carta datada en Cambados esprica a don Benito cómo o seu corresponsal "ha escrito una comedia que llama bárbara, *El Embrujado*, que después incluirá en la serie del *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*. La obra está desarrollada en el clímax céltico-galaico y mueve pasiones violentas de una fuerza poética y dramática, difícil de ser entendida por el público mayoritario de la época". (*pp. 23 a 25, ob. cit.*).

1

Ateneo de Madrid

Sr. D. Benito Pérez Galdós.

Mi querido amigo y maestro: Desde hace mucho tiempo acaricio la idea de dedicarme al teatro, como autor, para lo cual he estudiado un poco, y creo tener algunas disposiciones [3]. Pero usted sabe las dificultades con que aquí se tropieza para todo. Necesito el apoyo de una gran Autoridad, y ruego a usted que me preste el suyo, recomendándome a Carmen Cobe-

---

[1] Sebastián de la Nuez y José Schraibman, *Cartas del archivo de Pérez Galdós*, Editorial Taurus, Madrid, 1967. (382 pp., 13,5×20,5 cm.).

[2] *In Papeles de Son Armadans*, núm. CX, V, Palma de Mallorca, 1965.

[3] Sabido é cómo Valle-Inclán satisfacéu iste capricho gracias a un papel que Benavente escribía pra el en *La comida de las fieras*, estrenada pola compañía de Thuillier no teatro de la Comedia o 7 de novembre do 1898.

ña [4], a Emilio Thuillier [5] y a Donato Giménez [6] —empresa nueva y flamante que acaba de tomar *La Comedia* [7]—. Si usted echa mano de toda su respetabilidad, yo sé que la recomendación de usted será para ellos un *hukasse* [8].

Perdone usted, don Benito, que le moleste, y sírvame de disculpa sus amabilidades para conmigo.

Anticipándole las gracias, le saluda con afectuoso respeto su admirador y amigo q.l.b.l.m.

Madrid, 5-IX-98. *Ramón del Valle-Inclán.*
S/ c. Calvo Asensio, 4.

2

Gran Hotel de Pastor — Aranjuez

Aranjuez, 5 de agosto de 1904.

Sr. Don Benito Pérez Galdós.

Querido y admirado Don Benito:

Aquí, en Aranjuez, a donde llego después de una excursión por varios pueblos de las Castillas, recibo su carta con la natural vergüenza, y el natural retraso. No crea usted que no he trabajado en *Marianela,* pero me contentaba muy poco lo hecho, y lo rompí [9].

Ahora vuelvo a tenerla entre manos. Creo que muy pronto le enviaré algo.

Disculpe mi pereza, y mande a su admirador y su amigo que le quiere,

Ramón del Valle-Inclán

3

Granada, 30-X-1906

Querido D. Benito:

Antes de salir de Madrid fuí a despedirme de usted, pero no lo hallé.

---

[4] Ilustre aitriz da época, que debutóu no 1891 e interpretóu *Los condenados e La fiera,* de Galdós; *La comida de las fieras,* de Benavente, e aituóu xunto de Thuillier, Emilio Mario, etc.

[5] Foi un dos meirandes aitores dramáticos de comezos de século (1866-1940). Estrenóu no 1891, con grande ésito, a obra de Galdós *Realidad,* onde, según o noso novelista, "se reveló como uno de los grandes actores de nuestro tiempo".

[6] Gran aitor de finás de século, que aituóu xunto de Ricardo Calvo no Español, e que precisamente formóu parte da compañía de la Comedia no ano 1898.

[7] Teatro inaugurado no 1875 pola compañía de Emilio Mario na rúa do Príncipe, onde aínda continúa aberto ó público.

[8] O *Diccionario* da Academia escribe *ucase,* do ruso *ukasati,* decreto do zar, ó que haberá que engadir a aceición que lle dá Valle como forza poderosa que non se pode eludir.

[9] Según Berkowitz, *Pérez Galdós: Spanish Liberal Crusader,* 1948, páxina 118, Galdós contratóu con Valle-Inclán a dramatización dista novela, pero solo a levarían a cabo os irmáns Álvarez Quintero no 1916.

Aquí tenemos en ensayo *Alma y Vida* [10] que estrenaremos el domingo. Está muy bien en los protagonistas Josefina [11] y Ricardo Calvo [12]. Los demás tampoco descomponen, y saldrán vestidos con bastante propiedad, pues le hice hacerse (*sic*) los trajes con arreglo a figurines dibujados *por mí*.

Lo que andará un poco mal es el decorado, pues como estamos empezando no he podido mandar pintarlo. Si usted pudiese hacer que nos alquilasen el decorado con que se estrenó sería una gran cosa para hacer la obra en Las Palmas [13].

Tengo casi terminada *Marianela*.

De todo le tendrá al corriente su amigo que le quiere tanto como le admira,

Valle-Inclán.

Dirección: Teatro Cervantes, Granada.

4

[*Tarjeta postal*] [14]

Teatro Cervantes. Granada.

A Don Benito Pérez Galdós.
Paseo de Areneros, 46. Madrid.

Querido don Benito:

Se han extraviado hojas del ejemplar de *Alma y Vida* correspondiente al segundo apunte, y le agradecería que me mandase uno.

Siempre suyo su amigo que le quiere,

Valle-Inclán

5

Hoy 20 [15]

Querido don Benito:

Si a las dos está usted en casa, iré a saludarle con el secre-

---

[10] Foi estrenada no Teatro Español, de Madrid, o 9 de abril do 1902, pola compañía de Thuillier.

[11] Refírese a Josefina Blanco, xoven aitriz nista época, coa que Valle casóu en agosto do 1907.

[12] Aitor dramático da estirpe de Rafael e Ricardo Calvo, que tanta sona deron á escea española na segunda mitade do século XIX.

[13] Efeitivamente, iste viaxe levouse a cabo, con istes mesmos aitores, en xaneiro do 1907 [...]

[14] Leva un mataselos que di: "Granada-31-Oct.-06", ou seña, o día seguinte da carta anterior.

[15] Deducimos que ista nota escribiulla o ano 1905 ou 1906, pois as primeiras cartas de Amado Nervo a Galdós—que copiamos máis adiante—foron escritas nesa derradeira data [*O autor refírese ás reproducidas nas páxinas 252 a 254 do epistolario editado por Taurus*]

tario de la Legación de México, y poeta Amado Nervo, que desea mucho conocerle [16].

Siempre suyo su amigo que le quiere,

Valle-Inclán

6

[*Tarjeta*]

Querido don Benito:

Mañana volveré a verle para darle la enhorabuena por *Pedro Minio* [17].

Un abrazo,

Valle-Inclán

7

Tarjeta

Hotel Inglés
Calle de Echegaray

Comida que se efectuará el día 15 *de febrero, a las ocho de la noche, en honor del novelista D. Gabriel Miró.*

Precio: 10 *pesetas.*

Señor D. ..... [18].

Querido D. Benito:

Estuve a verle con Gabriel Miró que quería agradecerle su carta. Un abrazo,

Valle-Inclán

8

[*Tarjeta postal*] [19]

A Don Benito Pérez Galdós:
Paseo de Areneros, 46. Interior. Madrid.

Querido Don Benito:

¿Se olvidó usted de (*sic*), asunto de mis libros con Hernando o Jubera? [20]

Sabe cuanto le admira y le quiere su amigo

Valle-Inclán

9

Sr. D. Benito Pérez Galdós.
Cambados, 22 de noviembre de 1912.

Mi muy querido y admirado Dn. Benito:

---

[16] O gran poeta modernista mexicano estivo na Embaixada do seu país en Madrid dende 1905 deica 1915.

[17] Estrenouse no teatro Lara, de Madrid, o día 15 de nadal do 1908 pola compañía de Rubio-Rodríguez, e constituíu un franco ésito.

[18] Tarxeta impresa pró banquete ofrecido a Miró por ter outido coa súa obra *Nómada*, o premio de *El Cuento Semanal* no ano 1908.

[19] O mataselos borroso semella indicar a data de abril 1906.

[20] Conocidos editores da época

Comienzo a publicar en el folletín de *El Mundo* [21] una comedia bárbara al modo de otras que ya escribí, como *Romance de Lobos* [22]. Si sus ocupaciones le dejan vagar, yo le agradeceré que lea el folletín. Acaso haya en esa mi comedia bárbara de *El Embrujado* una comedia capaz para el teatro, reduciéndola en alguna parte [23]. Usted juzgará.

A Matilde [24] le tengo hecha promesa de alguna cosa para fin de temporada. Por eso tengo un doble interés en conocer su opinión sobre *El Embrujado*.

Con el cariño de siempre le saluda el más devoto de sus amigos. Un abrazo de

Valle-Inclán

Señas: Pontevedra — Cambados [25]

10

Sr. Don Benito Pérez Galdós.

Muy querido y admirado Don Benito: Dos mañanas estuve a verle en su casa, y no le hallé porque ya era tarde para encontrarle en ella.

Me dijeron que después de las diez no era posible verle, y como yo vivo muy distante de la casa de usted tendría que levantarme de víspera.

Tengo muchos dseos de abrazarle y consultarle mi *Embrujado*. ¿Sería usted tan bueno que me señalase día y hora, procurando que también Fuentes [26], lo pudiese oir? Aun cuando esto no es absolutamente preciso, pues ya conoce la obra.

Le abraza, y le quiere tanto como le admira.

Valle-Inclán

Febrero-3.
S/c. Santa Engracia, 23.

---

[21] Xornal madrileño da época, fundado por don Julio Burell, político, proteitor dos xóvenes literatos.

[22] Segunda das *Comedias Bárbaras* publicadas, tamén en folletín, en *El Mundo*, 1907.

[23] Iste melodrama en prosa formóu logo parte da serie do *Retablo de la avaricia, la lujuria y la muerte*.

[24] Matilde Moreno, primeira aitriz da compañía de García Ortega, que traballaban nista época, no teatro Español.

[25] Hai unha nota no encabezamento da carta, que dí: "Contestado en 6 de diciembre de 1912". [*Fotocopia reproducida na páx.* 26 *do epistolario citado*].

[26] Francisco Fuentes (1870-1934) prestixioso primeiro aitor da citada compañía de García Ortega, que tiña representado, con grande acerto o papel de Máximo na *Electra*, de Galdós, e que participaría na esceificación de *Marianela*.

DOUS CONTOS

O TEMPO DUNHA ILUSIÓN

Pasaba tódolos días por aquela esquina da Rúa Nova. Tiña que pasar por alí para ir á facultade. Estudaba filosofía. Había días que pasaba polo mesmo sitio hasta tres veces.

Vivía naquela pensión da esquina da Rúa Nova, un rapaz alto. Veu un día á rapaza e ollóuna. Volveuna ver outros días e volveuna a ollar. Parecíalle interesante, non era como as outras. Cando coidaba que era hora de pasar a rapaza púñase na ventana e ollábaa. Nunca lle dixo nada pro seguía pensando nela.

Ela douse conta das olladas daquel mozo e tamén o ollóu. Sempre que iba pra a facultade víanse e ollábanse. Eran dous estraños. Co paso do tempo, e como se vían tódolos días, escomenzaron a sorrirse, xa se coñecían, xa eran amigos.

Saíron xuntos e falaron das súas cousas. Il estudaba meiciña, era de "boa familia", fillo de inteletuás. Ela, en cambio, era de xente humilde anque vivían ben e ela e os seus irmáns podían ir á Universidade.

Falaron dos problemas do mundo, da fame, da miseria, dos homes. Ela quería ir pra África a facer algo por aquel país en desenrolo, el tamén quería ir pralá ou pra Latino-América. Asemellábanse sempre nos seus gustos:

—¿A qué hora te podo ver hoxe?

—Non sei, déixame pensar... ¿Ás oito?

—Bueno.

Falaban moito das súas cousas, dos problemas do mundo. Ela quería ser probe, el tamén quería ser probe.

—¿Vés tomar café mañán?

—Bueno.

Falaron, falaron das súas inquedanzas. Do mal que hai no mundo, das inxusticias, de Cuba. Ela quería ir a Cuba, el tamén quería ir.

Deixáronse de ver algún tempo.. Un día topáronse no cine, e el díxolle:

—Non se che ve o pelo.

—E, ¿pra qué queres vermo?

—Vou marchar prá miña casa, pro antes quero falar contigo.

—Bueno, se queres, mañán podemos sair porque despois teño dous esames.

Saíron os dous xuntos ó día seguinte. Falaron moito. Il contoulle cousas da súa vida. El contoulle cousas da dela, contoulle un segredo que somentes o comunicóu co el. Il falóu das necesidades do mundo, díxolle que era preciso deixalo todo pra adicarse ós demáis. Ela estaba dacordo.

Despedironse.

—Adiós, chamareite por teléfono...; bueno, somentes te chamaréi si teño que decirche algo.

—Como queiras. ¡Bo viaxe!

Ela vaise ensumindo de día en día. E, cando lle pregunta a xente:

—¿Por qué non te casaches?, ela nunca contesta pro pensa: porque soio quixen un rapaz que non quería quererme e fuxíu.

—¿Por qué non marchache pra África?

—Porque tiven medo de ir eu soia.

A rapaza durme sobor dun libro que estaba lendo. Chámana pra despertala, pro ela xa non despertará nunca xamáis.

"GALLETA RICA I BARATA"

Tiña nove anos.

Había un home na entrada da plaza do pescado que vendía galletas. Estaba sempre cas latas de galletas arredor del. Cunha chave petaba nas latas e cantaba de cote:

—¡"Galleta rica i barata a dúas pesetas e tres patacós!".

Eu cando iba á plaza ca miña nai, pedialle que me deixase alí ollando pró home, mentras ela iba buscar o peixe. Sentábame nunhas escaleiras que había de frente, e fixábame cómo facía os movementos ca man pra petar nas caixas ca chave.

A xente que iba ó mercado, cáseque sempre de presa, non lle facía ningún caso. Algunhas mulleres comprábanlle un paquete de "a dúas pesetas e tres patacós". Eu coido que o facían porque lles daba mágoa velo alí; a un home xa vello caquela cantilena.

Cando máis vendía era os xoves. A xente da aldea, homes e mulleres, comprábanlle moitos paquetes de galletas. Iban primeiro alí, xunto do home, que ó ultramarinos.

—A ver, déame dous paquetes de galletas pra levarlle ó meu meniño, que lle saben moito—decíanlle, a berros, as mulleres da aldea. Pro el sempre lles contestaba o mesmo:

—Tome, son a dúas pesetas e tres patacós.

Os rapaces da miña calle remedábano sempre, e, con esa alma tan egoísta que lles fan ós rapaces desde pequeniños, facíanlle bulra, cantando diante del a súa cantinela.

Un día fun á plaza ca miña tía. O home das galletas non estaba na esquina de sempre.

—¿Qué lle pasóu ó home das galletas?—pregunteille.

—Disque está preso.

—¿Por qué?

—Porque colléu unha rapaza—díxolle ela.

—¡Qué colléu unha rapaza!... E, ¿pra qué a quere?

—Porque non ten fillos e síntese soio, por eso a colléu.

—¡Ah!... E logo, ¿por qué o levaron pra a cárcel? Probiño, el non quería estar soio.

Miña tía non me contestóu, e eu repetínlle a pergunta:

—¿Por qué o levaron pra a cárcel?... ¿Eh?, ¿Por qué? ¡Contesta!

Pro ela meteuse nun posto de pescado e díxome:

—¡Eu que séi!... Tí tamén todo o queres saber...

Non me volvín a lembrar máis do home.

Hoxe xa séi por qué o levaron pra a cárcel, e sígueme parecendo inxusto.

M.ª CAMINO NOYA CAMPOS

Santiago

EL ARTE DRAMÁTICO DE VALLE-INCLÁN, por Emilio González López *

Unha das esperiencias verdadeiramente impresionantes que se viven ó viaxáremos por América é o contacto persoal coas nosas xentes eisiliadas. Fanlle sentir a ún asombro i emoción ó mesmo tempo diante da súa afervoada fe galega. Xentes a quenes o destino guindóu lonxe da súa terra, forzadas a se trasplantaren vitalmente en terra allea, adoitadas a novos ambientes, afincadas en relidades que nada teñen que ver con Galicia e que condicionan irremediablemente a súa existencia ó longo da vida, siguen e siguen pensando, sentindo e soñando en Galicia con tal intensidade, con tan auténtica devoción que, ás veces, temos mesmo a sensación de estar en presencia dunha verdadeira mística galega da Terra-Nai.

A nós cadrounos comprobar iste feito nas terras da América do Norte, a onde foron parar varios dos nosos eisiliados, entre iles, inda que por pouco tempo, o mesmo Castelao, que fixo alí a súa interesante serie de dibuxos de negros. Castelao baixóu axiña pra B. Aires, á percura da gran coleitividade galega do Plata, que il, coa súa presencia, axudóu a convertir en comunidade espritoal, pro outros permaneceron no Norte. Os irmáns Santamarina en New Brunswick, o Martínez López en Austin, o Rubia Barcia en California, o Da Cal e máis o González López en New York, i outros noutras partes dos EE. UU., tiveron que abrir novos camiños á súa vida incorporándose activamente a unha sociedade i asimilándose a unha cultura totalmente estranas a Galicia. Todos libraron a batalla da adaptación e todos souperon trunfar. Pro todos iles, frente á soedade da vida en terra allea, foron recreando no seu esprito a imaxe ideal da Galicia real que perderan. De ahí que a súa adaptación vital, lonxe de lles anular a persoalidade galega, o que fixo foi potenciala espritoalmente someténdoa ó drama perpetuo de ter que vencer a soedade coa forza da fe.

Un dises galegos é, como vimos de decir, o coruñés Emilio González López, que vive en New York dende o ano 39. Nin o obrigado esforzo de adaptación nin o traballo absorbente das súas crecentes responsabilidades seu enorme dinamismo temperamental está sempre movido por unha circia fe galega. Podémolo ver polas rúas e avenidas do Midtown cando vai e ven do traballo, cando vai e ven das grandes bibliotecas novi-iorquinas, cando vai e ven da Casa de Galicia, e sempre o atoparemos matinando no presente, no futuro ou no pasado de Galicia. Matinando, simplemente ma- académicas atenuaron a súa plena, total entrega a Galicia. Pola contra, o

* Las Américas Publishing Company. New York, 1967.

tinando, só cando vai de camiño, pois na súa casa ou nas bibliotecas verédelo sempre lendo ou tomando notas. Así, alá en New York, traballando incansablemente nas horas de descanso, foi escribindo unha escelente Historia de Galicia da que só teñen saído dous tomos, pro da que están escritos catro máis, aínda inéditos. E dentro do seu traballo académico, ten dado numerosos cursos universitarios e dirixido varias teses de doutoramento sobre figuras galegas. Unha delas, Valle-Inclán.

O interés do profesor González López polo gran escritor galego comenzóu a se facer notar no ano 45 co seu suxestivo traballo sobre "Valle-Inclán y Curros Enríquez" publicado na Revista Hispánica Moderna, traballo que abríu os estudos sobre as influencias literarias galegas en Valle. A partir de entón habia de ser unha das preocupacións constantes de González López. Cursos, conferencias e traballos sobre distintos temas e problemas da súa obra fóronse sucedendo. Como froito madurecido de tal labor, temos agora iste libro aparecido en New York sobre "El arte dramático de Valle-Inclán".

Con motivo do centenario do seu nacemento, ocurrido no 66, apareceron bastantes traballos e publicáronse varios libros sobre a persoalidade i a obra do creador dos esperpentos. Galicia non estivo ausente da conmemoración, na que participóu con conferencias, esposicións bibliográficas, traballos incluidos en diversas publicacións e, tamén, con tres dos libros aparecidos arredor do centenario un de Antonio Risco, aparecido en Madrid; outro de V. Paz-Andrade, aparecido en Buenos Aires; e, derradeiramente, iste de Emilio González López sobre o arte dramático de Valle-Inclán, aparecido en New York.

A través da obra dramática, o profesor González López estuda realmente toda a evolución estética de Valle, dende o *decadentismo* inicial deica o *espresionismo* final. Un dos acertos indudables diste libro é mesmamente o de enfocar o estudo de Valle-Inclán coa complexidade i a amplitude que a súa persoalidade i a súa obra reclaman. Así, mentres por unha banda ten en conta o mundo galego no que Valle nacéu, no que se crióu e que sempre mantivo contacto vivo co mundo tradicional e lexendario, señorial e popular, máxico e lírico, pola outra banda ten en conta a evolución estética europea, que Valle foi asimilando con finísima acuidade. I entremedias distes dous polos —o da raíz i a tradición galega e máis o da evolución estética europea—, a esperiencia "hispánica" de Valle (Madrid, México, etc.).

González López, ó avencellar a evolución estética de Valle-Inclán á evolución estética europea, sinala tres períodos ou etapas evolutivas de importanza progresiva: o *decadentismo*, o *simbolismo* e máis o *espresionismo*.

A etapa inicial é a *decadentista*, fixada na derradeira década do século XIX, coas características propias da estética decadentista finisecular europea: sensibilidade requintada, cosmopolitismo i exotismo, erotismo, con frecuencia morboso e demoníaco (ingredientes todos que axudan a compoñer unha imaxe persoal disonante do gris telón de fondo español da *Restauración*). Iste período comprende *Femeninas, Epitalamio, Adega,* e só unha peza de teatro *Cenizas* (publicada máis tarde co tiduo de *El yermo de las almas*). Nesta etapa está bastante presente o vocabulario dos naturalistas impresionistas tipo Eça i o estilo aínda non ten o ritmo i a melodía da etapa simbolista. As influencias predominantes son as dos escritores

franceses e italiáns posrománticos e decadentes, a do portugués Eça de Queiroz e máis a do mexicano Gutiérrez Nájera.

A segunda etapa é a do *simbolismo,* que lle sirve pra dar unha interpretación ou visión da Galicia que il fora asisimilando da tradición lexendaria e folklórica e máis dos escritores galegos (novelistas, historiadores, poetas). Esta é a etapa "galeguista" de Valle, a etapa en que, por medio do arte simbolista, tenciona captar i espresar a alma profunda, esencial, de Galicia (o seu "carlismo" desta época semella ter un senso máis simbólico do que a primeira vista aparenta). En 1902 publica *Sonata de Otoño,* en 1904 *Flor de santidad,* en 1907 *Aromas de Leyenda.* A clave simbolista que lle serviu pra cantar i espresar a fisonomía esencial no mundo galego permítelle adentrarse noutros mundos espritoás (así, México, Italia, o País Vasco nas correspondentes *sonatas*). Pro a estética simbolista tiña as súas raíces no mundo céltico e Valle, xa nos finás desta etapa, en 1917, publica *La lámpara maravillosa,* unha especie de manifesto literario do seu ideario estético daquela etapa, no que combina o celtismo galego —defendido polos nosos historiadores— coa estética simbolista, que il considera de esencia céltiga. Aportacións dramáticas desta etapa son as *Comedias bárbaras, El embrujado, Voces de gesta, Cuento de Abril* i as farsas en prosa e verso *La marquesa Rosalinda, La cabeza del dragón, La farsa italiana de la enamorada del rey.* A lingoa valleinclanesca desta etapa asume as calidades melódicas do galego. As influencias son, además dos escritores simbolistas europeos, os poetas galegos Pondal, Curros e Rosalía, que Valle conocía moi ben, así como os nosos historiadores Vicetto e Murguía.

A terceira etapa, a *espresionista,* representa a culminación do arte literario de Valle-Inclán. Pódese decir con toda xusticia que Valle é unha das grandes figuras do espresionismo europeo. En realidad chega a esa etapa pola propia evolución interna da súa obra simbolista, cuio dramatismo se vai acentuando, e pola simultánea receptividade das correntes espresionistas do arte europeo, ou seña, por doble camiño. Do mesmo xeito que o simbolismo tiña raíces máis ben céltigas, o espresionismo ten raíces fundamentalmente xermánicas i eslavas. Amosóu unha especial preocupación polos valores de tipo social e moral. O seu forte senso dramático tendía á economía de elementos pra acentuar os contrastes, en percura da intensificación espresiva. A deformación, a aristada dureza, o estilo cortado veñen pedidos por esa finalidade espresiva. Valle dominóu con maxistral señorío iste arte espresionista, que veu cadrar coa plenitude máxima da súa persoalidade de escritor. A súa gran década espresionista vai do 20 ó 30. Nesta época, de gran creación, predomina o teatro sobre a novela. Das catorce obras que escribíu nise período, só catro son novelas (as tres de *Ruedo ibérico* e máis *Tirano Banderas;* as dez restantes son obras dramáticas, destacando pola súa orixinalidade e forza os *esperpentos,* suprema creación estética de Valle-Inclán na opinión dos críticos.

Iste esquema das ideas interpretativas que González López aplica á evolución estética de Valle-Inclán, ten un comprido desenrolo analítico ó longo dos trinta capítulos de que o libro consta, nos que vai facendo o estudo individualizado de cada unha das obras dramáticas con notable riqueza de datos críticos, de observacións agudas e de xuicios claros e precisos. Trátase dun libro que nos presta unha axuda intelixente pró cabal entendemento do estraordinario D. Ramón.

P. PIÑEIRO.

LINGUAGEM E ESTILO DE EÇA DE QUEIROZ, por Ernesto Guerra Da Cal [1]

A edición en língua portuguesa diste valioso estudo, constitúe un importante feito merecente de ser destacado, poisque ven encher —con esixencia e rigor— unha lagoa que se deixaba sentir nos eidos da abondosa bibliografía queiroziana. Nefeito, pesie á moitedume de traballos que se levan pubricado encol da produción literaria de Eça —parciáis e de conxunto— compre sinalar que ate a aparición do libro de Guerra Da Cal, non esistía un panorama riguroso, ordeado e completo das caraiterísticas de língua i estilo que se dan na obra do autor de *A cidade e as serras.*

Ernesto Guerra Da Cal, ben conocido antre nós polo seu labor de poeta en galego, é un dos maiores especialistas de arestora en temas queirozianos. Profesor da Universidade de Nova York, Dr. Honoris Causa da Universidade brasileira da Bahía, xunta ás súas condiciós de prestixioso romanista, as de escritor de galana pluma. No volume de que falamos pon de evidencia esa conxunción de fondo saber e bó decir.

Polo demáis, *Linguagem e estilo de Eça de Queiroz* ven ser, asegún confesión do autor, unha obra de amor: "Amor que o levóu moi cedo a se internar cunha curiosidade gozosa polas verdes veigas e as praias sonoras da literatura portuguesa". Porque Portugal era —son palabras súas— o desenvolvemento pleno da súa Galicia natal. Era o que Galicia debería ter sido si as vicisitús e os caprichos da Historia nona tivesen trasviado do seu destino natural...

Con caraiter moi completo e moi sistemático, Guerra Da Cal enceta o volume referíndose á situación dos estudos queirozianos. A bibliografía, imensa, é, xa que logo, de valor moi desigual. Mais nistas páxinas o que se abeira é un só aspeito da obra de Eça. Un aspeito fundamental —o do estilo— que, estrañamente, non fora ouxeto aínda da atención crítica, demorada e sistematizadora de que era merecente. A traveso dos materiáis lingüísticos e das estruituras idiomáticas fundamentáis dese estilo, tenciona Guerra Da Cal achegárese —e consígueo de certo— á zona máis prósima do seu segredo vivo.

Pra se poder adentrar no cerne do labor queiroziano, o autor diste volume emprincipia por se referir á situación da prosa portuguesa antes de Eça. Foron tres grandes escritores románticos —Herculano, Almeida Garret, Castelo Branco— os que andiveron a traballar no duro tronco do idioma, e, deica certo punto, pulíronlle a superficie. Nembargante, a súa aición non aquelóu ós núcreos vitáis. O que fixeron foi preparar o campo prá reforma realista. Abriron fendas na dura códia da prosa clásica, e, mesmamente, iso serviu pra facilitar a fonda revolución queiroziana. Sobre diste material duro e tradicional, afeicioado apenas pola aición daquelas tres grandes figuras, tivo que operar quirúrxicamente Eça pra o poñer ó día; pra o trocar nun istrumento dútil, plástico, craro e sotil, capaz de espresar un xeito enteiramente novo de ollar a vida e o arte.

Partindo dos antecedentes sinalados, Guerra Da Cal fai unha crítica analítica, ouxetiva, da singularidade estilística de Eça. Unha crítica que tende á valoración xusta e lúcida do labor literario do escritor. Así destaca, de primeiras, cómo en loita cunha língua arcaizante e verbosamente

[1] Editorial Aster. Lisboa. Tradução de Hèlena Cidade.

ricaz, conseguiu o autor de *O primo Basilio* domeala, tirando dela esquemas espresivos dunha calidá totalmente inédita. O repentenexo do seu estilo contrastaba co vernáculo conservantismo da espresión dos valores literarios consagrados. A modernidá da súa atitude inteleitual, encanada no virtuosismo cosmopolita da súa elaboración artística, é, ó menos en parte, a razón da perene aitualidá da súa obra.

Referíndose ó ideal literario de Eça, sinala o autor do libro que ise ideal é o culto da forma, o "amor da perfeição". Nefeito, dende os comezos da súa carreira de escritor, o seu ouxetivo primeiro é a perfeición formal. Próbano mesmo os seus propios testimoños. O que perseguiu toda a súa vida foi unha prosa "artística", e nese sentido inaugurou unha nova era no arte de facer prosa en portugués. En tal particular, Guerra Da Cal vai á percura das categorías xeneráis que informan o labor prosístico queiroziano: Dunha banda, os caraiteres estilísticos que non penden direitamente do "eu" artístico do escritor. Da outra, os que xurden do temperamento do autor, procedentes da súa propia natureza. Na primeira categoría comproba que o seu estilo corresponde a dúas coordenadas xeráis da época: o caraiter *combinatorio* da prosa, e o clima *esteticista*. Na segunda descobre o estrano convivio dunha sensibilidá delicadamente poética, aristocrática, escolleita do mundo circundante, e outra groseiramente concreta, fortemente sensual, tocando a vulgaridá, que semella atraguida gozosamente pra o feio e ate pra o noxento da vida do home. Podería decírese, así, que o *contraste* é o eixo do seu estilo.

Outra dimensión da atitude estilística de Eça, na que Da Cal fai fincapé, é o seu acentuado *impresionismo,* que imprime á súa espresión literaria un caraiter especial.

Deica iste punto, Ernesto Guerra Da Cal andivo a tracexar un escelente cadro de conxunto do que poderíamos chamar xénese e desenrolo da liña estilística de Eça de Queiroz, e mesmo das súas implicaciós e contaitos coas tendencias e movementos coetáneos. Mais o profesor galego adica aínda a parte final do seu volume a un aspeito de meirande interés: seguindo os testos de Eça, no seu evoluir histórico, vai sometendo a un análise furador e sagaz os materiáis lingüísticos e as estruituras idiomáticas do seu estilo.

Emprincipia por sinalar que un dos elementos que contribúe a dar a ese estilo modernidá fresca e permanente, é a relación estreita que o vencella á língua falada. Cunha voluntaria economía de meios conseguiu Eça o miragre non común de criar unha forma de espresión marcadamente súa dentro da língua de toda a xente. A sinxeleza dos meios compénsaa cunha ricaz concentración espresiva. No seu estilo madurecido atópase unha notábel multiplicidá de planos. Neles están representados todos os nivéis sociás da língua falada.

Do neoloxismo queiroziano sempre se andará a decir que se mantén dentro da xenética e da fisoloxía potencial do idioma. Guerra Da Cal estúdao con agudeza, o mesmo que o galicismo verbal e sintáitico. E a seguido, vai analizando de vagar, o sustantivo, o adxetivo—a súa colocación e a súa función como faitor musical e rítmico da frase—, o adverbio, no que se reflexan moitos dos fenómenos psicoestilísticos que destaca no adxetivo, o verbo...

Despóis do estudo da palabra como materia prima da costrución literaria, Da Cal fai un demorado análise das estruituras esenciás da prosa:

a frase e máis o período. Sinala como primeira nota estilística en Eça, o acortamento da frase. Nisto ven ser continuador do movemento encetado por Garret. Pero Queiroz impranta novos patrós melódicos na prosa portuguesa. Introduz fondas mudadas no orde tradicional dos elementos da frase. Simplifica o seu mecanismo sintáitico reducíndoo a esquemas de gran simplicidá. Ó longo do análise que Guerra Da Cal realiza, revela que o autor de *Os Maias* emprega unha grande variedade de frases, coas que outén unha multiplicidá de ritmos, que ele orgaíza en combinaciós e cruzamentos ricaces.

Ó se ocupar da poetización da prosa queiroziana, o escritor galego afirma que a melodía, o ritmo, a homofonía e máis as medidas silábicas da frase e do período son empregadas como axentes acirrantes dun clima de vagas resonancias líricas. Pero conforme avanta na súa carreira literaria, Eça vai poñendo o elemento musical no primeiro plano das súas preocupaciós téinicas. Guerra Da Cal descobre aínda á atención do leitor, outras notas que na obra do novelista portugués se refrexan: Harmonía imitativa, aliteración, repetición como axente lírico, asonancia e máis consonancia, combinación de ritmos métricos e tónicos. Con todo iso próbase que, percurando dar ó seu estilo un ambente lírico, Eça emprega a fondo todo xeito de recursos de índole musical, sin recuar diante do uso de procedementos propios da espresión poética.

O volume que andamos a reseñar remata ocupándose da orixinalidá estilística de Eça de Queiroz. Despóis de ter pescudado o seu autor no corpo lingüístico da obra do escritor que estuda, chega a conclusiós mesmamente ilustrativas: O vocabulario e a sintase, a palabra, a frase e o período, nas mans de Queiroz, gañaron un novo senso, unha nova realidá estética. Ó toque máxico da súa imaxinativa sensibilidá idiomática, o material verbal e as súas combinaciós adequiriron unha vida inédita, inagardada, que tivo o caraiter dun descobremento.

Ernesto Guerra Da Cal pon cabo ó seu lumioso estudo sinalando que o máis cernemente orixinal da persoalidade estilística de Eça é, quizaves, a súa capacidá de absorción; e recalcando, asimade, que o infruxo do seu estilo foi considerábel: En Portugal e máis no Brasil foi o faitor que máis contribuíu a criar a moderna espresión na prosa.

Linguagem e estilo de Eça de Queiroz é un libro todo o imparcial, ouxetivo e completo que o tema esixía. Pero o análise orixinal que o seu autor engade á esposición ouxetiva dos feitos, a interpretación persoal que realiza dacordo coa súa peculiar sensibilidá e atitude estética, valorizan máis o seu contido. O tentudo bagaxe cultural de Guerra Da Cal e as súas finas dotes de penetración e perspicacia, revelan aduviñaciós e hachados que poñen ben ás craras á súa intelixencia crítica.

Estamos, sin dúbida, frente da obra máis lograda que se ten feito deica agora sobre o que constitúe un dos aspeitos fundamentás da obra de Eça: o do seu estilo.

SALVADOR LORENZANA

CONTOS PRA NENOS, por Laureano Prieto [1]

A literaturia infantil contaba cunha tradición limitadísima no campo das letras galegas. En maio de 1922, Ramón Cabanillas intentóu unha revista infantil, "As Roladas", que pubricóu sólo dous números. Máis fortuna tivo a poesía; Emilio Pita pubricóu as súas "Cantigas pra nenos", que son un engado de ritmo inxel. E nada máis tiñamos. Escluido o galego da escola, decíase, non hai público prá literatura infantil. Agora, nun esforzo espléndido pra crealo, coménzase a pubricación de contos pra nenos. O camiño encetouse ca versión de obras catalanas. O resultado, no que colaboróu a sensibilidade de Xohana Torres cunhas versiós cheas de engado, foi afalagador. Vertéuse despóis ao catalán unha obra orixinalmente creada en galego, "Polo mar van as sardiñas". E agora enceta "Galaxia" a pubricación de obras creadas direitamente na nosa língoa. A literatura oral galega é riquísima en narraciós infantiles, que teñen además a ventaxa de estar axeitadas á psicoloxía do neno galego e referirse a feitos e cousas da súa vida cotián, aos animales do seu entorno, ás súas paisaxes, nunha auténtica proieición espritoal súa. Nesta literatura oral resulta difícil muitas veces distinguir o que é en verdade literatura infantil do que corresponde ao mundo dos adultos. O neno labrego, que vive inxirido na vida dos maiores, nos seus traballos e no seu esforzo dende que é capaz de reflesión, acada unha madurez máis rápida que o neno das cidades, a súa visión do mundo é máis realista, o desplegue da fantasía máis contido e cinguido á realidade inmediata. Compre a laboura dun pedagogo que escolme nesta viva e abondosa literatura oral, a depure e lla ofreza aos pequenos galegos máis coidada sin que perda nembargantes o seu engado. E, riba de todo, mantendo a referencia ao mundo no que se moven os nenos. En Galicia a inxirencia do agro na cidade é muito máis viva e permanente que noutras terras de poboación dominantemente urbana. En Barcelona ou en Madrid, os dous focos cáseque únicos de creación da literatura infantil, o neno vive cáseque sin relación ca natureza. Pódese dar o caso, por min comprobado, dun neno que aos oito anos non vira nunca unha galiña nin máis boscos que os peiteados pola man dos xardiñeiros municipales. Era pois preciso crear una literatura infantil que partira da nosa situación, da presencia vivificante do mundo rural galego. Laureano Prieto conqueríuno admirablemente nestes contos.

Imos ver o comezo dun deles, "A cocha i o Lobo": "Non mui lonxe do pobo habia un rigueiro cunha lama á beira que era a ledicia dos cochos do lugar. Elí *fozaban, embuligábanse, brincaban* uns cos outros, e tamén triscaban unhas herbiñas ou roían algunha raiciña que atopaban nas súas fozadelas...". Todo resulta pra o neno, coñecido, ouservado. Outro, "A raposa e o sapo": "Unha vez era un sapo pequeniño, pequeniño coma un concho que, coidando que xa era mozo, quiso asubir a un lumbeiro; e, pensa que te pensa, maxina que te maxina cóma iba facer, saíu da súa casoupa e marchóu cara un carroucho polo que sabía que pasaba a raposa de cando en cando...". Lingoaxe, escenarios, persoaxes, todo é vivo e real. Sobre eles a fantasía do neno sitúa doadamente a historia, a conforma e a completa. O conto convírtese así nun pretexto pra que o neno recoñeza o seu mundo e adeprenda a miralo cunha visión súa. Outros contos, como "A filla do rei" ou "Pedro Cortizoilo" arrincan da tradición do maravilloso-popular. "Os dous ratos", ten a gracia das vellas insiñanzas afinca-

[1] Editorial Galaxia. Vigo, 1968.

das na máis vella pedagoxía. "Graumillo", é unha delicia tecida sobre un ritmo rosalián.

O aduvío esterior do libro axéitase a maravilla co contido. Moi coidado tipográficamente, con espacios xenerosos; os ringlós coutados facilitan a lectura pra uns nenos forzosamente non afeitos a ler na súa língoa, e, riba de todo, os dibuxos de Virxilio e Trichi, prodixio de ritmo cromático vivo i escintilante, danlle ao neno a presencia de algo seu. É un detalle importantísimo que constitui un acerto a repetir nos libriños que sigan: o vocabulario galego-castelán con que remata o volume. Laureano Prieto escribíu os seus contos nunha língoa ricaz e viva, dunha espontaneidade e ledicia que é un engado; pero os libros, pensados como iniciación á lectura en galego, van dirixidos a nenos que non adeprenden a súa língoa na escola. Esto fai necesario necesario o complemento do vocabulario, moi ben escolmado. Coidamos que con estas ediciós, encétase un camiño cheo de promesas que ha coallar decontado en froito vizoso.

BASILIO LOSADA

LIBRO DE XOB. O ECLESIASTÉS. A CÁNTIGA DAS CÁNTIGAS [1]

A fidelidade de Manuel Casado Nieto á língoa galega non é cousa nova. Alá polos anos trinta tivemos ocasión de ver en Lugo, en poder do pintor Saturno Lois, un libro inédito de poesías galegas que o artista lugués debía ilustrar e que eran da autoría de Casado Nieto, daquela un nome novo nas nosas letras. Daquil primeiro e xa lonxano encontro literario quedounos, xunto co nome, unha impresión de facilidade idiomática pouco frecuente.

Bastantes anos máis tarde, cando empezaba a repetoutear a nosa poesía despóis da abrupta interrupción da guerra civil, de novo batemos co nome de Casado Nieto ó frente dun libro de poemas, "Orballo ispido". Por entón xa era un nome famoso na oratoria forense, ben afianzado nunha relevante posición social e dono dunha sólida influencia política. Con todo, a lealtade á língoa reaparecía co mesmo entusiasmo de antes e, sin dúbida, con desinteresada sinceridade, poisque os tempos aínda eran máis ben foscos pra o cultivo literario do galego.

Pouco despóis comenzóu a saberse que estaba interesado nas traduciós bíblicas ó galego, certamente anos antes de que o Concilio Vaticán II fixese ollecer esa necesidade na conciencia relixiosa de Galicia. Da primeira que tivemos noticia foi de "A Cántiga das Cántigas", por térense ocupado dela os xornás con motivo da súa posta en escea no Centro Gallego de Barcelona (o Cunqueiro, que estivo presente, falounos unha tarde en Coruxo do interesante diste esperimento de "representación" e da gracia inxel da nosa língoa nos labios tremantes da *Sulamitis*).

Agora, o "Centro Gallego" de Barcelona ofrécenos, pulcramente editado, un tomo coas traduciós bíblicas de Casado Nieto. Comprende o "Libro de Xob", "O Eclesiastés" e máis "A Cántiga das Cántigas", todos moi ati-

[1] Versión galega da "Vulgata Latina" e prefacios por Manuel Casado Nieto. Pubricaciós do "Centro Gallego" de Barcelona, 1968.

nadamente escolleitos pra aproveitar as xenuinas aptitudes espresivas da nosa língoa.

Tratándose de traduciós bíblicas, además do problema da calidade literaria da versión teñen que atender moi especialmente ó problema da fidelidade ós textos sagros. Desta fidelidade textual ocúpanse os doutores da Eirexa, niste caso o cóengo compostelán Sr. Precedo Lafuente, que a gabóu sin reservas. Da calidade literaria, xuzgan tódolos lectores, cada un en conformidade cos seus propios gustos.

Ora, seña cal for o gusto de cada un, nestas traduciós de Casado hai características que todos temos que reconocer. Por exemplo: a gran riqueza idiomática i o seguro dominio —a lograda enxebreza— con que está manexada. Evidentemente, Casado Nieto é un gran conocedor da nosa língoa. Quizáis deprendeu moi ben a língoa viva actual alá no seu Castro Caldelas nativo e dela tomaría os segredos sintácticos que tan ben conoce, pro a língoa que eiquí nos ofrece non é o "caldelao" puro e simple, nin moito menos. Trátase dunha língoa culta —cultista mesmo— na que hai, xa de seu, un notable esforzo literario que compre valorar como tal.

Por ser tendencia xeral hoxe en día entre nós seguir o máis posible o galego vivo, oral, popular como base da língoa escrita, estas traduciós de Casado Nieto resaltan pola súa franca e decidída percura dun galego fundamentalmente literario, culto, escolleito. Pódese ter preferencia por unha tendencia ou pola outra de acordo coa sensibilidade ou co criterio persoal, pro esforzos como iste témolos que xuzgar non só dende o punto de vista propio senón tamén dende o punto de vista do seu autor, que niste caso confesa espresamente a súa vontade cultista e que, en todo caso, gana o noso respeito pola diñidade dos seus logros. Casado Nieto soupo acadar un galego moi literario, marcadamente cultista, pro sin deixar de ser un galego "galego". Ten o senso interno do idioma, maisque o adapte, naturalmente, ó seu xeito persoal de espresión, sempre doado á elocuencia.

Pódese discutir si o nobre empaque cultista da versión galega que comentamos "está" na versión orixinal ou si ésta se espresa nunha língoa máis popular e sinxela, ou seña, si a versión galega espresa fielmente o xeito comunicativo do orixinal. Pro, además de que terían que ser os especialistas quenes o dilucidasen, o certo é que discusiós diste tipo tamén serían posibles, seguramente, sobre a mesma tradución latina da Vulgata. Agora que están en marcha as traduciós ó galego dos textos sagros e que poderemos, ó cabo, disfrutar de varias, esta importante contribución de Casado Nieto representa un esforzo positivo e meritorio.

R. PIÑEIRO

EL CONDE DE GONDOMAR. UN AZOR ENTRE OCASOS, por J. M. Castroviejo y F. de P. Fernández de Córdoba [1]

Perdeuse todo ou cáseque todo: o home, a súa enerxía creadora, a súa facenda, a súa estirpe, os quince mil volumes da súa prodixiosa biblioteca. Isto é o primeiro no que ún matina ó ler, pensando en galego, a documen-

[1] Editorial Prensa Española, Madrid, 1967.

tada biografía de don Diego Sarmiento de Acuña, primeiro Conde de Gondomar, firmada polo escritor Xosé María Castroviejo e máis por don Francisco de Paula Fernández de Córdoba, fillo de don Gonzalo Fernández de Córdoba y Quesada, XI Conde de Gondomar.

A leitura de obras dalgún xeito avencelladas á historia de Galicia na Edade Moderna prodúcelle a ún, decote, un certo proído inteleitual i ético. Escocen porque poñen sempre en evidencia, dende as primeiras páxinas, a funesta falsedade do cadro político no que se enxertan as peripecias descritas nelas. Máis aínda cando o relato ten de ensarillar, na mesma madeixa, os aconteceres hispanos i europeos simultáneos dun xeito tan necesariamente enguedellado como é o caso ó tratárese do grande e maquiavélico —calificárono así os ingleses— embaixador de Felipe III na Gran Bretaña. Falsedade nunha perspeitiva interior española. Falsedade tamén nos supostos limiares da política europea dos austrias. Esa dobre falsedade radical convirte o panorama político español do XVII nun lenzo escalazado que non hai xeito de encachar, un caos demencial no que o único esquema lóxico capás de servir de guieiro pra o comprendéremos e artelláremos nun orde inteleitualmente siñificativo tería de arraizar na irrealidade sociopolítica de aquela España, e seguir o fío da inversión dalgúns valores, a irta mitificación dalgúns outros, e o esfarelamento dos máis.

Así acontece que o intelixente, culto, irónico e sobranceiro conde de Gondomar sucumbe nun ardido labor estéril, vítima das moi evidentes contradicións latexantes na súa propia persoalidade —contradicións que non son outra cousa que o refrexo das mesmas contradicións fundamentás da sociedade na que vive e á que pretende servir de boa lei. Don Diego Sarmiento nace en Gondomar, críase en Galicia, fórxase na defensa da nosa beiramar contra Drake, casa na Corte, alonxa ós seus fillos do lar ancestral, quéimase nunha angueira diplomática de gran folgo que o seu rei español non apreciará e que Uceda e, despóis, Olivares botarán a perder, leva a súa biblioteca pra Valladolid, gasta as rendas pagadas polos labregos do val Miñor, Rivas de Miño e Tebra en soster a embaixada en Londres a un nivel que a Facenda española —sempre sin cadela, xa entón, a forza de "saraos" naturalmente— non dá coberto, mantén lealtade a un Lerma en desgracia que tampouco fixera moito caso dos seus lucidíos consellos cando estaba no poder, morre como un viaxante, perto de Haro, e dispón que o enterren en San Benito el Biexo de Vallodolid. É, ben se ve, unha peripecia disparatada, desconcertante, que ergue nún ise desacougo que enxendran as realidades incongruentes, ante as que ún perde pé, coma nos tesóns incertos dos nosos esteiros.

Isto é así ante as mesmas liñas cardinás da biografía do Conde de Gondomar. Se nos mergullamos na descrición que, moi polo miudo, e apoiada paso a paso na farturenta correspondencia de Don Diego, fan os dous biógrafos seus niste libro, daquela o desacougo medra e xurde a irritación. Ún non se afai a asimilar sin alporizamento as contradicións nas que o home Gondomar se nos amostra a cada reviravolta do seu camiño pola vida, as falsas situacións nas que vai queimando a súa inaudita enerxía persoal, os seus recursos sicolóxicos tan modélicamente galegos, o seu afiado talento. A situación chega a ser grotesca no intre en que Gondomar ten gañada a vontade de Xacobo I, do príncipe de Gales Carlos, e máis do favorito Villiers, conde de Buckingham. Ten a política esterior inglesa na súa man. Trevelyan, o máis caraiterístico formulador dunha "Whig interpretatión" da historia de Inglaterra, dí en obra recente que, naquiles

intres, Xacobo I "somete máis que nunca a política inglesa a Gondomar, o embaixador español" Son, reparemos ben, os intres nos que España axuda ó Emperador a desfacerse do Conde Palatino, xenro do propio Xacobo I. Os intres primeiros da Guera dos Trinta Anos, ós que, gracias a Gondomar, Inglaterra chega co seu poderío naval moi mermado —Don Diego conseguiu facer decapitar en Londres ó propio Sir Walter Releigh. Mais, en troques, na España á que sirve don Diego ten a enemiga de Uceda —denantes aturóu a xordeira marmórea do Lerma— e os seus trunfos diplomáticos en Inglaterra, ausolutamente inauditos, nin se valoran nin se utilizan na corte madrileña. O balance final da obra de don Diego é desolador: esterilidade ausoluta.

A figura de Gondomar é paradigmática da millor nobleza galega na Edade Moderna, arrincada do país, entregada ó servicio das causas perdidas dos austrias, queimada na lealtade a un Estado que era un puro artificio, a un Imperio que non tiña cohesión nin metrópoli dinamizadora das súas potencialidades económicas, a unha política europea reaicionaria a ultranza, contrarreformista e suicida. Iste foi o sino da millor nobleza galega do entón. A restante, a común e máis a ruin, seguíu a ética cortesán. Pra Galicia, pouco máis ou menos, tan nefasta unha nobleza como a outra. Millor dito: tan ausentes as dúas. Ausentes prás entregas. Ben presentes prás recaudacións. Mais a diferencia está en que ó léremos esta acertada biografía do conde de Gondomar, albiscamos qué home de talento se perdeu pra Galicia cando Galicia andaba máis precisada de homes de talento. E a pregunta xurde en nós, perentoria: ¿Qué se lle perdía ó Gondomar na corte española? Pregunta sin resposta que, a bo seguro, se terá feito sin lecer don Diego nos acedos anos da súa prematura vellez. A historia do conde de Gondomar cecais non sexa ó cabo outra cousa que a historia dun gran galego que non se estrenóu.

Galego culto e de gran caletre, que escribía ós seus paisáns na fala nai e que estudaba ós crásicos nas vellas língoas, pro que finxía erros de latín pra facerlle as beiras á vaidade pedante de Xacobo I, que así podía crerse superior nalgunha cousa a aquil estranxeiro que o tiña —deciano os ingleses—"ameigado". Cultura libresca e cultura paisán: o Gondomar sabía esas cousas que non se deprenden nos libros, nin siquera nunha biblioteca de quince mil volumes como a súa. Por certo, ¿sabes, leitor, o qué foi dela? Pois escoita a Castroviejo e F. de Córdoba: "...en 1785, o que entón era Conde de Gondomar, bisneto de don Diego Sarmiento de Sotomayor, chamado don Joaquín Pimentel y Sarmiento, duque de Medina y Rioseco, Marqués de Malpica, de Mancera, de Pobar e de Montalvo, e Conde de Navalmoral e de Melgar, obedecendo a unha indicación ou orde de Carlos III, tivo que ceder esa biblioteca pra constituir, con outros fondos, a de Palacio, chamada 'Particular de Su Majestad'. Oxe áchase repartida antre as de Palacio, a Nacional e a do Aiuntamento de Madrid. Nin siquera a biblioteca voltóu á Terra.

X. M. B.

LOS GALLEGOS EN LA ARGENTINA, por Alberto Vilanova [1]

As historias de Galicia venlles faltando o capítulo adicado á emigración: ós seus feitos e persoalidades, ó infruxo que exerceron nos países

[1] **Ediciones Galicia. Centro Gallego, Buenos Aires, 1966.**

nos que foron acollidas grandes correntes de emigrantes galegos. En xeneral, a emigración constitúe algo así como a quinta provincia de Galicia que descoidan os historiadores, a pesares de que nela, no esteso territorio alleo que a forma, naceron en épocas diversas iniciativas vitás pra o seu impulso cultural e pra o seu mesmo desenrolo social i económico.

Unha parte desa historia galega desenvólvese na Arxentina, o país americán que máis emigrantes galegos absorbéu dende fins do século XVIII e no que tamén influíron, imprimíndolle parcialmente caráiter ó temperamento arxentino, mesturando de palabras galegas a fala corrente dos seus habitantes e facendo populares costumes traguidas de Galicia.

Alberto Vilanova, profesor da Universidade do Sur, en Bahía Blanca, ilustre biógrafo de Curros Enríquez e autor de diversas monografías encol de asuntos históricos, emprendéu fai anos a difícil tarefa de historiar o paso dos galegos pola República Arxentina. Produto diste esforzo son os dous tomos que constitúen a súa obra *Los gallegos en la Argentina*, que abranguen un milleiro e meio de páxinas de libro de grande formato, composto en apertado corpo 10 Bodoni, que publicóu o Centro Gallego de Buenos Aires inxeríndoo nas súas Edicións Galicia. A obra, apenas distribuída dende a súa publicación, ven prologada por don Claudio Sánchez Albornoz, un dos máis importantes historiadores de España, como se sabe, e fai honor ó seu autor, que destaca, en homenaxe a Galicia e a Vilanova, canto deben España e máis América á colonización emigratoria galega.

Vilanova enceta a súa historia cun capítulo bío-bibliográfico adicado a don Manuel Castro López, o primeiro que, a comezos de século, emprincipia iste labor, rasteando arquivos arxentinos e deixándose levar tanto pola súa intuición como por datos atopados. Sigue, logo diste homenaxe, coa reseña dos galegos chegados no século XVI, cos primeiros descobridores e fundadores, pra chegar deica os nosos días, en cuios derradeiros capítulos relata a aitividade galega nos máis diversos aspeitos da sociedade arxentina i en relación con Galicia.

Na obra destacan episodios coleitivos de indudábel trascendencia, as espedicións de colonos saídos da Coruña no último tercio do século XVIII, a defensa de Buenos Aires a comezos do XIX das invasións inglesas, na que influíu decisivamente o Tercio de Galegos, e a participación dístes na independencia arxentina e sudamericá, estudando figuras notables que respondían a ideás en boga na península e que atinguiron efeitividade na América.

Xunto con istes feitos, as numerosas esproracións realizadas por mariños galegos na Patagonia, case os seus únicos esproradores, fundando fortes e cidades, erguendo planos e proieitando iniciativas, e a vida na Arxentina dende o século XVII de centos de galegos ilustres.

Si a Ilustración tivo o seu meirande continxente na península cos asturianos, na Arxentina, i, en xeneral nas colonias americás, os seus representantes proceden de Galicia, inxenieiros e téinicos na súa maoría. Entre os inxenieiros sobresae a figura estraordinaria de Pedro Antonio Cerviño, apenas conocido no seu país natal.

Pero non imos detérmonos en persoalidade algunha. Vilanova estuda na súa espléndida obra, dende médicos e científicos do século XVII que realizaron o seu labor na Arxentina, ate xenerales que acadaron o seu alto grado en loita pola independencia americá e procedentes, algús deles, da

mariña ou do exército español. Tamén estuda a algús táiticos e financieiros, que máis tarde, no século XIX, deciden coa súa aición as loitas internas que se producen na Arxentina pra se consolidar en Estado.

Los gallegos en la Argentina é unha obra moi importante que esixíu de Alberto Vilanova un enorme traballo en arquivos, en bibliotecas oficiás e particulares, de correspondencia, pra historiar a vida de tantas persoalidodes galegas como houbo na Arxentina, de tantos feitos, e que como produto diste estudo, cambean determinadas apreciaciós da súa historia oficial.

Pero, ó noso xuicio, aínda é máis importante o térese iniciado coa súa publicación a historia desa parte considerábel do pobo galego que, emigrada do seu territorio, era soio lembrada á hora dos discursos oficiás nos inúteis congresos de emigración, ou en moitas outras crases de congresos e banquetes. Trátase da historia dunha Galicia abandonada, rexa i emprendedora, que debe seguirse estudando a traveso da súa presencia noutros países americáns.

Ista obra constitúe, pois, un dos meirandes esforzos realizados por un historiador i erudito galego, sin precedentes no tocante ó tema, en Galicia, ou, en todo caso, presente en moi limitadas monografías, e unha das maiores aportaciós á historiografía galega no que vai de século. Ogallá sirva pra que outros investigadores que residen na súa terra revisen en arquivos e bibliotecas tratando de atopar aqueles datos, que temos a seguranza de que esisten, que proban a estreita relación que houbo no século XVIII, no seu derradeiro tercio e nos comezos do XIX, de Galicia co Río de la Plata, influíndo na ideoloxía de quenes proieitaban a independencia distes países americáns. Dende Galicia, onde sabemos que o cónsul inglés Jardine facía circular dende A Coruña libros prohibidos, e dende Londres onde aituaban abondos galegos liberás desterrados, algús dos cales foron autores máis tarde das sonadas "Cartillas", que empregaron nas escolas xeneraciós de americáns, e ás que fixo o debido homenaxe na súa oportunidade Domingo Faustino Sarmiento, o escritor e político tan ademirado por Unamuno.

L. S.

TEATRO GALEGO, por Ramón González Alegre [1]

Recolle este volume cinco pezas do autor: "Farsa dos Veciños", "Un lóstrego na noite", "Xohán Santín", "Farsa de Xohana de Avignon" e "Auto do Virapé".

En "Farsa dos Veciños", o autor quixo levar ó teatro a vida que se desenvolve na "propiedade horizontal" das cidades de hoxe. En realidade, a peza carece verdadeiramente de trama: o autor non se propuxo outra cousa que amostrar, poñer diante do espectador a vida dunha casa de veciños. A peza ten unha orixinalidad técnica que tanto pode ser un acerto como espoñerse a quedarse nun fracaso: a acción decorre simultánea nestas casas de veciños (se non sempre, sí moitas veces) e nós imaxinámonos ós espectadores cos ollos postos nunha casa e máis na outra, atendendo ás conversas duns veciños e, case ó mesmo tempo, ás dos outros. Esta maneira

[1] **Edicións A. B. Vigo, 1968.**

de concebir a escenificación da peza leva ó autor a facer calar a uns persoaxes dunha casa mentras falan os da outra e, ás veces, resultan mutis longos por demáis, ó noso ver. Craro que unha atinada dirección da peza resolve, ou pode resolver, algúns destes supostos incomenentes.

A peza "Un lóstrego na noite", ten intres de verdadeiro pulo dramático e tamén humorístico (ou sarcástico, millor dito). A acción da peza é máis natural que a da "Farsa dos Veciños", anque non o son algunhas situacións e certos contrastes sicolóxicos dos persoaxes. A acción desenrólase no Cebreiro: á palloza onde vive un crego de alí (con un irmán seu, un criado e máis unha rapaza que resulta ser filla do primeiro) chega O ERMITAN, no que se van cumplir as mesmas tentacións e pecados que o crego padeceu e cometeu hai vinte anos coa nai daquela moza que lle chama tío ó seu pai. Á mañán, cando o criado entre na palloza onde decorre a acción, atópase con que nin a rapaza nin O ERMITAN están alí, que se foron pra iniciar xuntos unha nova vida.

"Xohán Santín", que se desenrola na Edade Media, ten certo corte de Auto Sacramental. Semella máis ben un boceto de auto sacramental, pois as curtas esceas que contén non están aínda ben artelladas e avencelladas antre sí. Por exemplo, nunha escea, Xohán Santín, nunha paisaxe de neve, é tentado por unha fermosa muller, A TENTACION. A seguido, Xohán Santín aparece nunha eirexa na compaña dun frade que oficia a misa. Pero entre unha e outra escea non se vé avencellamento algún. Seméllanos, por iso, que esta peza é máis ben un boceto. O mesmo autor pode que pense o mesmo que nós; por algo lle chama "Aición pra un Auto Sacramental".

"Farsa de Xohana de Avignon" desenrólase á veira dunha eirexa do Cebreiro. Alí axúntanse unha manchea de peleríns que van a Compostela a pedir perdón polos seus pecados, pero que fan o camiño pecando todo o que poden. Os diálogos entre Thomas de Bath e Xohana de Avignon teñen verdadeira chispa e moita gracia, ironía e aínda sarcasmo, e hai mesmo esceas desconcertantes como a de Xohana de Avignon cos frades Munio e Dom Goteriz e, despóis, co propio Thomas Bath. Sin dúbida, é esta peza a máis teatral do volume de González Alegre e, tamén, a máis desconcertante polas estranas contraposicións de situacións que poderíamos chamar místico-pecaminosas.

O volume remata co "Auto do Virapé" (Aición pra unha cantata). Máis que unha peza de teatro propiamente dita, é letra pra unha cantata. E, como adevirte o autor, "é realmente, unha peza que non forma parte da unidade teatral diste libro"... "Versos feitos pra ser cantados nunha aición poética musical". E como xustamente é a música o que nos queda por ouvir, non podemos facernos unha idea xusta e cabal do "Auto do Virapé".

González Alegre, galego do Bierzo, tivo sempre unha grande vocación teatral. Que nós seipamos, son estas pezas as primeiras que deu a conocer. O noso teatro, como se sabe, é un dos xéneros máis facareños. E compre que haxa homes con folgos e con talento pra darlle o pulo que agarda.

X. L. F. G.

MARCEL PROUST, por George D. Painter [1]

O *Marcel Proust* de Painter é unha biografía que lle tería gostado a Proust. Polo menos, que o tería adivirtido, e mesmo preocupado. O traballo de Painter é moi complexo, non só porque son moi diversas, i ás vegadas contraditorias, as fontes utilizadas, senón porque un noventa por cento das informaciós recollidas por Painter estaban inéditas.

Painter analiza, niste primeiro volume, o material autobiográfico empregado por Proust cando escribíu *A la Recherche du Temps Perdu*. "Amosaréi —afirma Painter— que é posíbel descobrir e conocer ó por miudo, na vida real de Proust, os acontecementos, lugares, tódolos persoaxes principás, i a maoría dos secundarios, da súa novela...

Os proustiáns, que consideran *A la Recherche du Temps Perdu* coma un "sistema pechado", soio tencionan conocer o siñificado que a obra de Proust ten pra iles. Pro tamén é importante inquirir o siñificado que a novela ten pró seu autor, comprender o especial mensaxe que, por formar parte da súa vida, os diversos persoaxes i episodios trasmitían a Proust, e que, na esencia, non sofriron variación ó facérense materia novelística. Dito doutro xeito, pouco saberá de *A la Recherche* quen soio conoza *A la Recherche*.

A grande preocupación de Painter —e ísto é o que dá fondura e calidade verdadeiramente estraordinaria ó seu traballo— é amosar que *A la Recherche* non somente está "baseada nas esperencias persoás de Proust, senón que pretende ser tamén unha historia simbólica da súa vida": polo cal ocupa un lugar único antre as grandes novelas ,"xa que en puridade non é unha obra de imaxinación, senón unha autobiografía na que o autor levóu a cabo unha laboura de criación".

Si o primeiro, "un lugar único antre as grandes novelas", é certo, xa nono é tanto o segundo, porque autobiografía e obra de imaxinación son perfeitamente compatíbeles. O propio Painter, despoixas de citar a Keats [2], reconocerá que *A la Recherche* si non é unha obra imaxinada "trátase da interpretación da realidade meiante a imaxinación".

O problema é moi complexo, e compriría pra il só un longo ensaio. O propio Painter quere entrar na custión, que é apaixoante, i está no miolo da distinción antre pantasía e imaxinación. "A obra de Proust —dí Painter— constitúe un exemplo de distinción formulada por Wordsworth antre pantasía e imaxinación; é decir, antre a arte que inventa o que endexamáis esistiu i a arte que descobre o siñificado interno do que xa esiste. Somos libres —e nisto Painter aparez coma un goethiano— de considerar que a imaxinación é superior á pantasía, pro nunca poderemos decir que é inferior".

Unha biografía coma ísta de Painter, ten moitos puntos que poden seren discutidos polos proustiáns —unha especie de relixión— pro se non lle poden negar grandes loubanzas.

---

[1] **Biografía. Volumen I. Editorial Lumen. Barcelona, 1967.**

[2] **A frase de Keats: "Toda vida humá merecente de tal nome, non é máis que unha constante alegoría.**

Poderíamos queixármonos de moitos descoidos na tradución ó castelan. Por exemplo: o tradutor emprega a frase "camino de arrastre" cando en castelán son chamados, en toda terra de canles, "camiño de sirga". Proust tiña un conocemento flora, todo il tirado da *Flora* de Bonnier —e non estaba nunca moi seguro do que decía de arbres e frores; véxanse as cartas a Lucien Daudet—: o tradutor comete erros dabondo niste terreo. Outros, máis que erros, son descoidos: Proust estando en Venecia, achégase a Padua, e vai contemplar, na eirexa degli Eremitani, os frescos do Mantegna, que representan a vida e o martirio de Santiago, é decir, de Xacobe o Maior. "É unha das pinturas das que máis gosto", escribíralle a Montesquieu sete anos máis tarde. A lembranza do soldado, soio e pensativo, namentras Xacobe é torturado, aparecerá na memoria de Swann. Pois ben, o tradutor escribe: "el fresco de Mantegna representando la vida de San Jaime". Polo St. James do texto inglés de Painter. E así outros...

PATRICIO MOR

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O día das Letras Galegas vai arraizando na nosa vida cultural. Instituído en 1963 con motivo do centenario da aparición dos "Cantares Gallegos" de Rosalía, o 7 de maio de cada ano o país asume o seu deber de honrar as nosas grandes figuras literarias. No presente ano a figura elexida pola Real Academia Gallega foi o gran escritor, arqueólogo e prehistoriador Floro L. Cuevillas, un dos compoñentes sobranceiros da xeneración Nós.

A Real Academia Gallega reeditóu nesa data o notable traballo científico do Cuevillas A EDADE DO FERRO NA GALIZA, e Galaxia publicóu unha escolma de prosas literarias súas nun folleto tiduado GALICIA SEMPRE.

Na Cruña, a Real Academia Gallega i a Agrupación Cultural "O Facho" orgaizaron un acto de homenaxe a Cuevillas que se celebróu no Circo de Artesáns, no que tomaron parte o Presidente da Academia, o Presidente de "O Facho" e máis o escritor Otero Pedrayo.

A nosa Universidade celebróu o Día das Letras Galegas con un acto no que o profesor Carballo Calero pronuncióu unha conferencia sobre a persoalidade i a obra de Cuevillas e no que tomaron parte estudantes dos cursos de galego. A Srta. Blanca Caamaño i os señores Daniel Pérez e Baltasar Iglesias deron lectura ó diálogo de Cuevillas "Noite na Citania", que a través das voces dos tres lectores acadóu a forza evocadora do pasado como apoio prá rexa fe no futuro que é característica do gran escritor ourensán. Dona Margarida Berguer de Moreno de Orbe recitóu, con tan xentil sinxeleza como fonda emoción, o poema de Bouza Brey "Requiem a Cuevillas".

A "Agrupación Cultural Auriense" celebróu esta xornada con unha Misa en galego, unha ofrenda floral na campa de Cuevillas, unha exposición bibliográfica no Museo ourensán, unha feira do libro galego e unha conferencia sobre Cuevillas a cárrego do académico Xesús Taboada Chivite.

O "Ateneo de Pontevedra" conqueríu que niste día de homenaxe a Cuevillas se dixese en Pontevedra, no Santuario da Virxe Peleriña, unha Misa en língoa galega, a primeira que se dixo naquela vila. E no Salón do Ateneo celebrouse un acto no que, además da apertura da exposición bibliográfica preparada pola entusiasta e sempre admirable dilixencia de Antonio Odriozola, e da audición dunha prosa galega de Cuevillas, o académico Xaquín Lorenzo pronuncióu unha conferencia sobre "Cuevillas: o home, a obra i a esperanza".

A "Agrupación Cultural Viguesa" celebróu no monte do Castro, frente do moimento a Martín Códax, un acto literario, no que —despóis de feita unha ofrenda froral —fixo unha fermosa evocanza de Cuevillas, o poeta Emilio Álvarez Blázquez.

De tarde dixo unha conferencia sobre a figura do prehistoriador ourensán, no local da Agrupación ateigado de público, o que foi seu grande amigo Otero Pedrayo.

Tamén nalgunhas vilas galegas, como Fene e Carballiño, antre outras, festexouse a data con diversos actos conmemorativos.

Coincidindo coa data, además dos traballos do propio Cuevillas editados pola Real Academia Gallega e máis por Galaxia, Ediciós O Castro publicóu un libro de dibuxos do gran artista Seoane e máis a reedición de "Memorias dun neno labrego" de Neira Vilas, Edicións Castrelos sacóu a luz un tomiño de "Epigramas" na coleición O Moucho, Arcadio López-Casanova editóu en Lugo un breve folleto de poemas baixo o título de "Retratos pra tempos de pouca luz", e Galaxia lanzóu a segunda edición de "Os vellos non deben de namorarse" de Castelao e de "A lus do candil", de Ánxel Fole.

O domingo, día 19 —e como parte da festa das nosas Letras— celebrouse no pobiño de Velle, a uns tres kilómetros de Ourense, a inauguración dun monolito erixido á memoria de Cuevillas, e descobriuse unha placa co seu nome e o da parroquia.

Taboada Chivite glosóu o sifiificado diste homenaxe rendido polo Concello ourensán ó esgrevio mestre. Pechóu o acto con axeitadas palabras o alcalde da cidade.

Posteriormente foi descoberta a lápida dunha nova rúa que leva o nome de Florentino L. Cuevillas. O alcalde Sr. Ferrer Garrido leu a disposición municipal pola que se acordóu iste feito, e Don Ramón Otero Pedrayo pronuncióu unhas emotivas palabras evocadoras.

Tamén o mesmo 19 tivo lugar en Padrón, na casa rosaliana da Matanza, a entrega do "Pedrón de Ouro" ós coengos Sres. Morente i Espiña, e dun pergameo ó Prof. portugués, Santos Junior. Pronuncióu o discurso de ofrecemento o escritor Vidán Torreira, ó que respostaron os homenaxeados.

Con anterioridade f i x o s e unha ofrenda froral diante do moimento a Rosalía, e posteriormente celebrouse un banquete, con nutrida asistencia, en Compostela.

Istes actos puñeron remate ás solenidás que no presente ano se realizaron no país con motivo do "Día das Letras Galegas".

OS PRIMEIROS ANOS DE PICASSO

Moito se leva escrito sobre da traieitoria artística de Pablo Picasso. Fálase dos seus primeiros anos en relación coa pintura. Mencióase moi á lixeira a súa infancia. Vázquez Amaral, por exempro, faino nacer en Cataluña. Outros consiñan correitamente o seu lugar de nacemento (Málaga, 1881), pero trabucan —e ísto é particularmente importante— o lugar e o xeito en que decorreu a súa nenez. Ás veces os errores repítense, a maiores porque, como dixo Cardoza y Aragón, "sobre ningún pintor se ha escrito más en todas las lenguas".

Unha boa parte da infancia de Picasso decorreu en Galicia. O seu pai, don José Ruiz Blasco, fora trasladado dende Málaga á Coruña, como profesor da Escola de Artes e Oficios. A meiados do 1891 —asegún dí Jaime Sabartés en "Picasso, retratos e lembranzas"— chegóu a ista cidade na compañía da súa esposa, doña María Picasso López, e dos seus fillos Pablo, Lola e Concha.

Istaláronse na rúa de Payo Gómez, 14, piso segundo. Don José Ruíz adícase á súa cátedra. Non é home de sociedás nin de casinos. No fogar lé e pinta. Entretense ensinándolle dibuxo e pintura ó seu fillo Pablo; ese mesmo ano iscríbeo no Istituto de Segundo Ensino Da Guarda.

O 17 de setembro do 1892, o neno Pablo Ruíz Picasso, de 11 anos de edá, ingresa na Escola Provincial de Belas Artes, a qué concurríu ate abril do 1895. No seu espediente persoal obra unha certificación de estudos, suscrita por don Isidoro Brocos Gómez, profesor e segredario da dita Escola, na que se pode lér: "Matriculado en el curso de 1892-93, en la asignatura de Dibujo de Adorno; en los exámenes de fin del mismo curso obtuvo la nota de Sobresaliente con accésit; matriculado en el curso de 93-94 en la asignatura de Dibujo y Figura, obtuvo en los exámenes verificados en fin de curso la calificación de Sobresaliente. En el curso de 94-95 se matriculó en la asignatura de Dibujo de Figura (Sec-

ción de yeso) y habiendo solicitado examen por tener que ausentarse de esta población lo sufrió, habiendo obtenido la calificación de Sobresaliente".

O pintor Luís Seoane evoca así a presencia de Picasso na Cruña: "Cando deixa de correte ar á saída do Istituto e regresa á súa casa, pinta pombas; as pombas que o pai sempre ten pra pintar, costume que o fillo herda e que resultan precursoras na súa obra das maxistrais pombas da paz que deseñóu, litografióu e pintóu nistes derradeiros anos. Aduvifiámolo ó saír da crase, ou "latando" algunhas delas, indo a percurar "lorchos", eses peixiños que se entreteñen en pescar os nenos coruñeses antre as rocas das praias de Riazor ou do Orzán, agardando ese domingo onde, con algús compañeiros ou os fillos dalgún amigo do seu pai, entreteríase en erguer muradelas, tamén costume infantil desa cidade, perto da Torre, nos arredores da praia de San Amaro". O propio Picasso manifestoulle a Seoane, en Paris, no 1949, que no calabozo do Istituto coruñés adeprendéu máis que en ningures a dibuxar.

Enumera Seoane algús traballos realizados daquela polo grande artista: un desnudo de home, sentado, curso 1892 a 1893; un torso, un pe e un brazo, tres láminas copiadas do sexo, do curso 1893 a 1894 (o primeiro fírmao "Pablo Ruíz Picasso", e os outros "P. Ruíz"). Además, fai a man un curioso xornal que remesa ós seus parentes de Andalucía. Contén deseños referidos a costumes e feitos coruñeses, con graciosas iscriciós: "Como se bañan las de Betanzos", "Ha empezado el viento y continuará hasta que no haya Coruña", "Cartel de fiesta" (ó pe dun deseño con gaitas e foguetes), "Ha comenzado a llover y seguirá hasta el verano". Ó pe dunha imaxe da Torre de Hércules, pon "Boceto para una torre de caramelo".

Pinta arreo. "La chica de los pies desnudos" e "El hombre de la gorra", apuntan xa como obras de calidá. Fai retratos. Durante algún tempo a súa irmá pequena serviulle de modelo. Gómez de la Serna, en "Ismos", dí que, ó parecer, a primeira esposición de Picasso levouse a cabo no portal dunha paragüeiría coruñesa.

Galicia ten influido, evidentemente, na formación do xenial pintor. Aínda hoxe evoca con agarimo lembranzas entranábeles de aquela infancia. Claude Roy, no limiar do libro de dibuxo "La Guerre et la Paix", consiña algús, contados polo propio artista. E Seoane revélanos o propósito de Picasso de visitar A Coruña e donar ó Concello unha coleición de pequenos óleos pintados na súa primeira época galega.

X. N. V.

O CENTENARIO DE POMPEU FABRA

Cataluña celebra este ano o centenario do nacemento de Pompeu Fabra, o home que sistematizóu a ortografía catalana e fixo posible o desplegue creador da língoa do seu país. Teimudamente, nunha laboura de pacencia i esforzo persoal, conqueríu que as súas "Normes ortográfiques" foran aceptadas en tódolos ámetos da língoa catalana, dende o Rosellón a Alicante. Os precedentes desta tarefa unificadora, tanto o patrocinado pola Academia de Bones Lletres como o de Milá y Fontanals, tiñan fracasado diante do persoalismo dos escritores da Renaixensa, rexos na súa negativa a sacrificar unha sola das súas peculiaridás ortográficas.

No ano 1907 fundouse o Institut d'Estudis Catalans, e fixo da unificación ortográfica o alicerce do seu esforzo. O resultado foi a promulgación das "Normes ortográfiques", en 1913. Apareceron éstas como anónimas, mais pra ninguén era un segredo que Pompeu Fabra fixera sentir na súa redacción o peso da súa autoridade e, sobre todo, os seus coñecementos de romanista esgrevio. Partindo como base da língoa falada en Barcelona, admitíu as formas periféricas que tiñan unha raigaña máis fonda na tradición do catalán escrito medieval e moderno. A súa posición ecléctica contribuíu ao seu ésito inmediato. "Posuíndo xa unha ortografía lóxica e consecuente, moi ben elaborada dende o ponto de vista da téinica lingüística o catalán quedaba colocado no camiño que iba facelo apto pra os máis

varios matices, no camiño que o universalizaría dentro do país e que o internacionalizaría alén das súas fronteiras", dí Badía Margarit.

A obra de Fabra completóuse ca pubricación das "Conversas filológiques", "Qüestions de gramática catalana", o "Diccionari Ortográfic", a "Gramática Catalana" (1918, reeditada con limiar de Joan Coromines, Editorial Teide, 1956), e o "Diccionari General de la Llengua Catalana". Neste 1968, Cataluña enteira rende o seu homaxe ao home que soupo facer da súa língoa instrumento axeitado prá espresión total dunha cultura.

OS CRUCEIROS DO MONTEVIDEO ANTIGO

En "Ediciones del Patronato da Cultura Galega" apareceu o pasado ano un fermoso libriño de Carlos A. Zubillaga Barrera, tiduado "Los cruceiros del Montevideo antiguo".

Zubillaga Barrera entréganos aquí outra vez o froito do seu demorado remexer por arquivos uruguaios en procura de testemuños do vivir dos galegos no seu país.

En Montevideo consérvanse hoxe dous cruceiros galegos. Cómo foron dar alí é o que pescuda Zubillaga nista obra. Que se inicia cun capítulo adicado á orixe e sifiificación dos cruceiros, pra o que usa a bibliografía galega sobre o tema: Castelao, Bernardo Barreiro, Atanasio López e Risco.

Baseándose en documentos gardados no "Archivo General de la Nación" traza a biografía de Xosé e Luís Fernández Bermella, naturáis de Santa María de Amarante, quenes encargaron os cruceiros e os levaron pra Montevideo, cidade á que chegaron nos fins do século XVIII. É a historia de dous galegos, "hombres sin especial relevancia histórica, que no desempeñaron cargos espectables, pero cuya acción social y honda sensibilidad gallega, hemos descubierto en el silencioso diálogo con los viejos papeles de los archivos".

Logo estuda as caraterísticas de ambas as obras e as vicisitús sofridas por elas a traveso dos anos, até chegar ao seu atual emprazamento. O traslado do cruceiro "del Cordón" a un nicho na fachada da igrexa de igual nome e a instalación do outro no Cemiterio Central, a cuio pe está enterrado o corpo dun dos irmaos, coberto por unha lousa que dí: "SEPULCRO/ DE/ D. LUIS FERNANDZ/ NATURAL DE Sta. MARIA /DE AMARANTE/ EN GALICIA/ FALLECIO EL 13 DE/ NOVIEMBRE DE 1838/ A LOS 87 AÑOS DE EDAD/ RIP/.

Istes cruceiros foron tidos até agora como obra catalana e de igual orixe os irmaos Fernández por todos os cronistas montevideanos. Iste traballo, amáis de reflexar a vida dos emigrantes no Uruguai de fins do XVIII e comezos do XIX, ven desfacer sete décadas de erro histórico.

R. P. C.

¿QUÉ É O ESPERPENTO?

No n.º 244 da prestixiosa revista francesa *La Table Ronde*, correspondente ó mes de maio derradeiro, inxírese un interesante traballo de Paul Werrie, tiduado *Qu'est-ce "l'esperpento"?*

Werrie, ó se enfrontar co *esperpento*, como criación, cita ó escritor bretón Jarry, autor de *Ubu-Roi* (1896), como un dos "antecedentes posíbeles do gran galego". O *ubuesco*, escribe, é o que, alén dos Pirineos, se achega máis ó *esperpento*. E formula a pregunta: ¿é traxicomedia?, ¿é farsa tráxica?, ¿é un xénero literario?

A pescuda non foi crarexada de cheo —ó menos ó gosto de todos—, e o libro de Paz-Andrade *La anunciación de Valle-Inclán*, sinala Werrie, volve poñela riba do tapete. ¿De qué se nutre o *esperpento* valleinclanesco? Werrie ocúpase da tesis de Paz-Andrade, trascribe treitos do libro díste: referentes ó humor, ó pensamento político-social cabo do pensamento estético, ó instinto de mistificación que xurde da ialma galega e á resonancia psíquica da imaxe rústico-popular... De remate, o escritor francés compartilla a idea de que o esperpento, se-

gregado dun humorismo peculiar e peninsuar, pero fornecido de seivas aldeás, populares, galegas, non sería pensábel sin o concurso da caste.

Iste esprito galego, e veleiquí a novedade que aporta Paz-Andrade—remata Paul Werrie—está fraguado, na súa raizame humorístico-sarcástica (a de Valle-Inclán) gracias á mistificación. "Valle-Inclán consigue o montaxe definitivo".

NOTAS

TENSE publicado na Inglaterra unha reedición dos primeiros poemas de Thomas S. Eliot (1888-1965). Son composicións que datan dos seus días de colexial e de universitario. Foron axuntadas no 1950 por John Hayward e dadas a conocer nunha edición limitada a doce exemplares, de xeito que ista publicación equival a unha novedá. Contén catorce poemas, reveladores do temperán talento poético do autor de *The Waste Land* (1922), *Ash Wednesday* (1930) e *Four Quartes* (1944), obras que o teñen situado antre os primeiros poetas da Europa. Figuran no libro notas do recopilador, e, además, a coleición conta coa ventaxa de ter sido supervisada polo propio poeta. O tíduo do volume é *Poems written in early youth.*

NO Museu de Arte Moderno da capital da Alemania Federal realizouse unha mostra de grabados de Luís Seoane. Á súa inauguración asistiron persoalidades do mundo artístico e inteleitual de Bonn. A esposición do pintor galego alcanzóu un grande ésito de crítica e público.

EDICIÓNS de Aportació Catalana pubricóu a versión de *La revolution regionaliste* de Robert Lafont, que tanto ésito acadóu na súa edición "de poche" aparecida na coleición "Idées actuelles" da NRF. A versión catalana leva un limiar de Manuel Cruells, que destaca a importancia diste libro no que se espón unha nova dimensión do rexionalismo, encadrado nas tendencias máis evolucionadas e vivas do panorama político europeo. Robert Lafont centra o seu análise na probremática francesa, pero enceta o seu traballo con consideracións xenerales en col do "Colonialismo interior", o "Subdesenrolo rexional", e "Concencia rexional e conciencia histórica".

EN Séte, a cidade francesa situada nas beiras do Mediterráneo, en cuio cemiterio descansan os restos de Paul Valery, estase a costruir un Museu adicado ó poeta. No Museu Municipal esistía xa unha sala consagrada ó autor de *O cemiterio mariño*, fundada por G. Couderc con ouxetos donados pola esposa do grande escritor.

A CASA da Moeda francesa acuñará unha medalla coa efixie da aitriz galega María Casares. Na mesma serie apareceron as figuras de Balzac, Shakespeare, Baudelaire e outras grandes figuras das artes e das letras.

NA coleición "Classics catalans del segle XX" pubricouse o primeiro volume das Obras completas do ensaísta valencián Joan Fuster. Inxírense niste volume, con espléndido adovío editorial, unha serie de ensaios baixo do rubro común de *Llengua, Literatura, Historia*, referentes á relación cultura-sociedade nas épocas medieval e renacentista. A primeira etapa de pubricación distas Obras completas abranguerá oito volumes.

TENSE traducido ó italiano, e foi pubricada por Mondadori, unha escolma de testos fundamentás prá comprensión de James Joyce. Trátase do volume introdutorio ás obras completas diste autor inxeridas na serie "Classici Stranieri Contemporanei", das cales apareceron xa *Ulysses* e fragmentos do *Finnegan's Wake*. En máis de mil páxinas axúntanse testos escollidos antre a abondosa bibliografía joyciana.

A ASOCIACION Arxentina de Fillos de Galegos inicióu en maio os seus cursos de Língoa galega. Istes cursos teñen unha duración de seis meses i están ó coidado de Pilar de Martínez Romero. En forma paralela, Ricardo Palmás Casal dirixirá un cursiño de

tres meses de duración sobre "Poesía e prosa medieval galego-portuguesa.

MANUEL de Pedrolo, o novelista catalán máis fecundo e desconcertante da posguerra, acaba de editar a novela *M'enterro en els fonaments*. Trátase dunha obra apaixoante centrada na problemática universitaria dos nosos días, e nos conflitos antre as xeneracións da guerra e da posguerra. Pra Joaquim Marco, que presenta o libro cun escelente limiar, Pedrolo é o novelista catalán máis importante da nova promoción.

ESCRITA por Arthur Severs pubricouse a biografía de John Ruskin, co tíduo de *The Professor*. Nela lémbrase ó autor de *Sésamo e lirios* e trátanse ó pormiudo algús episodios como a doenza de Ruskin en Matlock, no 1871, e a xira por Italia, no 1872. O interés, do libro arrequécese coas ilustracións que contén.

AFIRMASE que na Unión Soviética as obras de Heinrich Böll acadaron unha tirada de dous millós de exemplares. Böll é un dos millores novelistas alemáns dos derradeiros tempos, e varios dos seus libros foron verquidos a língoas estranxeiras, antre elas a castelá.

NA coleición "Antología catalana", de Edicións 62, de Barcelona, pubricouse a obra teatral de Salvador Espriu *Primera história d'Esther*, con limiar de Joaquim Molas. Dista obra dixo o crtico Joan Teixidor: "Atopámonos diante dun testo definitivo pra comprender o siñificado dunha obra e dun home". Nun inquérito ós máis notables críticos literarios cataláns, ista obra foi escollida como a millor do teatro catalán dos derradeiros trinta anos.

FINOUSE ós noventa e dous anos, a escritora alemana Annette Kolb. Foi unha infadigábel defensora da comprensión antre os pobos, especialmente antre Alemania e Francia. Ó se lle conceder o premio Goethe, no 1955, foi calificada toda a súa obra de "novela de educación europea". A partir do 1945, despóis de se refuxiar en Nova York, estabreceuse en Europa e viviu, alternativamente, en Paris i en Badenweiler.

PUBLICACIÓS
DA
EDITORIAL GALAXIA

NARRACIÓN

CASTELAO: *Cousas*	60	Ptas.
R. OTERO PEDRAYO: *Entre a vendima e a castañeira*	60	"
ÁNXEL FOLE: *A lus do candil*	60	"
ÁLVARO CUNQUEIRO: *Merlín e familia*	60	"
ÁLVARO CUNQUEIRO: *Si o vello Sinbad volvese ás illas*	80	"
ÁLVARO CUNQUEIRO: *Tesouros novos e vellos*	50	"
CAMILO G. SUÁREZ-LLANOS: *Como calquer outro día*	60	"
XOSÉ L. MÉNDEZ FERRÍN: *Arrabaldo do Norte*	50	"
XOSÉ NEIRA VILAS: *Xente no rodicio*	40	"
XOSÉ NEIRA VILAS: *Camiño bretemoso*	50	"
M.ª XOSÉ QUEIZÁN: *A orella no buraco*	40	"
CARLOS CASARES: *Vento ferido*	40	"
V. VÁZQUEZ DIÉGUEZ: *As ponlas baixas*	40	"
CAMILO XOSÉ CELA: *A familia de Pascual Duarte*	40	"
CASTELAO: *Escolma posible*	80	"
VARIOS: *Contos*	25	"

TEATRO

T. M. PLAUTO: *A comedia da oliña*	40	"
XOHANA TORRES: *A outra banda do Iberr*	40	"
X. MARIÑAS DEL VALLE: *A revolta*	50	"
CASTELAO: *Os vellos non deben de namorarse*	45	"
BERNARDINO GRAÑA: *20 mil pesos crime*	40	"

ENSAIO

LA SAUDADE	60	"
PAISAXE E CULTURA	60	"
HOMAXE A FLORENTINO L. CUEVILLAS	70	"
HOMAXE A OTERO PEDRAYO	125	"
CELESTINO F. DE LA VEGA: *O segredo do humor*	60	"
EDUARD SPRÁNGER: *Problemas humáns*	60	"
PRESENCIA DE CURROS Y DOÑA EMILIA	40	"
FLORENTINO L. CUEVILLAS: *Prosas galegas*	80	"
R. OTERO PEDRAYO: *O espello na serán*	100	"
RAMÓN LUGRÍS: *Vicente Risco na cultura galega*	50	"
CUEVILLAS: *Galicia sempre*	15	"

ARTE

PINTURA ACTUAL EN GALICIA	40	Ptas.
LUÍS SEOANE: *Eiroa*	40	"
50 DIBUXOS DE CARLOS MASIDE	500	"
25 DIBUXOS DE COLMEIRO	350	"
GRABADOS DE SEOANE	75	"

XEOGRAFÍA E HISTORIA

R. OTERO PEDRAYO: *Guía de Galicia*	300	"
XESÚS CARRO: *A pelengrinaxe ao Xacobe de Galicia*	100	"
F. E. DE TEJADA: *El Reino de Galicia, I*	200	"
XESÚS FERRO: *A vida i a fala dos devanceiros, I*	200	"
A vida i a fala dos devanceiros, II	400	"
X. R. FERNÁNDEZ-OXEA: *As cartas de Galicia, de Devos*	40	"

LINGUA E LITERATURA

R. CARBALLO CALERO: *Gramática elemental del gallego común*	90	"
R. CARBALLO CALERO: *Historia da Literatura galega contemporánea, I*	400	"
E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*	1.200	"
CANTIGAS D'ESCARNHO E DE MAL DIZER	1.000	"
ANÍBAL OTERO: *Contribución al diccionario gallego*	75	"
RAMÓN PIÑEIRO: *A lingoaxe i as língoas*	30	"
X. L. MÉNDEZ FERRÍN: *Cancioneiro de Pero Meogo*	150	"

LITERATURA INFANTIL

JORGE COTS: *O abeto valente*	70	"
ELISA VIVES: *O globo de papel*	70	"
LAUREANO PRIETO: *Contos pra nenos*	70	"
XOHANA TORRES: *Polo mar van as sardiñas*	35	"
FRANCISCO CANDEL: *Unha nova terra*	35	"
EULALIA VALERI: *Todos os nenos do mundo seremos amigos*	35	"
CONTOS POPULARES: *O lobo e o raposo*	60	"

LITERATURA POPULAR

RAMÓN CABANILLAS: *Antífona da cantiga*	50	"
LAUREANO PRIETO: *Contos vianeses*	50	"

ECONOMÍA

ASPECTOS ECONÓMICOS Y JURÍDICOS DE GALICIA:	40	"
F. J. RÍO BARJA: *Bibliografía económica de Galicia*	80	"
DOMINGO QUIROGA: *La pesca de arrastre en Galicia y sus problemas*	60	"
J. M. FRANCO GARCÍA: *El desarrollo económico de Galicia*	50	"
J. C. PAZ ARES: *Régimen de los llamados montes de vecinos en Galicia*	50	"
J. M. BEIRAS: *El problema del desarrollo en la Galicia rural*	200	"
J. CAMBRE MARIÑO: *Galicia ante el desequilibrio regional de España*	20	"
A. POUSA ANTELO: *Cooperativa de explotación comunitaria pra unha parroquia rural galega*	20	"

POESÍA

X. M.ª Díaz Castro:	*Nimbos*	40 Ptas.
E. Guerra da Cal:	*Río de sonho e tempo*	60 "
X. M.ª Álvarez Blázquez:	*Poesía galega dos séculos XIV ó XIX*	60 "
F. Fernández del Riego:	*Poesía galega contemporánea*	60 "
R. Carballo Calero:	*Versos iñorados ou esquecidos de Pondal*	70 "
M. Curros Enríquez:	*Escolma poética*	15 "
Eduardo Pondal:	*Poemas*	15 "
A. Iglesias Alvariño:	*Nenias*	40 "
R. Carballo Calero:	*Salterio de Fingoy*	40 "
Augusto Casas:	*Alén*	60 "
M. González Garcés:	*Bailada dos anxos*	40 "
Antonio Tovar:	*Arredores*	40 "
M.ª del Carmen Kruckenberg:	*Canaval de ouro*	40 "
Xosé Díaz Jácome:	*Pombal*	40 "
Manuel María:	*Mar Maior*	40 "
Ánxel Sevillano:	*As dornas da preguiza*	40 "
Pura Vázquez:	*A saudade i outros poemas*	40 "
F. Delgado Gurriarán:	*Galicia infinda*	40 "
Tomás Barros:	*Berro diante da morte*	40 "
X. M.ª Castroviejo:	*Tempo de outono e outros poemas*	40 "
Emilio Pita:	*O ronsel verdegal*	40 "
M.ª Manuela Couto Viana:	*Frauta lonxana*	40 "
Anne Marie Morris:	*Voz fuxitiva*	40 "
Augusto Casas:	*Servidume na treva*	40 "
X. M. Arce Valladares:	*Dendo fondo canta o río*	40 "
Bernardino Graña:	*Profecía do mar*	40 "
Arcadio López-Casanova:	*Palabra de honor*	40 "
Salvador García-Bodaño:	*Ao pe de cada hora*	40 "
X. L. Franco Grande:	*Entre o sí e o non*	40 "
Alfredo Conde Cid:	*Mencer de lúas*	40 "

GRIAL

revista galega de cultura

Precios de venda e suscrición

Número solto	60	ptas.
Estranxeiro	75	"
Suscrición anual, 4 números ..	200	"
Estranxeiro	240	"

REDACCION E ADMINISTRACION

Editorial Galaxia—Reconquista, 1 — V i g o

Imp. nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo"
Colón, 30 - Vigo — Dep. Leg.: VG - 99 - 1963

TIP. FARO DE VIGO